

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 68

Sesión plenaria
22 de outubro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Propositions non de lei

4.1 415 (12/PNP-000004)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e oito deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa situación política e social no actual réxime de Nicolás Maduro en Venezuela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 6, do 05.04.2024

4.2 24981 (12/PNP-001982)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas ao aumento da planta xudicial en Galicia, particularmente en materia de violencia sobre a muller, e ao incremento dos cadros de persoal no ámbito da xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197f1, do 14.05.2025

4.3 32641 (12/PNP-002414)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que debe dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa situación dos servizos ferroviarios en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

4.4 33457 (12/PNP-002458)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar co obxectivo de mellorar a situación profesional e laboral do profesorado dos centros públicos de ensino

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 252f1, do 10.09.2025

4.5 34989 (12/PNP-002587)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación dun banco público de alugueiro en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f1, do 08.10.2025

4.6 35542 (12/PNP-002617)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as correccións que debe introducir a Xunta de Galicia nas liñas de axudas aos afectados polos incendios forestais do verán de 2025 nos sectores agrogandeiro e forestal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f1, do 08.10.2025



Punto 5. Interpelacións

5.1 26622 (12/INT-001035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir o desenvolvemento das plantas de biogás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 208f2, do 11.06.2025

5.2 35296 (12/INT-001286)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a política de beneficios fiscais que aplica a Xunta de Galicia, singularmente no ámbito dos impostos de sucesións e doazóns e sobre grandes fortunas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

5.3 35773 (12/INT-001309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre a expansión do eucalipto e o modelo da Xunta de Galicia para a ordenación do monte galego

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 36690 (12/POPX-000057)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a capacidade de resposta aos problemas da cidadanía dos orzamentos de Galicia para 2026

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

6.2 36691 (12/POPX-000058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a postura do Goberno galego en relación coas medidas que facilitan o acceso á vivenda pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 34684 (12/POP-005003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa dotación de profesorado e persoal coidador do CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso, de Noia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f2, do 01.10.2025

7.2 36652 (12/PUP-000154)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a sostibilidade económica das entidades sen ánimo de lucro que están prestando servizos no campo da discapacidade intelectual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

7.3 36637 (12/PUP-000152)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre a materialización da dotación orzamentaria para o desenvolvemento da Lei ELA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

7.4 34050 (12/POP-004899)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre os avances na tramitación do plan estruturante de ordenación de solo empresarial relativo á ampliación do parque empresarial da Sionlla, en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025

7.5 28622 (12/POP-004153)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis

Sobre o balance do Programa galego de detección precoz do cancro de mama desde a súa posta en marcha hai máis de trinta anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 227, do 04.08.2025

7.6 35412 (12/POP-005129)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as actuacións que prevé desenvolver o Goberno galego ante os datos relativos ás listaxes de agarda das distintas áreas sanitarias de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025



7.7 36667 (12/PUP-000155)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria**

Sobre as previsións do Goberno galego ante os últimos datos publicados en relación coas listas de espera no sistema público de saúde, singularmente no referido á contratación de persoal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

7.8 30442 (12/POP-004568)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre a proposta da nova PAC que prevé entrar en vigor a partir do ano 2027

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025

7.9 35691 (12/POP-005162)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre a situación en que están as concentracións parcelarias no concello de Agolada

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 265f2, do 08.10.2025



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a capacidade de resposta aos problemas da cidadanía dos orzamentos de Galicia para 2026. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 12.)

Réplica do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego en relación coas medidas que facilitan o acceso á vivenda. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 21.)

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as correccións que debe introducir a Xunta de Galicia nas liñas de axudas aos afectados polos incendios forestais do verán de 2025 nos sectores agrogandeiro e forestal. (Punto cuarto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 23.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *María del Carmen Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 23.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Montserrat Valcárcel Armesto (BNG).* (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Armando Ojea Bouzo (M)* (Páx. 28.) e *Miguel Ángel Viso Diéguez (P)* (Páx. 31.).

A deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 33.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado José Alberto Pazos Couñago e oito deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa situación política e social no actual réxime de Nicolás Maduro en Venezuela: *aprobado por 41 votos a favor, 24 votos en contra e 9 abstencións.* (Páx. 35.)



Votación dos puntos 1 e 2 do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas ao aumento da planta xudicial en Galicia, particularmente en materia de violencia sobre a muller, e ao incremento dos cadros de persoal no ámbito da Xustiza: *rexeitados por 34 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Votación dos puntos 3 e 4 do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas ao aumento da planta xudicial en Galicia, particularmente en materia de violencia sobre a muller, e ao incremento dos cadros de persoal no ámbito da Xustiza: *aprobados por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa situación dos servizos ferroviarios en Galicia: *aprobada por 65 votos a favor, 9 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar co obxectivo de mellorar a situación profesional e laboral do profesorado dos centros públicos de ensino: *rexeitada por 34 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa dos deputados Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, sobre a demanda ao Goberno galego da creación dun banco público de alugueiro en Galicia: *rexeitada por 9 votos a favor, 40 votos en contra e 25 abstencións.* (Páx. 37.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as correccións que debe introducir a Xunta de Galicia nas liñas de axudas aos afectados polos incendios forestais do verán de 2025 nos sectores agrogandeiro e forestal: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Alteración da orde do día

O presidente anuncia unha alteración da orde do día consistente en adiantar a seguir a formulación da pregunta que figura na orde do día como punto 7.1. (Páx. 37.)



Pregunta das deputadas Rosana Pérez Fernández e María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa dotación de profesorado e persoal coidador do CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso, de Noia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Rosana Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 38.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 38.)

Réplica da autora: *Rosana Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 40.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 40.)

Interpelación do deputado José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir o desenvolvemento das plantas de biogás. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *José Manuel Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 42.)

Resposta da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 45.)

Réplica do autor: *José Manuel Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 48.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 50.)

Interpelación das deputadas Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a política de beneficios fiscais que aplica a Xunta de Galicia, singularmente no ámbito dos impostos de sucesións e doazóns e sobre grandes fortunas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 52.)

Resposta da Xunta: *conselleiro de Facenda e Administración Pública (Miguel Corgos López-Prado)*. (Páx. 55.)

Réplica da autora: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 59.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Facenda e Administración Pública (Miguel Corgos López-Prado)*. (Páx. 61.)

Interpelación da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a expansión do eucalipto e o modelo da Xunta de Galicia para a ordenación do monte galego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Montserrat Valcárcel Armesto (BNG)*. (Páx. 63.)

Resposta da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 65.)

Réplica da autora: *Montserrat Valcárcel Armesto (BNG)*. (Páx. 68.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 70.)



Pregunta das deputadas Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a sostibilidade económica das entidades sen ánimo de lucro que están prestando servizos no campo da discapacidade intelectual. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 72.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 73.)

Réplica da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 74.)

Pregunta da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a materialización da dotación orzamentaria para o desenvolvemento da Lei ELA. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Raquel Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 76.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 76.)

Réplica da autora: *Raquel Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 78.)

Pregunta da deputada Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre os avances na tramitación do plan estruturante de ordenación de solo empresarial relativo á ampliación do parque empresarial da Sionlla, en Santiago de Compostela. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 79.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Economía e Industria (María Jesús Lorenzana Somoza)*. (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Economía e Industria (María Jesús Lorenzana Somoza)*. (Páx. 82.)

Pregunta da deputada María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance do Programa galego de detección precoz do cancro de mama desde a súa posta en marcha hai máis de trinta anos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *María Encarnación Amigo Díaz (P)*. (Páx. 84.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 84.)

Réplica da autora: *María Encarnación Amigo Díaz (P)*. (Páx. 85.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 86.)

Alteración da orde do día

A presidenta (María Elena Candia López) anuncia unha alteración da orde do día consistente no debate acumulado das preguntas referenciadas nos puntos 7.6 e 7.7 da orde do día. (Páx. 87.)



Pregunta das deputadas María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as actuacións que prevé desenvolver o Goberno galego ante os datos relativos ás listaxes de agarda das distintas áreas sanitarias de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta da deputada Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego ante os últimos datos publicados en relación coas listas de espera no sistema público de saúde, singularmente no referido á contratación de persoal. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención das autoras: *María Elena Espinosa Mangana (S) (Páx. 87.) e Iria Carreira Pazos (BNG) (Páx. 88.).*

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño). (Páx. 89.)*

Réplica das autoras: *María Elena Espinosa Mangana (S) (Páx. 91.) e Iria Carreira Pazos (BNG) (Páx. 92.).*

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño). (Páx. 93.)*

Pregunta do deputado Miguel Ángel Viso Diéguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre a proposta da nova PAC que prevé entrar en vigor a partir do ano 2027. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Miguel Ángel Viso Diéguez (P). (Páx. 95.)*

Contestación da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez). (Páx. 95.)*

Réplica do autor: *Miguel Ángel Viso Diéguez (P). (Páx. 97.)*

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez). (Páx. 97.)*

Pregunta da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación en que están as concentracións parcelarias no concello de Agolada. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Ariadna Fernández González (BNG). (Páx. 99.)*

Contestación da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez). (Páx. 99.)*

Réplica da autora: *Ariadna Fernández González (BNG). (Páx. 100.)*

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez). (Páx. 101.)*

Remata a sesión ás tres e sete minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión, co turno de preguntas para resposta oral do presidente.

En primeiro lugar, quero saudar os alumnos de 3º de ESO do Instituto de Valga, que hoxe nos acompañan, e tamén os seus profesores. Benvidos ao Parlamento.

O PRESIDENTE: E comezamos xa coas preguntas para a resposta oral do presidente.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a capacidade de resposta aos problemas da cidadanía dos orzamentos de Galicia para 2026

O PRESIDENTE: Cando queira.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

O Proxecto de orzamentos de Galicia para o ano 2026 contempla, no apartado de exencións fiscais, bonificacións fiscais, unha parte que chega ao redor dos 800 millóns, en concreto 796 millóns de exencións fiscais, de beneficios fiscais, que benefician —ben, non o digo eu, díxoo o seu conselleiro— 115.000 galegos e galegas, isto é, o 4 por cento da poboación do noso país; máis que beneficios fiscais, parecen privilexios para as elites do noso país, sobre todo para aqueles que atesouran unha gran parte do patrimonio en Galicia.

Hai outra partida importante nos orzamentos que é a referida ao que temos que pagar pola débeda pública este ano, 1.858 millóns de euros; unha partida moi importante, máis do que imos investir en atención primaria, máis do que imos investir para toda a política social en Galicia para todos os galegos e galegas. Pero podería ser menos, poderían ser 620 millóns menos nese capítulo se vostede aceptara a condonación que ofrece o Estado dun terzo da débeda pública, 4.010 millóns de euros.

Invítoos ademais a que lle explique a toda a cidadanía de Galicia por que é malo aceptar esa condonación da débeda, 1.858, minorados en 620 millóns este ano.

E con esas dúas grandes cifras os orzamentos aparecen como uns orzamentos sen resolver os principais problemas reais que teñen os galegos e as galegas. Voulle citar fundamentalmente dous.

No capítulo da vivenda pública non satisfán as necesidades deses 22.600 galegas e galegos que están inscritos no Rexistro de Demandantes de Emprego. Invítoos xa non a que explique o que non fixeron durante dezaseis anos, que foi non construír ningunha vivenda pú-



blica, nin o que fixeron con eses 575 millóns desde o ano 2021 ao ano 2025 para facilitar o acceso á vivenda; ou por que non executaron adecuadamente os orzamentos de acceso á vivenda: no ano 2024, a 31 de decembro, o 30 por cento da partida, e este ano, ao 30 de xuño, un 5 por cento na execución desa partida.

Non facilita as solucións inmediatas para hoxe, porque está adiando todo a un futuro, a construción de vivendas para o futuro, e, non obstante, non intervén no momento, no día a día, hoxe que toca, como, por exemplo, a incorporación dunha cantidade importante de vivendas baleiras. Nós propuxémoslle algunha solución alternativa: o Banco Público de Alugueiro. Rexeitouno. Iso permitiría que saíran 5.000 vivendas ao mercado e, por tanto, facilitaría loitar contra un dos problemas que ten a vivenda como é a especulación, que facilita moito a esa gran parte que beneficia vostede fiscalmente.

Na política social soben as partidas da dependencia, porque tamén sobe a aportación do Estado, pero nalgúnhas como as de emerxencia, a solidariedade ou a emigración, a de emigración practicamente desaparece, o cal di moito da súa forma de facer política e de atender ao fenómeno migratorio. Aí xa non hai que contaxiarse con Vox, aí xa vén de serie e do propio ADN.

Por iso, a pregunta que eu lle formulaba no texto, que era se os orzamentos ían dar resposta a algúns dos problemas reais dos cidadáns, eu creo que é máis adecuado reformulala e dicir: ¿a quen lle resolven os problemas estes orzamentos? E xa lle contesto eu: ¿sabe a quen lle resolven os problemas? Ao 4 por cento que beneficia vostede ano tras ano fiscalmente. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, ben, eu aproveito tamén, por suposto, para saudar os alumnos e o resto das persoas que hoxe nos visitan.

Son tantas cousas as que vostede di con tantas inexactitudes, que é moi difícil contestarlle en dous minutos e medio. Se lera os presupostos, probablemente sería todo moito máis sinxelo. Vostede criticounos esta fin de semana e acto seguido reconece que non os coñecía, pero críticaos igual; Besteiro e Partido Socialista de Galicia en estado puro.

Mire, cando os lea, verá que, efectivamente, esas máis de 100.000 persoas beneficiadas polas deducións deste ano, que se engaden a todas as que veñen de antes cando deflactamos os impostos no tramo autonómico para rendas baixas, cando beneficiamos as familias con dous fillos, cando aplicamos un montón de deducións que seguimos mantendo, as deste ano engaden esas persoas porque son de accións específicas, por exemplo, nas transmisións para os enfermos de ELA, que afortunadamente están ao redor de 300 en Galicia e en España seguen sen ter absolutamente ningunha axuda.



Pero, mire, non sei se vostede o sabe —seguramente non o sabe, e, se o sabe, non o vai contar—: o 98,5 por cento das rebaixas fiscais que ten a Xunta de Galicia benefician as rendas medias e baixas, señor Besteiro, medias e baixas. (*Aplausos.*)

En todo caso, eu alégrome moitísimo da súa pregunta e tamén da pregunta que fai a señora Pontón. Pregúntannos por orzamentos e por vivenda. Mire, diferenciámonos de moitas cousas do Goberno do que vostede é presidente do club de fans e o BNG o máximo apoio e o máximo cómplice. Pero se nos distinguimos en algo especialmente é en que nós temos orzamentos e facemos vivendas, (*Aplausos.*) que é exactamente o que non fan vostedes.

Pregúntame se a resposta que imos dar cos orzamento vai ser real. Tan real como que os orzamentos xa o son. Esa é a gran diferenza. Con iso xa tiña feita media pregunta, falando cun socialista que apoia un goberno que di que non ter orzamentos é algo absolutamente normal.

Pero eu quero ir máis alá: é unha bendición que vostede sexa presidente do club de fans de Pedro Sánchez para respostarlle a este tipo de situacións. Agora, dígame unha cousa: ¿vostede de que promoción é de sanchistas? ¿Dos de 2018, que dicían exactamente: «*Un gobierno sin presupuestos es como un coche sin gasolina y un gobierno que no gobierna nada*»? ¿Ou dos do 2025, que din que os orzamentos son imprescindibles, que levalos á aprobación sen poder aprobalos é perder o tempo e que se pode gobernar perfectamente sen eles? ¿Que tipo de Pedro Sánchez apoia vostede, señor Besteiro? (*Aplausos.*)

Mire, os orzamentos de España son tamén os orzamentos de Galicia; por iso nos preocupa tanto que non os haxa e por iso nos condiciona tanto. Os orzamentos son un instrumento dinámico, teñen que adaptarse a cada momento, e non é o mesmo a Galicia nin a España de 2022 que a de agora. Na España de 2022 estabamos pendentes do Mundial de Qatar, era o primeiro Nadal sen mascarillas, a señora Pontón levaba vinte e dous anos nada máis de deputada nese momento, e todo cambiou moitísimo desde entón. E por iso nós aprobamos os orzamentos, e nestes anos é a quinta vez que imos aprobar orzamentos, e o señor Sánchez, o que vostede apoia, non foi capaz de aprobar absolutamente ningún. (*Aplausos.*)

O que en Galicia é normalidade nas comunidades autónomas é excepcional —nalgúñas non, afortunadamente— e en España é imposible. É moi difícil ser coherentes sendo sanchista; ou sexa, que é bo que en España non haxa orzamentos, pero é malísimo que en Galicia os haxa. Non pasa nada por que a presión fiscal en España sexa cada vez máis abafante, pero vostede despreza todas as rebaixas fiscais que nós facemos. Eu xa sei que para vostedes que haxa orzamentos é o de menos, señor Besteiro, pero, xa que os fixemos, polo menos moléstese en lelos, e non dirá os disparates que está dicindo sobre eles —insisto—, recoñecendo que non os coñece, por exemplo, o da execución: 100 por cento executado.

E resulta que, cando falamos de vivenda, falamos ao longo prazo, non facemos vivendas, non as anunciamos o luns e están feitas o mércores. É que niso consiste construír vivenda. Non se preocupe, señor Besteiro, que, cando remate o prazo, o 100 por cento —e máis que nos deran en vivenda— estará absolutamente executado. (*Aplausos.*)



Ao final —e remato xa, señor presidente—, ningunha novidade. Por ano número quince consecutivo presentamos os orzamentos en tempo e forma. Por ano número quince consecutivo o Partido Socialista, esta vez tócalle ao señor Besteiro, a ver quen é o seguinte, que o conserve moito tempo na oposición dicindo os disparates que dixo sobre os orzamentos que nós aprobamos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Ben, coma sempre, falamos doutra cousa; en vez de falar de Galicia e das cifras de aquí, pois falamos doutra cousa. En todo caso, ben, alá vostede.

Non nos explicou se segue na teoría da condonación da débeda, de non aceptala. Non sabemos se xa convenceu gran parte dos galegos e galegas de que é mala a condonación da débeda. E, por tanto, vai conseguir ao final o que se propuxo desde o principio, é dicir, que a condonación da débeda ía ser soamente para Cataluña e non para Galicia. Vaino conseguir, leva camiño diso. Pero, ben, eu creo que é unha enorme irresponsabilidade; en todo caso, é a súa responsabilidade e a miña obrigación é advertilo do erro que vai cometer.

Mire, a Galicia real da que vostede non quere falar é esa Galicia real onde hai 22.600 demandantes de vivenda hoxe, non dentro de dez anos ou dez anos antes. Unha responsabilidade que, por certo, vostede desde ese banco xa o puido facer durante os últimos quince anos —como moi ben di vostede—. Recordáballe o dos orzamentos —que tanto lle gusta recordar de que están operativos desde o 1 de xaneiro— porque despois vemos a execución, ano a ano, das partidas de vivenda e das outras. As dos incendios xa vimos como as executaban vostedes en plena vaga de lumes as partidas dese orzamento aprobado dende 1 de xaneiro.

22.600 demandantes de vivenda, 50.000 que están en espera en sanidade, 349 días de espera para unha resolución de dependencia. Esa é a Galicia real, señor Rueda, e non a que vostede imaxina ou a que traslada durante a fin de semana.

Por certo, fixen unha primeira valoración sobre a valoración que vostede fixo anticipadamente antes de que entraran as contas aquí no Parlamento; ese é o respecto que vostedes teñen tamén por esta institución. En todo caso, responda as cuestións de Galicia e non ao resto.

Eu non vou falar de a que promoción pertenzo, como tampouco lle vou pedir a vostede se pertence á promoción de Pablo Crespo ou non. (*Aplausos.*) Onte, por certo, estivo certamente dicharachero e falou alto e claro no Senado. Por tanto, nese sentido a min o tema das promocións impórtame ben pouco.

En todo caso, debe contestar por que non vai aceptar a condonación da débeda, porque ao final outras comunidades autónomas..., ben, xa sabe que Asturias o vai aceptar, Castela-A Mancha tamén, tan amigo que é de mencionar sempre a cuestión de Page, nesas reunións que teñen



—normais, ademais— entre presidentes autonómicos e nas que parece que non foi capaz de convencelo de que si; pero ao mellor outras comunidades autónomas entran a iso.

Eu creo que debería afrontar o tema con responsabilidade e explicar que é bo que haxa unha condonación da débeda, porque ninguén o entende, señor Rueda, claramente. Eu falo con moitos galegos e galegas e non entenden por que non queremos aceptar a condonación da débeda, por que é malo que se nos condene parte da débeda, por que é malo que nos orzamentos do ano 2026 vaia unha minoración no pago da débeda de 1.858 millóns de euros e pois que haxa 620 millóns menos. Esas cuestións son importantes.

Á xente preocúpanlle os beneficios fiscais. ¿Por que? Porque aos grandes tenedores de patrimonio, que tamén son grandes tenedores de vivenda neste país, favorecen coa súa actitude moitos dos problemas que ten a vivenda, que é principalmente a especulación, que, como xa lle teño lembrado, é contra o que hai que loitar, contra o fenómeno especulativo na vivenda. E, a partir de aí, pois contra o problema da vivenda lóitase desde múltiples frontes, non soamente desde unha; potenciando a rehabilitación, sacando adiante a vivenda baleira, tamén fiscalmente pode facerse algo en relación con todo iso. Pero vostede prefire mirar para unha parte da sociedade, para a parte máis privilexiada, para as elites deste país e non para a inmensa maioría dos cidadáns.

E, por tanto, nese sentido vostede plantexa unhas solucións a través dos orzamentos que creo que non son as axeitadas para este país. E por iso lle pido explicacións, que é a súa obriga ción dalas aquí no Parlamento. E outro día, se quere, monotematicamente falamos do Goberno de España, que non terei ningún problema en falar desa cuestión. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, ¿como que falei doutra cousa? Eu falo de orzamentos, e os orzamentos son un conxunto. E esta intención que ten vostede de dicir que os orzamentos do noso país non inflúen nunha parte do país non a cre ninguén, empezando por vostede mesmo.

Dá igual que España teña orzamentos ou non. A Galicia e ao resto de comunidades dálle exactamente igual. Entón, ¿por que me vén outra vez co recado que lle mandan? Nese si que insiste: a ver se nos convence da condonación.

Resulta que agora vai por aí e os galegos non entenden. ¡Home claro!, é que se vostede lles mente, porque lles mente como —síntoo moito— cando conta unha mentira aquí en sede parlamentaria, cando di que imos aforrar 3.000 millóns, que podemos adicar á sanidade, á educación ou ao que queiramos, e que estamos renunciando, ou sexa, renunciarnos a 3.000 millóns. Agora xa baixou a conta a 600. ¿Dáse conta vostede, señor Besteiro, de como ao final se pillan antes un mentiroso que un coxo?, ¿dáse conta vostede? *(Aplausos.)*



E seguimos debatendo o orzamento sen ningún problema, se vostede quere, señor Besteiro, por suposto, ou de vivenda tamén. ¡Que saque vostede o tema de vivenda co espectáculo que nos deron onte unha vicepresidenta do Goberno dicindo que a ministra de Vivenda non vale absolutamente para nada, e vostedes coa cabeza moi alta e poñendo de exemplo de política de vivenda a política que fai o Goberno de España para contrarrestala coa que fai! Agora falaremos da vivenda na segunda pregunta, pero vostedes van ben servidos tamén aí. Para iso os orzamentos son moi importantes. Insístolle: eu recoméndolle que os lea.

Vostede fixo unhas críticas moito máis alá do que avanzou o Goberno na fin de semana; sen lellos, como sempre, fixo críticas en profundidade duns orzamentos que non coñece. Eu estou seguro de que, cando os lea —outra cousa é que o poida recoñecer—, ten un período de emendas para facer aportacións construtivas se quere, a uns orzamentos que van ser históricos, efectivamente, por moitas cousas, entre elas porque van ter a cantidade máis alta: 14.240 millóns de euros, señor Besteiro. ¿Para que? Para seguir modernizando e reforzando os servizos públicos, señor Besteiro; para fomentar e fornecer o crecemento económico de Galicia, señor Besteiro; para facer apostas de futuro por este país, señor Besteiro; para baixar impostos, impostos que vostede despreza, porque vostede, como sempre, é o recadeiro dun goberno que sempre sobe impostos e nunca os baixa; esa é a enorme diferenza. *(Aplausos.)*

¿Quere que falemos de execución orzamentaria? Falamos tamén. Mire, os orzamentos deste ano teñen que suplir con fondos propios a baixada que hai dos fondos de recuperación. Falamos diso tamén se quere. Mire, 100 por cento dos que lle corresponden a Galicia convocados, case o 90 por cento xa adxudicados. ¿Quere que fagamos unha comparación cos que se reservou o Goberno de España e a oito meses aínda ten nun caixón? 14.000 millóns de euros sen convocar, señor Besteiro, que se van perder, jeh! Se lle parece unha boa comparación para falar de execución, eu encantado.

¿Seguimos falando de orzamento? 160 millóns para dobrar o noso parque público de vivenda, 60 por cento máis que este ano, que xa era unha cifra moi alta. 405 millóns para I+D+i, un 9 por cento máis. 3.000 millóns en educación; nunca acadamos estas cifras. 88 millóns para introducir no sistema da dependencia a xente que valoramos no plan de choque, a pesar do seu recurso e a pesar da oposición do señor Sánchez, que non entendemos e que vostede defende. 800 millóns en rebaixas fiscais.

Podería seguir así; non teño tempo. Se finalmente decide ler os orzamentos, xa verá como todo isto é certo e incluso ao mellor temos a sorte, por unha vez como excepción, de que plantexen algunha alegación construtiva. ¿Que os vote a favor? Non. E estes non pasan por Waterloo, pero, aínda así, non os vai votar a favor. É unha mágoa. Este é o Partido Socialista da oposición.

Mire, eu alégrome moitísimo, cada vez máis, de que, fronte á desorde —e eu rebélome, e rebélase este grupo e moitísimos galegos contra o que nos queren facer, o que nos queren impoñer de que é normal non ter orzamentos—, isto sexa unha illa de sentidiño e de salvagarda da seguridade económica dos galegos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura do Goberno galego en relación coas medidas que facilitan o acceso á vivenda

O PRESIDENTE: Cando queira.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rueda, non sei se coñece a serie *A arquitecta*. Eu, se non a coñece, recoméndolla, porque fala das consecuencias que ten converter a vivenda nun ben de luxo.

E precisamente unha desas consecuencias é que se fan propostas disparatadas, como podemos ver nesta serie, onde queren converter prazas de garaxe que están abandonadas en miniapartamentos. Cambiemos prazas de garaxe abandonadas por baixos comerciais vellos e teremos a súa última ocorrencia en materia de vivenda: que os galegos e galegas vivan en baixos que ninguén quere.

En Galiza hai 90.000, 90.000 pisos baleiros, señor Rueda, só falando das grandes cidades; pisos que están construídos, con infraestruturas, con servizos, con habitabilidade; pisos que se poden comprar, rehabilitar e poñer ao servizo dunha cidadanía que cada vez ten un maior problema para acceder á vivenda, e facelo a prezos que a xente poida pagar.

Pero, neste país, que ten 90.000 pisos baleiros, o señor Rueda propón que os galegos e galegas vivan en baixos comerciais que levan anos abandonados porque ninguén os quere.

E eu quero facerlle unha pregunta, señor Rueda: ¿viviría vostede nun deses baixos? ¿Si? ¿Non? Mire, eu non sei a que intereses obedece esta ocorrencia, pero desde logo non obedece ao interese e ao dereito dos galegos e das galegas a ter unha vivenda digna.

Porque, mire, se ese fora o obxectivo, vostede estaría anunciando neste Parlamento que vai poñer en marcha un programa de compra pública de vivenda baleira para destinala ao alugueiro e estaría anunciando que a Xunta de Galiza vai mercar todos os pisos protexidos que se poñan en venda exercendo o seu dereito de tanteo e retracto. Isto é o que estaría facendo, en lugar de rebaixar a calidade do que se supón que é unha vivenda digna.

Converter os baixos comerciais en alugueiro social é mandar unha mensaxe moi perigosa. É dicirlle á xente que quen poida pagalo ten dereito a unha vivenda e quen non, ten que conformarse con vivir nun baixo.

Mire, señor Rueda, o seu Goberno é parte do problema. É parte do problema porque leva dezaseis anos dinamitando a política social de vivenda. É parte do problema porque se negan a limitar o prezo do alugueiro, porque vostedes prefiren defender o negocio duns poucos



que o dereito da maioría a ter unha vivenda digna. E é parte do problema porque boicotea medidas como a declaración de zona tensionada, como é no caso de Santiago; unha auténtica vergoña. E todo, señor Rueda, para dicirlle «si, bwana» ao Partido Popular de Madrid, que lles manda directrices tamén moi claras neste sentido.

Eu hoxe preguntolle se vostede vai seguir sendo parte do problema coa súa propaganda, coas súas ocorrencias e co seu boicot, ou se realmente vai tomar medidas eficaces para atender a urxencia habitacional que hai neste país. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, vostede nunca decepciona, a verdade. Agora resulta que a batalla vai ser contra os baixos que se poden habilitar como vivendas. ¡Oia!, pois é unha opción máis. A vostede dálle igual. ¡Que lle vou contar que ten que cumprir unhas normas de habitabilidade, o código técnico de edificación, todas esas cousas, como se está facendo en moitísimos sitios! Baixos que ninguén quere. Si, ninguén os quere para baixos comerciais e, polo tanto, se teñen posibilidades cumprindo, poden ser unha opción. Pero toda esa xente que o estaba considerando como opción xa está condenada polo BNG. *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Silencio.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Vostede decidiu que non poden vivir niso e que os concellos que están dando licenzas, con exixencias —por suposto— de habitabilidade, non poden considerar iso como unha opción máis en ningún caso.

Mire, se quere que falemos de minipisos ou de contedores transformados en vivenda, teñen aquí os especialistas, ¡eh!, os seus socios de goberno, que o intentaron varias veces. A nós non nos fale diso, que nós non imos por aí. Temos unha excelente calidade na vivenda social que estamos facendo.

Si, por suposto, buscamos alternativas. Xa sei que hai moitos propietarios con moitos pisos, algúns deles son do BNG tamén, ¡eh! Pero, claro, os do BNG non o sei, ao mellor tamén, desde logo hai moitos, a min cónstame, igual que a vostede, que están asustados polas cousas que vostedes din, e, polo tanto, non saen ao mercado de alugueiro. Porque cando se fai unha política de vivenda baseada na demagogia, no populismo, na ineficacia, os propietarios loxicamente bótanse para atrás porque queren seguridade xurídica. *(Aplausos.)*

Agora tamén son fascistas todos os que alugan un baixo para vivenda, os que teñen pisos e non os poñen en alugueiro. É o de sempre co BNG.



Pregúntame vostede —ao final fixo a pregunta— se imos seguir boicoteando. Pregúntame vostede esta semana, que volvemos saber o que xa era un segredo —nin sequera un segredo porque, desde logo, dicíase a voces— de que os que mandan de verdade no seu partido xa dixeron que a única maneira de intentar, non volver, senón chegar ao poder nalgún momento pois é a algarada. Dicíallo o outro día e molestáballes moito, pero é o que din eles: a tensión na rúa, a mobilización.

E vostede fáleme de boicot. Mire, obstruír, destruír é o que fan vostedes, e, á parte, anúncian e enorgullécense. Nós construímos e cumprimos e duplicaremos o parque de vivendas nesta lexislatura. *(Aplausos.)*

E os que queiran colaborar con nós, benvidos; afortunadamente en moitos concellos, tamén do Bloque. O alcalde de Pontevedra acaba de dicir que está satisfeito cos orzamentos e coa política de vivenda que estamos facendo, colabora. Entende que é mellor servir aos veciños que ser un soldadiño da UPG. ¡Que pena que non tome vostede exemplo, señora Pontón!, porque así é como se traballa e así é como se fan as cousas.

Ponme exemplos, e fala do Goberno municipal de Santiago. ¡Oia!, é que é o único goberno que, primeiro, a eses tan deostados promotores privados lles ofreceu os terreos e o que non conseguiu vender, porque non lles valía, eses que faga pisos a Xunta de Galicia para os veciños de Santiago. Queda como prato de segunda mesa. E se hai que ter un evanxeo e todo isto a verdade hai que buscala en Idealista. ¡Viva a iniciativa privada por encima do público, señora Pontón! *(Aplausos.)*

Mire, nós imos seguir coa nosa folla de ruta, que é darlles facilidades aos galegos, construír vivendas, dobrar o parque público, colaborar cos promotores para que fagan vivenda social.

Falábame do dereito de tanteo e retracto. Está nos orzamentos deste ano, nótase que..., xa leva á súa disposición dous días a Lei de acompañamento, aínda non a leu.

Imos facer pouca demagogia e moita eficacia. Alá vostedes se seguen con esas consignas. Agora hai que tomar nota de que a súa batalla vai ser contra os baixos comerciais transformados en vivenda. ¡Moi ben!, pois que o saiba todo o mundo e cando teñan as condicións axeitadas e voluntariamente alguén queira facelo, porque é unha opción que está cada vez máis estendida en todas as cidades de España e nos países europeos, acordarase...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

O PRESIDENTE DA XUNTA (Alfonso Rueda Valenzuela): ...de que aquí hai un Bloque de sempre, un Bloque do «non», que agora é un «non» ata nos baixos comerciais; o Bloque por antonomasia, o Bloque á disposición de todo mundo para o dogma e a falta de eficacia. Nós, afortunadamente, somos todo o contrario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.



Réplica, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, a verdade é que vostede nunca defrauda nas sesións de control. Cada vez que hai un problema a culpa nunca é do Goberno galego. Agora a culpa do problema da vivenda é do BNG. Señor Rueda, ¡por favor!, un pouco de seriedade, que estamos falando do principal problema que hoxe teñen os galegos e as galegas.

E, ¡como non!, sesión de control tras sesión de control, vostede vén aquí repetir as mesmas teimas. Hoxe volveuno facer na pregunta anterior, volveu criticar e dicir que lle molesta moito que eu sexa deputada. Di que levo moito tempo sendo deputada, e dío o señor Rueda, que leva máis de trinta anos subido no coche oficial. *(Aplausos.)*

Mire, señor Rueda, vostede xa era presidente de Novas Xeracións cando o señor Pablo Crespo repartía sobres en B *(Murmurios.)* dentro do Partido Popular. Fíxese o que dicía onte: Pablo Crespo ratifícase en que no PPdeG había financiamento ilegal e el mesmo repartiu sobresoldos en B. E aí estaba vostede xa no aparato do Partido Popular. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Vén tamén dicirnos que están moi preocupados polas mobilizacións. Ao PP non lles gustan as mobilizacións, excepto as que convocan eles. Claro, manifestarse en contra do galego, ir á praza de Colón con todo o facherío español, como fixo vostede, señor Rueda, iso son mobilizacións boas. ¡Ah!, agora ben, mobilizarse para defender a lingua galega, para denunciar os seus recortes na sanidade ou para dicir «non» a Altri, iso para o Partido Popular e para o señor Rueda está mal. Era o que nos faltaba: o Partido Popular dando leccións de quen son bos e malos manifestantes. *(Aplausos.)* Señor Rueda, ¡menudo papelón!

Pero mire, fronte ás súas ocorrencias de que os galegos e galegas vivan en baixos comerciais, o BNG ten propostas. E hai unha cousa que aínda non nos contestou, señor Rueda: ¿vostede quere vivir nun deses baixos comerciais que ninguén quere? ¿En quen está pensando cando fai esa proposta? ¿Na xente que necesita unha vivenda ou en quen ten un baixo en alugueiro que non pode alugar? ¿En quen pensa, señor Rueda? ¿Quere vostede vivir nun deses baixos?

Mire, fronte ás súas ocorrencias, nós xa lle dicimos que temos propostas, e levámolas adiante cando tivemos responsabilidades de goberno. Porque miren, vostedes están rebaixando as normas de habitabilidade. É que co BNG o que se fixo foi mellorar as condicións de habitabilidade nos pisos, *(Aplausos.)*, non minipisos, senón pisos dignos para todo o mundo.

Mire, señor Rueda, deixámoslle aquí tres propostas moi claras, porque a xente deste país o que quere non é propaganda porque si, é que coa propaganda vostedes non é que leven 4.000 pisos, xa levarán 10.000; anuncios e anuncios, pero, logo, ¿cal é a execución dos seus orzamentos? No que levamos de semestre deste ano, o programa de acceso á vivenda, no primeiro semestre deste ano, tivo unha execución do 5 por cento, señor Rueda. Eses son feitos e non a súa propaganda.

E nós o que lles dicimos é que non trate as persoas como se tiveran que renunciar a ter unha vivenda digna simplemente porque hai unha crise habitacional. A xente ten dereito a unha vivenda digna. Poña en marcha...



O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ...un plan de compra masiva de vivenda para poñela en alugueiro, para darlle alugueiros á xente que realmente ao día de hoxe non pode pagar esa vivenda. Compre toda a vivenda pública protexida que se poña á venda, exercendo ese dereito, porque xa o podían ter exercido durante todos estes anos e non o fixeron, señor Rueda.

E deixe de boicotear as declaracións de zonas tensionadas, porque é vostede quen ten que facer ese traballo e non cargarlles aos concellos e por riba boicotear a quen está facendo o traballo que non está facendo a Xunta.

O PRESIDENTE: Grazas.

Remate, por favor.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, os galegos e galegas non queren vivir en baixos, queren vivir en pisos dignos, exactamente igual que vostede. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA (Alfonso Rueda Valenzuela): Señora Pontón, en serio, ¿de verdade que a súa gran aportación a todo isto é dicir que eu estaba en Novas Xeracións cando Pablo Crespo era secretario de organización do PP? Moi ben, señora Pontón, ¡menudos argumentos! É igual que o do facherío. Mire, non se equivoque, eu estou encantado de que vostede sexa deputada, ¡eh!, de vela sempre dende o Goberno, vostede na oposición, tantísimos anos, estou encantado, encantado. *(Aplausos.)* ¡Home!, é un pouco repetitivo, porque nós aquí imos cambiando de postos no Goberno, vostede sempre está aí, cunha característica común; e non é faltarlle ao respecto, é dicir a verdade, é unha evidencia. Se manexase, ademais, un euro público, entón lóxicamente poderíase dicir: non ten por que saber; debería saber a estas alturas, dedícase a isto, cobra como deputada.

Cando fala, por exemplo, de execución, entón, ¿que pasa? Mire, as primeiras vivendas que se van poñer á disposición eu agardo que sexan —gustaríame moito— na miña cidade, no concello de Pontevedra, o ano que vén á disposición, en alugueiro e en venda social.

Claro, se temos orzamentos para construír edificios, é lóxico que, mentres non se vaian construíndo, non se vaian consumindo. Entón, se este ano temos unha sobreexecución, porque estamos rematando, ¿que pasa? ¿É que fixemos as cousas magnificamente e fixemos moi mal o ano pasado porque non esgotamos todo o orzamento que había para facer o edificio, porque o edificio aínda non estaba feito? Isto é así, señora Pontón. Pero darlle clases aquí na pregunta nin teño por que nin quero, sinceramente non creo que me corresponda; agora, vexo que as necesita un pouco e que fala disto sen ter demasiado coñecemento, iso tamén é verdade. *(Aplausos.)*



Dálle..., volveu á carga cos baixos comerciais, ten esa teima, esa hai que apuntala e supoño que volveremos ver máis episodios. Mire, un xornal galego: «*Conceden la licencia en Santiago para cambiar un bajo comercial vacío por una vivienda de cinco dormitorios*». (Murmurios.) ¿Que pasa? ¿Que como é Santiago non é infravivenda e o resto si, señora Pontón? ¿Dáse conta vostede, dáse conta vostede, señora Pontón? (Aplausos.) E, como estes, un montón de exemplos.

Eu xa sei que a nosa máxima responsabilidade é facer vivendas. Por iso imos dobrar o parque público feito directamente pola Xunta de Galicia, de 4.000 a 8.000, xa o verá e xa irá vendo como avanza as execucións, e se o Goberno de España non estivera ocupado pelexándose consigo mesmo, descualificando unha parte do Goberno a ministra de Vivenda e o presidente sen defendela, por certo, o presidente do Goberno, pois teríamos máis cartos se houbera máis colaboración.

Vostede, o que lle digo sempre: tan brava aquí e tan falta de información, moitas veces, e tan mansos en Madrid. O outro día ao presidente do Goberno por vivenda non lle preguntaron absolutamente nada. Non, non, eles non teñen competencias, o ministerio non vale para nada. ¡Oia!, pois pregúntelle por esas 180.000 vivendas que prometeu a última vez, cantas tocan a Galicia, iso a vostede non lle interesa. Pregúntelle por que non aceptan o noso ofrecemento de que nos cedan as vivendas da Sareb para nós convertelas en vivenda social; iso non o preguntan. Pregúntelle por que a colaboración cos concellos, ao contrario do que pasa coa Xunta de Galicia, con moitos concellos tamén do Partido Socialista e do BNG, a colaboración do Estado é absolutamente nula. Pregúntelle por que todas esas baixadas, esas rebaixas fiscais que prometeron para facer vivenda a día de hoxe están como o primeiro día, absolutamente inexistentes.

Todas esas cousas non llas van preguntar, señora Pontón, porque nós xa sabemos de que vai todo isto. É protestar fronte á evidencia de que a vivenda é un proxecto estrela deste goberno e o imos cumprir. (Aplausos.) Porque os concellos a demandan e o do Bloque é a demagogia, asustar os propietarios e ofrecer inseguridade xurídica.

Mire, son tantas as medidas en materia de vivenda no orzamento —non me dá tempo, é probable que o presidente me diga que se me esgota o tempo— que eu lle recomendo o mesmo que ao señor Besteiro: lean os orzamentos, polo menos; tomen esa molestia, xa non por respecto a nós, senón aos técnicos que os elaboraron baixo as nosas directrices, e darase conta de que traballamos.

Mire, nós temos realidades. O Goberno de España pon pelexas no Ministerio de Vivenda e telefonistas para atender á xente, e vivendas non fan ningunha. Vostedes poñen as pancartas, efectivamente, mobilizacións, niso son especialistas, en tensión, e nada máis, e nós construimos casas.

Señora Pontón, eu diríalle que, con todo isto que está dicindo, con esa información que lle subministran, debería cesar o seu conselleiro ou conselleira —non sei moi ben o que é— de Vivenda no seu Goberno na sombra. O malo é que non sei quen é, pero o peor é que vostede tampouco.



Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, proposicións.

Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa de María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as correccións que debe introducir a Xunta de Galicia nas liñas de axudas aos afectados polos incendios forestais do verán de 2025 nos sectores agrogandeiro e forestal

O PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Secundino Fernández Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir na parte resolutiva catro novos puntos, co seguinte texto:

«9. Eliminar a excesiva burocracia de xeito que cunha simple declaración previa e vinculante sexa suficiente para a solicitude, e que todos os damnificados podan facer a solicitude de forma presencial.

10. Contemplar o lucro cesante para todas as explotacións.

11. Incrementar as axudas de forma que non haxa topes para que todos os solicitantes podan recibir unha axuda que compense as súas perdas en todo tipo producións e de explotacións agrogandeiras e forestais.

12. Eliminar o límite orzamentario, de xeito que todos os solicitantes poidan recibir a axuda polos danos causados pola vaga de incendios do 2025.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Bos días a todos e a todas.

Grazas, presidente.

A vaga de lumes deste ano en Galicia deixou tras de si pois unha situación devastadora no rural galego: miles de persoas afectadas, explotacións agrogandeiras destruídas, viñedos e soutos centenarios calcinados, superficies de pastoreo perdidas, un sector apícola que durante anos carecerá de zonas de floración suficientes para alimentar as colmeas. As consecuencias económicas, sociais e ambientais son gravísimas e requiren unha resposta á altura.



Detrás das cifras hai vidas, proxectos e aldeas que sentiron que a Xunta non estivo cando máis se precisaba.

Tras esta vaga de lumes, o Goberno galego aprobou o Decreto 76/2025 e oito ordes de axuda. Pero a realidade, señorías, é terca: son insuficientes, inxustas e cargadas de burocracia. Non o dicimos nós; dino os gandeiros, que non chegan a fin de mes; dino as adegas, que quedaron sen uva; dino os produtores de castaña, que contan perdas plurianuais, mentres as axudas miran só un anaco do problema.

O Partido Popular, o Goberno galego, prometeu axilidade e eficacia e o que atopamos foi un entramado disperso, prazos imposibles, tramitación telemática excluín-te, ausencia real de lucro cesante e límites que non responden á dimensión dos danos. Un mes para solicitar, logo ampliado outro mes; ¡vaia!, como se nun contexto de perda total se puidese en trinta ou sesenta días peritar, reunir a documentación, buscar asesoramento e presentar unha solicitude impecable. E, ademais, unha mensaxe respecto dos seguros privados. Quen se asegurou é penalizado, que non recibe a axuda íntegra. Con este criterio desincentívase a prudencia e o risco responsable, e cómpre corrixilo.

Por iso, traemos hoxe os socialistas e as socialistas, de novo, unha defensa clara e construtiva de novas propostas, medidas concretas para que o rural galego non quede abandonado despois do lume.

Primeiro, diferenciar entre autoconsumo e profesionais do Reaga, con discriminación positiva. Se de verdade queremos profesionalizar o sector, as axudas deben distinguir entre quen produce para o autoconsumo e quen sostén o tecido produtivo, rexistrado no Reaga. As explotacións profesionais son emprego, fiscalidade regular, investimento e futuro. Sen discriminación positiva, condenamos á fragilidade as explotacións que cumpren as regras. Pedimos pois que os baremos, as intensidades de axuda e os topes recoñezan explicitamente esta diferenza. Quero deixar claro que cando falamos de discriminación positiva a favor das explotacións profesionais non estamos en absoluto desprezando nin minusvalorando o papel das pequenas explotacións familiares e de autoconsumo, que son parte esencial da economía rural, do equilibrio territorial e da cultura agraria galega. O que propoñemos é aplicar un principio de xustiza e proporcionalidade: quen vive exclusivamente da actividade agraria, está dado de alta no Reaga, cotiza, paga impostos e mantén emprego, ten obrigas e riscos diferentes, e é lóxico que tamén teña un tratamento diferenciado nas axudas. As explotacións profesionais —como dicía— sosteñen o tecido produtivo e xeran emprego, innovación e futuro. Por iso, pedimos que os baremos, as intensidades de axudas e os topes recoñezan especificamente esa diferenza.

En segundo lugar, queremos revisar e ampliar o tope de 15.000 euros para a alimentación do gando, adaptándoo á realidade produtiva. Nun titular, 15.000 euros poden parecer moito, pero, na práctica, para unha explotación media ou grande non chegan. O criterio debe ser obxectivo e proporcional: número de cabezas, tipo de raza, necesidades alimentarias por ciclo, custos de mercado e tempo real de reposición dos pastos. Propomos, por exemplo, un módulo flexible, verificable e revisable que impida o abuso pero cubra a necesidade real.



En terceiro lugar, hai que estender a duración das axudas de alimentación máis alá dos seis meses, porque os pastos non obedecen o *DOG*. A recuperación depende da chuvia, da temperatura, do manexo do solo e do dano erosivo. Limitalas a seis meses é negar a evidencia técnica e económica; por exemplo, poderíase efectuar cun esquema por tramos.

En cuarto lugar, débese corrixir o criterio de complementariedade co seguro privado. É un erro penalizar a quen fixo os deberes. A axuda pública debe complementar ata cubrir o dano elixible e verificado, valorando o seguro como parte da cobertura, pero nunca deixando en peor situación a quen asumiu unha prima. É un principio elemental da política pública non desincentivar condutas responsables. Propomos, por exemplo, un chan mínimo garantido por dano.

En quinto lugar, hai que recoñecer perdas de produción en froiteiras, en castiñeiros, en viñas e en apicultura, con indemnizacións plurianuais. Un soto non produce ao ano seguinte como se nada, un viñado castigado polo lume ou a calor extrema pode tardar campañas en recuperarse. As axudas dun ano son papel mollado. Propomos itinerarios plurianuais con revisión anual, unha indemnización decrecente a medida que se comprobe a recuperación —por exemplo—, controis sinxelos e estándares por cultivo e zona. Isto daría estabilidade ás rendas de previsibilidade financeira, ás explotacións e ás adegas.

En sexto lugar, débese incluír a perda de superficie de pastoreo como dano indemnizable. É un dano real e directo; sen pasto, hai que mercar alimentación. Se non se recoñece como produción perdida, estamos agochando o custo e deixando desprotexidas moitas explotacións extensivas, que son as que mellor coidan o territorio e reducen o risco de incendios. (*Aplausos.*) Incorporar este concepto é xusto e eficiente dende o punto de vista da prevención.

En sétimo lugar, queremos garantir a percepción da PAC 2025–2027 nas zonas catastróficas. O ministro de Agricultura, Luis Planas, conseguiu que a Comisión Europea autorizase o incremento dos anticipos da PAC ata o 70 por cento das axudas directas, tras a solicitude de España e doutros membros, para garantir esta maior liquidez aos agricultores e gandeiros que sofren as consecuencias dos conflitos e das condicións climáticas extremas. Grazas a esta xestión do ministerio, adiantaranse a Galicia 45 millóns de euros en concepto de anticipo dos pagos directos da PAC. Estes 45 millóns vainos ter a Xunta de Galicia, que son os que teñen a competencia agora para decidir o importe e o momento do pagamento. Agora tócalle ao Goberno galego facer a súa parte e activar de inmediato este adianto en Galicia, priorizando as zonas declaradas como catastróficas, porque, sen esa liquidez, moitas explotacións irán ao peche antes de poder reconstruírse.

E, por último, débese apoiar os almacenistas, os transformadores e os obradoiros de castaña, especialmente na miña provincia, Ourense. A cadea de valor da castaña non remata no soto; hai pequenas industrias que dan emprego e valor engadido ao rural. Este ano van quedar sen materia prima autónoma e van ter que importar; sen unha liña específica circulante, investimento para a adaptación e diversificación temporal, o golpe será definitivo para estas empresas. Pedimos esa liña específica xa; precisamos pasar dunha norma dispersa a un plan integral.



Por isto, dende o Goberno galego deben proceder á revisión urxente das axudas postas en marcha, escoitando —como fixo o Partido Socialista de Galicia— as persoas afectadas e os concellos para corrixir carencias, reducir a burocracia e aplicar criterios de xustiza e proporcionalidade. E non estaría de máis facer un seguimento parlamentario, un informe público anual —sei que non lles gusta nada—, uns indicadores claros, a execución orzamentaria por liñas e o calendario de fitos, é dicir, unha transparencia para evitar improvisación e propaganda, como soen facer.

Señorías do Partido Popular, trátase de elixir: ou seguimos na lóxica do titular ou damos un salto de calidade e facemos do desastre unha oportunidade de cambio. As nosas oito propostas non son un catálogo teórico, senón que responden ás demandas concretas e xorden do diálogo co sector.

Moitas grazas.

Esperamos que aproben esta iniciativa. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Valcárcel.

MONTSERRAT VALCÁRCCEL ARMESTO: Grazas, presidente.

Señorías, a situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou o alto grao de ineptitude dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. A falla de previsión e a negligencia contribuíron a que se convertese nos incendios máis grandes da historia de Galiza. Foi un fracaso estrepitoso que trae unhas consecuencias económicas, sociais e medioambientais moi graves. A desastrosa vaga de lumes deste verán arrasou con todo ao seu paso, con perdas catastróficas no sector agroforestal. Se falamos de gando, ardeu gando vacún e ovino, naves, paleiras, instalacións, peches, maquinaria, pastos e forraxe nun volume moi cuantioso, montóns de rolos de herba e silos. En canto ao viñado, foron afectadas centos de hectáreas, fundamentalmente na denominación de orixe de Valdeorras e Monterrei, pero tamén as da Ribeira Sacra e do Ribeiro. En centos de hectáreas de soutos perdeuse a colleita ou incluso os propios castiñeiros, en moitos casos de decenas de anos ou incluso centenarios. Na apicultura, houbo a queima de colmeas, a eliminación do seu hábitat e a perda de produción na época na que as colmeas estaban a punto de facer a castra —a recollida do mel—. No forestal, arrasáronse miles e miles de hectáreas de piñeirais e masas de frondosas autóctonas; algúns cálculos falan dun volume de tres millóns de metros cúbicos arrasados. En resumo, arderon pastos, viñedos, soutos, forraxes, explotacións agrarias, gando, colmeas, maquinaria e montes arborados.

Señorías, ¿que é o que fai a Xunta de Rueda para facer fronte a este auténtico desastre para o sector agrogandeiro e forestal das zonas afectadas? ¿Para compensar as persoas que viven do sector primario? ¿Para que homes e mulleres que manteñen as nosas parroquias e as aldeas nestas comarcas non se vexan literalmente expulsadas do sector agrario? En definitiva, ¿que propostas hai por parte da Xunta de Rueda para cambiar o modelo forestal? ¿Hai vontade real na Xunta deste PP de que esta vaga de lumes signifique tomar conciencia do perigo



no que está a nosa terra? Claramente non. A Xunta sacou unha orde de axudas, con moito bombo e platillo —iso si—, pero tamén con toda clase de deficiencias.

Señorías, desde o BNG xa lanzamos unha serie de propostas para que esta orde de axudas se cambiase en aras de dar resposta ás necesidades do sector afectado pola vaga de lumes. Para o BNG o máis importante, ademais, é o cambio de modelo e que isto sexa un punto de inflexión. Debemos realmente insistir en que este modelo agroforestal impulsado desde o Partido Popular non revitaliza un medio rural vivo. Desde o BNG pensamos que esta vaga de lumes ten que significar —como dicíamos— un antes e un despois, un punto de inflexión. Non podemos seguir cunhas políticas erradas que converten os nosos montes en polvoreiras, que os levan a arder cada poucos anos. É hora, polo tanto, de pensar no futuro.

Desde o BNG, trouxemos a este pleno unha moción cunha serie de propostas co plan Da cinza á vida, coa idea de abrir ese necesario debate e impulsar un cambio total para o noso rural. Tamén presentamos desde o BNG propostas concretas para axudar as explotacións agrogandeiras e forestais afectadas, que xa foron tratadas na Comisión 7ª, de Medio Rural, deste Parlamento. Señorías, é fácil imaxinar que votou o PP ás propostas do BNG. Pois votou que non a todas. Cando dicíamos medidas que respondían ás necesidades de mulleres e homes que viven do traballo do sector agrario, pois tiñamos o «non» por resposta. Cando falabamos dun cambio de modelo do noso rural, pois tamén nos dicían que non. Porén, ao que si que dixo a Xunta de Rueda que si foi á eucaliptización e ao abandono do rural. Vese perfectamente na Lei de acompañamento dos orzamentos da Xunta, que marca un novo chanzo nesa política de contribuír a máis eucaliptización.

Señorías, se falamos das propostas concretas para resarcir o sector agrario, gandeiro e forestal, desde o BNG ímoslles presentar unhas propostas que se concretan nunha proposta de adición, que está fundamentada en tres eixos.

O primeiro deles, a burocracia. Cremos que hai que eliminar a tramitación complicada e difícil que impón esta Xunta, porque implica en moitos casos unha asesoría externa. Preguntámonos para que é necesaria tanta burocracia. ¿Para que é necesario facer esas memorias e eses informes? ¿Para que?, se despois os técnicos da Xunta teñen que corroborar esa documentación antes da súa aprobación. Entón, a pregunta que nos facemos é: ¿será esa burocracia masiva buscada pola Xunta para evitar pagar axudas? Oxalá fose que non, pero cremos que claramente si. ¿Cal é a consecuencia deste papelame insufrible? Pois a consecuencia vai ser que moitos afectados non van cobrar axudas. De feito, de momento o señor Rueda mesmo recoñeceu que non se pagaron aínda as axudas.

O segundo dos eixos é o lucro cesante. Temos que apoiar o sector para que as mulleres e homes que están no sector primario poidan vivir mentres as explotacións non xeran ingresos. Porque xa nos dirán vostedes: ¿de que van vivir as persoas adicadas á apicultura para o ano que vén se as abellas non lles producen? ¿Que produción van ter estas colmeas se non teñen vexetación e flores nos montes? ¿De que van vivir as viticultoras e viticultores até que as viñas queimadas comecen a producir? E cos soutos queimados e destruídos, ¿que producen até que se restablezan? ¿Que beneficios producen? As mulleres e homes que viven das explotacións agrarias comen todos os días, señorías, e para o ano, tamén.



E, por último, o terceiro eixo é a eliminación dos topes nas axudas. Débense eliminar as limitacións nas axudas para que todas as persoas solicitantes poidan recibir unha axuda que compense minimamente as súas perdas. Por exemplo, na produción da castaña, as perdas non aparecen recollidas adecuadamente porque non se prevé a posibilidade de cuantificar os danos e a perda de produción, por exemplo, nas comarcas de Monterrei, de Viana ou de Valdeorras, xa que a alimentación do gando e das abellas só aparece recollida para seis meses. ¿E logo que é o que ocorre? ¿Que despois non van comer? ¿Como vai estar restablecida a vexetación e a floración en seis meses?

Despois preguntamos: ¿que fan os nosos produtores apícolas? Son produtores que tamén perderon a súa madeira e que non teñen ningunha axuda. As plantacións forestais feitas antes de xaneiro de 2020 non reciben axudas; polo tanto, estes propietarios e propietarias perderon absolutamente todo e as súas plantacións ou non teñen valor madeireiro ou son totalmente abandonadas pola propia Xunta.

En resumo, as axudas para as explotacións forestais e para os montes veciñais en man común son ridículas e non resolven, para nada, a situación dramática dos montes afectados e da produción arrasada.

Señorías —conclúo xa—, o sector agrogandeiro e forestal non pode ser o *paganini* desta desastrosa actuación da Xunta do PP e non pode ser que sigamos abandonando o sector despois desta catástrofe. Ao contrario, ten que ser apoiado e ser parte da solución para que non volva darse na nosa Galiza un desastre destas características.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Bos días.

Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Eu penso que os orzamentos que se están analizando estes días, que presentou a Xunta o outro día en Celanova, deben ser modificados substancialmente no que corresponde aos fondos asignados á provincia de Ourense. Isto é por varias razóns pero, sobre todo, pola que se está falando nestes momentos: as consecuencias dos incendios do pasado verán, que deron un inmenso golpe á economía, á sociedade e ao medio ambiente da provincia.

O gasto para reverter a situación vai afectar, practicamente, todas as consellarías. Vou facer un pequeno repaso de todas elas porque, posiblemente, dea algo de luz ao tema.



Da Consellería de Presidencia dependen, por exemplo, as emerxencias e o turismo. Durante a vaga de incendios, púxose de manifesto que a coordinación no tema das emerxencias tivo moitas deficiencias. Na sede de Ourense detectáronse, a pesar do inxente traballo do seu persoal, moitas necesidades de mellora. Iso vai supoñer, loxicamente, uns gastos se se pretende mellorar. No ámbito do turismo, xa non fai falta falar moito. O turismo da provincia viuse seriamente afectado no momento concreto do mes de agosto dos incendios por motivos que xa non é necesario dicir, pero tamén se verá afectado o seu futuro no medio e, mesmo, no longo prazo. Haberá que destinar cartos desta consellería en concreto para reverter a situación.

Sobre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a influencia aquí é totalmente obvia. Esta consellaría vai ter que poñer cartos e máis cartos para reverter a situación negativa causada no medio ambiente e en todo o que afecta o cambio climático dos incendios. Ademais, hai unha cuestión máis concreta. Todos coñecen a situación que se está a vivir no embalse das Conchas por contaminación das súas augas. O señor presidente, que andou por Celanova o luns, tivo algún tipo de contacto co problema nese momento porque persoas afectadas por esa contaminación xa lle fixeron chegar as súas preocupacións. Incluso é moi probable que a Xunta teña que acabar pagando importantes sancións. Entón, esta consellaría vai ter que poñer máis cartos dos que pensa para a provincia de Ourense.

Respecto da Consellería de Universidades e FP, os expertos din que fan falta moitos estudos a nivel universitario que poidan dar luz acerca da causa e do xeito de xestionar os incendios no futuro. Polo tanto, esta consellaría tamén vai ter que aportar cartos por iso.

En canto á Consellería de Política Social, acabamos de falar do moito que vai afectar na calidade de vida, nas necesidades económicas e nas necesidades de todo tipo das persoas que tiñan explotacións gandeiras ou agropecuarias, fincas, gando, etc. Como se falou estes días, van vivir durante meses, e probablemente durante incluso anos, con escasísimos recursos económicos. Loxicamente, esta Consellería de Política Social terá tamén que, como se di en termos coloquiais, apoquinar con cartos para reverter iso.

Falando da Consellería de Economía e Industria, toda a afectación económica que supuxeron os incendios e as industrias que se viron afectadas, loxicamente, terá o seu impacto nesta consellaría, que terá tamén que —volvo repetir a palabra— apoquinar con cartos especialmente na provincia de Ourense para reverter a situación.

Sobre a Consellería de Facenda e Administración Pública, os expertos din que moitos dos problemas causados polos incendios se verían minimizados con exencións fiscais ou con modificacións fiscais ás explotacións forestais, etc., etc. O que quero dicir é que incluso esta Consellería de Facenda vai ter tamén que destinar recursos a esta clase de cousas.

Respecto da Consellería de Vivenda, xa sabemos. Moitas persoas perderon as súas vivendas e moitas non as perderon, pero as súas condicións de habitabilidade víronse seriamente afectadas. Mesmo moitas persoas, como consecuencia da perda do seu poder adquisitivo e da súa precariedade debido a esta situación, van ter máis problemas para acceder á vivenda. Tamén a Consellería de Vivenda vai ter que poñer cartos.



Canto á Consellería de Sanidade, polos efectos dos incendios na saúde das persoas —sobre todo das persoas maiores que viven neses contornos—, tanto desde o punto de vista físico como desde o punto de vista psíquico, estas van ter tamén que precisar de axuda e, polo tanto, de aportación de recursos económicos. Aquí volvo lembrar a petición que fixen estes días da necesidade da especialidade de Xeriatria Hospitalaria nas áreas sanitarias da provincia, porque —digo— incluso as persoas maiores serán das máis afectadas polo fume dos incendios, polas situacións de estrés que viviron etcétera, etcétera.

No que respecta á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración —xa ven que vou detallando as consellarías unha por unha porque, máis que dicir que en termos globais van ter que aumentar os cartos, se o analizamos consellaría por consellaría, ponse isto moito máis de manifesto—, moitas destas persoas perderon o seu emprego ao vérense afectadas as empresas nas que traballan. No comercio pasa igual. Moitas persoas veranse obrigadas a emigrar a outras partes da comunidade autónoma, do país ou mesmo do estranxeiro. Polo tanto, esta Consellería de Emprego, Comercio e Emigración tamén terá que poñer as pilas e axudar á provincia de Ourense con recursos económicos.

¿De Medio Rural que imos dicir? ¿Que imos dicir do que vai ter que facer a Consellería do Medio Rural para tratar de neutralizar o efecto negativo dos incendios?

Ata a Consellería do Mar terá que facer algo. Esta parece que non se ve afectada polos incendios pero, como saben vostedes, os incendios teñen unha externalidade, xa que despois, as cinsas, como consecuencia das choivas que xa están empezando a ter lugar, serán arrasadas aos acuíferos, acabarán indo ao mar e acabarán afectando a pesca e o marisqueo. Polo tanto, se os recursos marítimos non se queren ver afectados negativamente por este feito, tamén terá esta consellaría que colaborar a paliar, dalgún xeito, os problemas causados polos incendios.

A Xunta de Galicia ten que incrementar os cartos destinados á provincia de Ourense en moita maior proporción da que ten previsto nos seus orzamentos. Non pode confiar na Deputación, que parece ser que tamén vai axudar un pouco, pero a Deputación é tamén unha Administración pobre. É a Xunta de Galicia a que se ten que mollar. Haberá que quitar cartos doutros sitios e eu doulle unha idea: quitar da Televisión de Galicia, que se pode recortar. Como os recursos, loxicamente, son limitados, haberá que quitar doutros lados para isto.

Tamén haberá que ampliar o tope das axudas e haberá que tomar en conta indemnizacións plurianuais, a perda de superficie de pastoreo e liñas de apoio para os transformadores da castaña e doutros produtos como o mel. Haberá que ter en conta o lucro cesante e, desde logo tamén, simplificar a burocracia, que, moitas veces, parece disuasoria deliberadamente para que os cartiños queden na Administración e non no peto das persoas que o precisan.

Nada máis. Reflexionen sobre isto. Tampouco vou olvidar que o Estado central tamén terá, á vez que declarou zona catastrófica a zona, que aportar os seus cartiños.

Grazas.



O PRESIDENTE: Grazas.

Saudamos os alumnos de 3º de ESO do centro Antonio Orza Couto, de Boqueixón, que hoxe visitan o Parlamento. Benvidos ao Parlamento, tamén os seus profesores.

Bo día. (*O presidente acena coa man a modo de saúdo.*) ¡Estannos saudando, eh! Entón, teño que saudalos.

Agora ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Viso.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día a todos, señorías.

Señorías do PSOE e señora Dacosta, a verdade é que, cando lin esta PNL, non daba crédito. Criticou o que está a facer a Xunta, que está coas axudas concedidas, e olvidouse do seu Goberno, o Goberno do Partido Socialista, o Goberno de Pedro Sánchez, que dous meses despois anunciou unhas axudas; unhas axudas que chegan tarde, que son ridículas e que, realmente, están pouco claras. (*Aplausos.*)

A vostedes non lles interesa Galicia. A vostedes non lles preocupa Galicia, preocúpalles desviar a atención e que non se fale do que realmente os incomoda. Están vostedes, señorías, tan desesperados por atopar cortinas de fume que tapan a corrupción que os envolve e agora recorren ao único fume que lles queda: o fume dos incendios. A verdade, señorías, é que, mentres uns buscamos solucións, vostedes buscan culpables, e cada vez que a Xunta fai algo vostedes desfano. Isto non é por convicción, senón por estratexia política. O máis grave, e que o veñen facendo ultimamente, é que o fan coa dor da xente. Utilizan a dor de quen perdeu o monte, a casa ou a colleita coma se fose un argumento político máis. Niso parécense ao BNG.

Pero falemos claro: o señor Pedro Sánchez, o señor Grande-Marlaska e o señor Planas viñeron a Galicia falar moito, prometer de todo e anunciar fondos, medidas urxentes e un compromiso total, pero Galicia no día de hoxe segue sen ver un euro do Goberno central.

A vostede, señora Dacosta, as axudas da Xunta parécenlle insuficientes e parécelle que non son as adecuadas. Imos ir aos feitos: son 42 as axudas concedidas por vivendas afectadas, por 2,9 millóns de euros, 37 delas en Ourense, señora Dacosta; 10 as axudas a empresas, por 280.000 euros; 24 as axudas a tecores, por 180.000 euros; e máis de 1.600 solicitudes agrícolas e forestais en tramitación. Gustaríame facer unha pequena comparación, xa que onte tiveron o detalle. A Xunta dedica á rehabilitación de vivendas 132.000 euros para cada vivenda e o Goberno de España, como máximo, 15.200, señora Dacosta. Vostedes sigan, sigan e sigan criticando as axudas da Xunta. (*Aplausos.*)

A isto súmase —claro, señora Dacosta, eu entendo que lle dea a risa porque, a verdade, é para rir o que dixo o Goberno central— a ampliación da rede de videovixilancia, cun investimento de 2,2 millóns de euros, ata chegar a 237 cámaras, 18 delas en Ourense. Señorías, isto é dar respostas rápidas. Claro, é máis doado vir aquí criticar a Xunta que asumir as res-



ponsabilidades onde realmente as teñen vostedes, que non sei se se lles olvidou, pero é en Madrid.

Xa que cuestionan as axudas, imos falar tamén con rigor. Pretender que só cobren as explotacións inscritas no Reaga, señora Dacosta, a verdade é que demostra un descoñecemento fondo do rural galego, onde a inmensa maioría dos sotos e das pequenas producións —como vostede debería saber, ou, se non, pregunte— non están rexistradas. ¿Sabían vostedes que máis do 90 por cento dos castiñeiros ardidados non están rexistrados en ningunha explotación? Señora Dacosta, ¿como fariamos? Explíquenos, dalgunha maneira, como fariamos coa súa proposta. Deixariamos atrás centos de familias, xusto as que máis necesitan o apoio. Pero para iso está a Xunta, e, por iso, iso non vai pasar, porque aquí non se abandona o pequeno produtor, que, por suposto, sabemos que é o que sostén o territorio.

Tampouco serven as súas críticas ás axudas da alimentación; por suposto que neste momento sempre se pode mellorar, pero Galicia ofrece o maior esforzo económico feito nunca nesta materia, cun salto enorme respecto a convocatorias anteriores, agora si, por máis caros e por máis tempo, garantindo unha resposta rápida ás necesidades urxentes. Pero tamén, cando remata a tramitación e teñamos a avaliación completa, se a situación o require, haberá novas ordes complementarias. Señora Dacosta, iso é compromiso.

Cuestionan tamén os seguros agrarios, cando saben por suposto que non se pode pagar dúas veces polo mesmo dano, pero saben o esforzo que ten feito a Xunta de Galicia e esta consejería. Por suposto, cada vez hai máis superficie asegurada, cada vez hai máis animais asegurados e cada vez hai máis capital protexido. Iso significa unha cousa: o sistema funciona, complementa e protexe e, por suposto, non penaliza.

Tamén falamos do lucro cesante. O prioritario neste caso sempre é devolver canto antes a capacidade produtiva, non abrir debates interminables que o que fan, por suposto, é atrasar. Primeiro temos que levantar o sector e apoialo e despois, se fai falta, falaremos de novas liñas.

Tamén nos din que non se indemniza pola perda de pastos. Ben, aquí demostra que realmente nin leron a orde, porque os pastos e forraxes xa están incluídos e xa se pagan. O que piden vostedes non é coherencia, iso é ruído, e para iso xa teñen os do BNG.

E, para rematar, coa súa tentativa de xerar incerteza, crean medo coa PAC, insinuando que os afectados non van cobrar nos vindeiros anos a PAC. Iso é falso, e vostede sábeo. A Consellería aplicará a excepcionalidade prevista na normativa europea para casos de forza maior, porque as explotacións dos concellos declarados zona catastrófica ou de forza maior cobrarán igualmente a PAC, aínda que temporalmente, como todos sabemos, non poden cumprir as obrigas que lles piden. Esta é unha realidade: seguridade para o sector, fronte ao alarmismo que vostedes espallan para rascar un titular.

Finalmente, poñen enriba da mesa o de indemnizar a industria da castaña. A verdade é que isto non ten ningún sostén, porque non é nin económico nin legal. As industrias teñen outras vías de apoio, señora Dacosta. As indemnizacións son para quen perdeu a produción, non



para quen compra esa materia prima. Pretender o contrario sería unha irresponsabilidade. E con esta petición manifestan tamén o seu descoñecemento da realidade do agro galego.

Así que non, señorías, a súa PNL non é unha alternativa, é unha cortina de fume construída desde o resentimento político e non desde a realidade do rural galego. Parece que o lume só escandaliza cando arde un territorio que é gobernado polo PP. Pero vostedes veñen dar leccións de xestión de agricultura e de gandería, os mesmos que nin sequera foron capaces de sacar as declaracións das axudas en tempo e forma; os mesmos que meteron o lobo no LESPRES, que cada día aumenta os ataques á gandería; os mesmos que deixan os cuarteis do noso rural galego sen Garda Civil; os mesmos que quitan as paradas de bus; os mesmos que nos veñen falar da España rural cando o seu ministro tuitero, señor Planas, ten a desvergoña de dicir que o AVE non é un tren para España vaciada, *(Aplausos.)* e, acto seguido, eliminaba a parada da Gudiña, en pleno corazón da provincia de Ourense. E, por se lle parecía pouco ao señor tuitero, señor Planas, pedía 3 millóns de euros de indemnización. *(Murmurios.)* Señor Puente, perdón, señor Puente, podo rectificar sobre a marcha, *(Murmurios.)* tranquilos. Ao Planas tamén lle chega ben, pero o señor Puente é o tuitero. *(Aplausos.)*

Señorías, Galicia non precisa salvadores de última hora, precisa seriedade, compromiso e traballo. Por suposto que non hai goberno perfecto, pero si hai gobernos serios, e a diferenza entre uns e outros está en que uns traballan e outros teatralizan, uns xestionan e outros buscan fume.

A Xunta responde e seguirá ao lado dos que traballan a terra, coidan o monte e manteñen vivo o rural. Porque, sinceramente, hai que ter moita descaro para vir a este Parlamento pedir responsabilidades, pedir correccións das liñas de axudas xa concedidas da Xunta mentres o seu propio Goberno, o Goberno socialista, o Goberno de Pedro Sánchez, maltrata, esquece e despreza Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Dacosta.

CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Señor Viso, os que non se van rir nada son os agricultores, os gandeiros, os viticultores, cando escoiten a súa intervención, non se van rir nada de nada, *(Aplausos.)* porque esta iniciativa nace de diálogo con eles, das peticións deles, si, non son as peticións do Partido Socialista de Galicia, son as peticións dos gandeiros, dos agricultores, dos viticultores, dos apicultores. *(Murmurios.)* Si, fale con eles, fale con eles. E lea de paso o Real decreto 939/2025; axudas directas do Estado, directas, e sen ter que facer esa tramitación burocrática imposta pola Xunta de Galicia. *(Murmurios.)* Non, porque Facenda ten os datos das explotacións gandeiras e xa lles van pagar de forma directa. *(Aplausos.)* Aprendan, aprendan do Goberno do Estado.



E poderíalle dicir moitas cousas máis, pero quería dicirlle unha cousa, porque aseguraba Rueda, a propósito da tramitación das axudas e dicía un día que non lle ve ningunha vantaxe, ao contrario que vostede, á confrontación entre administracións; iso dicía o presidente Rueda. E faría ben vostede en non buscala, basicamente polo feito de que eses recursos son consecuencia da errada xestión que o Goberno galego mantivo ao longo destes anos. Esta catástrofe incendiaria —xa llo dixen onte ao conselleiro de Emprego, que foi durante seis anos conselleiro de Medio Rural— sería dunhas dimensións moito menores se a Xunta de Galicia non fixera unha política de abandono do rural, de falta de planificación e de falta de prevención.

Temos sen facer os tests de ordenación de recursos forestais, señor Viso. ¿Que veñen dicir agora aquí e agora que din? ¿Que van descontarlles aos concellos por non limpar as franxas secundarias, cando o presidente Rueda o que dicía nesta Cámara no debate do estado da Autonomía, ¿que dicía?, era que ao contrario, que ía axudar os concellos e para os concellos de menos de 5.000 habitantes o que ía facer o señor Rueda era que a Xunta de Galicia ía pagar eses custos de limpeza? (*Aplausos.*) Entón, ¿en que quedamos? ¿Axudamos o rural ou abandonamos o rural? Eu creo que vostedes fan a segunda cousa.

Mire, ademais, este tema é que enfada a un, porque nós interpelamos a conselleira, pedimos unha comisión de seguimento do ditame aprobado polo PP e polo Partido Socialista de Galicia, os únicos que lle demos un voto de confianza, e resulta que ¿que fixeron? Votan que non á comisión, que non é parlamentaria, é de seguimento. Pero é que, despois, pedimos nunha iniciativa que nos pasaran a listaxe dos distritos, medios, materiais humanos, prevención realizada, e ¿que votaban? Que non. Pero é que, despois, nunha comisión, presentei a pregunta de que me dixeran exactamente que medidas cumpriran do ditame do ano 2018, a raíz dos incendios de 2017. Simplemente era contestar: a un si, a dous non, a tres si. Non me contestaron; aínda hoxe, opacidade total. E ¿por que? Porque non queren cambiar o modelo, van seguir co mesmo modelo: non apostar polo rural, non apostar pola prevención, non apostar por axudar os que máis o necesitan nesta catástrofe.

E despois, iso, como dicía o outro día ao conselleiro de Emprego, quedará no seu haber e espero que os galegos e galegas que sufriron este masacre incendiario teñan en conta o que está a facer o Partido Popular.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda?

CARMEN RODRÍGUEZ DACOSTA: Si, si, acepto a emenda do Bloque Nacionalista Galego, que complementa a nosa iniciativa.

Votación das proposicións non de lei

O PRESIDENTE: Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Pechen as portas, por favor.



Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa do señor Pazos Couñago.

Votamos.

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado José Alberto Pazos Couñago e oito deputados/as máis, sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa situación política e social no actual réxime de Nicolás Maduro en Venezuela.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 24; abstencións, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Iago Tabarés.

Había unha proposta de transacción.

(O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro pide a palabra.)

¿Si, señor Tabarés?

(O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)

O PRESIDENTE: ¿É así? ¿Estamos de acordo? Correcto.

Votamos en primeiro lugar os puntos 1 e 2.

Votamos.

Votación dos puntos 1 e 2 do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas ao aumento da planta xudicial en Galicia, particularmente en materia de violencia sobre a muller, e ao incremento dos cadros de persoal no ámbito da Xustiza.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 1 e 2 desta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos agora os puntos terceiro e cuarto.



Votamos.

Votación dos puntos 3 e 4 do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego relativas ao aumento da planta xudicial en Galicia, particularmente en materia de violencia sobre a muller, e ao incremento dos cadros de persoal no ámbito da Xustiza.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os puntos 3 e 4 desta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: *Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don Gonzalo Trenor.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe dirixir a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa situación dos servizos ferroviarios en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 65; votos en contra, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da señora Pontón Mondelo.*

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar co obxectivo de mellorar a situación profesional e laboral do profesorado dos centros públicos de ensino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.



O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de don Aitor Bouza.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa dos deputados Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, sobre a demanda ao Goberno galego da creación dun banco público de alugueiro en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; votos en contra, 40; abstencións, 25.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Entendín que non acepta a emenda. ¿Acéptaa? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, grazas. Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas María del Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, sobre as correccións que debe introducir a Xunta de Galicia nas liñas de axudas aos afectados polos incendios forestais do verán de 2025 nos sectores agrogandeiro e forestal.

Votamos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Alteración da orde do día

O PRESIDENTE: Continuamos cunha alteración da orde do día, que consiste en substanciar agora unha pregunta ao Goberno.



Pregunta das deputadas Rosana Pérez Fernández e María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa dotación de profesorado e persoal coidador do CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso, de Noia

Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Pérez Fernández. Cando queira.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, a comunidade educativa do colexio da Barquiña, en Noia, leva mobilizándose dende o mesmo comezo do curso o pasado 8 de setembro. As súas reivindicacións non son moi diferentes ás doutros moitos centros do país, ás deses centros que vostede adoita despectivamente chamar «casos puntuais».

A discriminación positiva cara aos centros do rural e a garantía de igualdade de oportunidades de todo o alumnado das que vostede facheu aquí na súa comparecencia de hai quince días, aínda non chegaron a Noia case dous meses despois de comezar o curso. Por un lado, nese centro, a súa consellaría suprimiu unha praza definitiva de educación primaria con perfil de inglés, recollida no catálogo do centro e negada teimudamente pola Inspección Educativa, quen insiste en que só se contemplan seis mestres, cando —insisto eu tamén— o catálogo vixente recoñece seis máis un de Filoloxía Francesa. ¿Quen son vostedes, señor conselleiro, para terxiversar e mesmo negar o que contempla o catálogo? Que nós saibamos, entre as atribucións da súa consellaría non figura a de mentir ou querer manipular o que mesmo está publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

Por outro lado, a súa consellaría concedeu ao colexio da Barquiña no curso pasado o desdobramento da aula de segundo de primaria, por contar nese momento con 24 nenos e nenas, dos cales 3 tiñan necesidades educativas especiais: 2 deles cun grao de dependencia 2, e outro con grao de dependencia 3. É dicir, un total de 28 alumnos ponderados. Esta mesma aula, que agora xa cursa terceiro de primaria, aínda sumando un alumno máis este ano ata chegar a un total de 25 —o que se traduce en 29 ponderados—, á Consellería non lle merece o mesmo recoñecemento e négalle o desdobramento.

Vostede é moi dado a falar de criterios, pero os seus criterios adoitan ser como os principios de Marx, de Groucho Marx: se non lle gustan, teñen outros. Porque, ¿cales son os criterios, señor conselleiro, que valeron o curso pasado para o desdobramento e este ano xa non valen? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, presidenta.

En primeiro lugar, quero agradecer a flexibilidade da señora deputada para poder adiantar esta pregunta.



Estamos outra vez ante un discurso habitual por parte do Bloque Nacionalista Galego. Vense as teimas nesta pregunta concreta e as estratexias políticas do Bloque Nacionalista Galego.

En primeiro lugar, sempre se nos acusa —e vostede volveuno dicir aquí— de que facemos propaganda. Eu diría que o Bloque fai propaganda á inversa. É unha nova modalidade de facer propaganda, porque normalmente a propaganda é intentar converter a mentira en verdade ou intentar convencer alguén de que a mentira é verdade. Iso é a propaganda ordinaria, pero con vostedes é á inversa, porque vostedes intentan convencer os cidadáns de que o que é verdade é mentira. É xusto ao revés: o que é verdade vostedes intentan dicir que é mentira. Díxoo aquí e díxoo por escrito na exposición de motivos, porque di —á parte pono entre comiñas—: «O señor conselleiro e o presidente da Xunta, sempre moi fachendosos, din que os orzamentos deste ano e o do anterior son os máis grandes da historia de Galiza en educación». E é verdade, pero vostede cuestiónao. Di tamén —e pon o que nós dicimos como se fose unha crítica—: «Menos alumnado e máis profesorado». É verdade. «Melloramos en equidade». Todos os datos dino, é verdade. «Hai unha discriminación positiva cara aos centros do rural». Vostede cuestiónao, pero é verdade. «Galicia ten un ensino que garante as oportunidades». É absolutamente verdade, recoñecido por todos os organismos nacionais e internacionais que fan análises comparativos. É dicir, vostedes intentan converter a verdade en mentira; é propaganda á inversa. (*Aplausos.*)

Despois, outra teima que vostede tamén di —pona por escrito e tamén o dixo no debate— é a de criticar os inspectores, criticar os funcionarios que non fan o que a vostede lle parece que teñen que facer. É habitual, moi habitual. Aquí tamén, aquí incluso dedican un cualificativo aos inspectores de Educación —que supoño que os haberá de todos os partidos políticos e de calquera ideoloxía política—. Realmente chamalos «teimudos» e dicir que negan teimosamente todo isto, paréceme un pouco atrevido pola súa parte, pero, como non coincide o criterio dos inspectores cos seus, é que fan mal o seu traballo; e críticoano, como soe ser habitual.

Outra cuestión concreta que se ve é que vostedes collen un caso particular e intentan facer un mapa xeral, e obviamente tamén din de xeito interesado os datos que teñen. É certo que neste discurso de serie lle faltaron dúas palabras, que seguramente as dirá: privatización e recortes. Sempre o din. E, despois, cando un vai á serie histórica, en moitísimas cuestións, quen máis apoiou o ensino concertado foron curiosamente vostedes. E nós non temos nada que dicir...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...pero o seu discurso cáese realmente cando se comparan os datos...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Señor conselleiro, ten un segundo turno.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...que vostede pon encima da mesa. (*Aplausos.*)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica. Señora Pérez.

ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, quedou aquí ilustradísimo canto lle importan a vostede os problemas que ten o colexio da Barquiña, ¡porque nin o nomeou!, ¡non dixo nin palabra a ese respecto! (*Aplausos.*)

Mire, vostede, señor conselleiro, xa se viu obrigado, pola presión da comunidade educativa do colexio da Barquiña, á que se lle sumou a do IES Campo de San Alberto, a corrixir o recorte na dotación de coidadores que fixo no comezo do curso. Pasaron de dous a un compartido entre os dous centros, aínda existindo alumnado con grao 3 de dependencia nos dous centros. Todo iso xa o tivo que rectificar. Agora, vostede insiste en disfrazar a supresión dun mestre de primaria, recoñecido —insisto— no catálogo do centro, e a eliminación do desdoblamento da aula de terceiro coa que o ano pasado contaban, e véndenolo como que a calidade e a atención educativa están garantidas.

Conselleiro, vostede pode dicir o que queira —que non dixo nada, non dixo absolutamente nada—, pero a comunidade educativa da Barquiña xa non lle compra nin os seus supostos criterios nin a súa propaganda. ¿Sabe por que? É moi simple. Porque os seus criterios limitan gravemente o dereito a unha educación e a unha atención que necesitan, que lles corresponde e que non teñen.

Unha educación e unha atención que tampouco lle están a prestar a Mauro. Antes estivo vostede reunido cuns alumnos. Aquí hoxe ten á mamá de Mauro, que é un neno con dependencia grao 3, que obrigan vostedes a adaptarse ao horario do transporte escolar e a perder horas lectivas por mor das limitacións dese transporte. Como digo, pode explicarlle á súa nai por que é o neno quen se ten que adaptar ao horario do transporte perdendo aulas, e non o transporte ao neno, que é realmente quen ten os problemas.

En definitiva, ten vostede moitos axustes —como lle chama vostede— que facer. E, hoxe, queremos que nos diga —a ver se nos di algo, claro— se vai facer eses axustes, como vostede os chama ou vai seguir mirando para outro lado. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno. Señor Rodríguez.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Bueno, señora deputada, vostede sabe que hai dous turnos de intervención. E vostede sabe tamén que eses criterios que non existen están feitos por Inspección, esa teimuda Inspección e eses teimudos funcionarios que, como non fan o que a vostedes lles gusta que fagan, son malos profesionais. (*Murmurios.*)

En todo caso, mire, vólle dar os datos que vostede me di. Vostede sabe perfectamente que no centro hai 12 unidades —ou debería sabelo, supoño—: 3 unidades de educación infantil e 8 unidades de educación primaria. Falamos de datos concretos do Rodríguez Cadarso.



¿*Ratios*? Todas as unidades están dentro das *ratios* máximas establecidas por lei —por certo, moito máis baixas dos que ten a normativa estatal aprobada polos partidos de esquerdas, como vostedes—. Cúmprese a redución de *ratios* en cuarto e quinto de primaria, de 25 a 20, como se acordou cos sindicatos que quixeron dar un paso á fronte neste caso.

As ponderacións, que tamén son froito do acordo sindical de cuantificar por dous ou por tres, de baremar por dous ou por tres os alumnos con necesidades educativas especiais que teñen un certificado médico que fixa o grao de discapacidade, estanse cumprindo. E cando hai un incremento da ponderación sobre o número físico, mándase un profesor técnico de reforzo, mándase un profesor mega. Se vostede nega iso, señoría, é mellor marchar para casa todos, (*Murmurios.*) porque está negando a verdade. A súa é auténtica propaganda á inversa, que é basicamente negar a verdade e cuestionar datos que están nos informes de Inspección. (*Murmurios.*)

En canto ao profesorado, vostede fala de perda de profesorado. Falou do catálogo. O catálogo fixa 18 profesores. ¿Sabe vostede cantos hai? 22,5; hai 4,5 profesores por riba do catálogo. ¿Sabe cantos alumnos hai? 217 alumnos; é dicir, unha media de 9,6 alumnos. ¿Especialistas en atención á diversidade? Hai 4,5 especialistas en atención á diversidade. ¿Sabe cantos hai nese catálogo que, segundo vostedes, non se cumpre? 1. Temos 2,5 profesores de PT, de Pedagogía Terapéutica, cando no catálogo hai 1, e hai 2 profesores de Audición e Linguaxe, mentres no catálogo non hai ningún. A teimuda Inspección que di vostede debe ter moi mala vista, tal como se está vendo. ¿Hai especialistas de educación infantil? Pois hai 3 especialistas de educación infantil para 3 unidades de infantil, cando lle corresponde 1 por cada unidade. E hai 2 especialistas en inglés, e, como mínimo, 3 docentes con perfil inglés que poden atender o plurilingüismo, señoría.

Creo que os datos que se están a dicir, igual que no persoal auxiliar coidador —que vou dicir agora mesmo—, os deixan a vostedes na propaganda inversa. Persoal auxiliar coidador: hai 2 profesionais, os mesmos que había o ano pasado. Houbo un momento puntual nun caso extraordinario durante unhas semanas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...en que un tivo que ir a outro sitio...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...pero só ese caso concreto...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo, señor conselleiro.

Moitas grazas. (*O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.*)



Saben que o tempo das preguntas é o que é. Moitas grazas. *(O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.)* (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coas interpelacións.

Interpelación do deputado José Manuel Golpe Acuña e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a estratexia da Xunta de Galicia para garantir o desenvolvemento das plantas de biogás

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para defender ou formular a interpelación, ten a palabra o señor Golpe.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Bo día, señora conselleira. Benvida ao Parlamento, a esta interpelación na que queremos falar da tecnoloxía, da planificación das plantas de biogás.

Levamos xa tempo escoitando da oportunidade que Galiza ten co biogás, unha oportunidade para valorizar enerxeticamente residuos urbanos, restos alimenticios, esterco e xurro, co obxectivo de reducir emisións e de xerar enerxía renovable para darlle vida ao rural, dado que o biogás é un combustible renovable que se produce a partir da descomposición anaeróbica de materia orgánica, e principalmente o que se está a utilizar a nivel industrial son residuos agrícolas, xurros e estercos. E cómpre diferenciar —ou polo menos nós diferenciamolo moi ben— o que ten que ver cun residuo agrícola do que son xurros e estercos. O xurro e o esterco para nós non é un residuo, senón que é un recurso das gandarías que serve para abonar principalmente, e, se se converte nun problema, é por falta de base territorial onde espallalo e non por non ter onde utilizado.

Como ben saberá vostede, a tecnoloxía do biogás ou biometano pode ser un instrumento para acadar, para conseguir a verdadeira economía circular, como pode ser no caso da produción de biogás en plantas para autoconsumo local. Se embargo, moitas destas plantas proxectadas hoxe en día nesta nova vaga que nos está chegando de novos proxectos están recibindo unha forte oposición social por parte da veciñanza das localidades próximas, e imos ver un pouco por que se está a producir isto e como veñen as cousas dadas ata o día de hoxe.

Se arrincamos vendo que é o que nos di o Estado español sobre o biogás, pois aí temos unha folla de ruta aprobada no ano 2022 que identifica tanto os retos como as oportunidades e que fixa os obxectivos tanto no ano 2030 como no ano 2050 para esta tecnoloxía. O Plan nacional de enerxía e clima revisa este documento no ano 2023 e á alza, e fala de chegar a uns 20 teravattios/hora para o ano 2030, o que sería duplicar a cantidade que fixaba a folla de ruta inicial. Pero, aínda así, non se cumpre coa folla do REPowerEU, o plan presentado pola Comisión Europea no ano 2022 para reducir a dependencia enerxética estratéxica de Europa,



acelerando o compromiso con gases renovables e co aforro de enerxía e a electrificación. É dicir, unha vez máis, pónennos deberes máis grandes.

Esta folla de ruta do biogás, que é un documento estratéxico, identifica 45 medidas para acadar os obxectivos, moitas das cales están destinadas especialmente a facer obrigatorio o tratamento dos residuos e restos orgánicos, o cal aínda non se implementou obrigatoriamente no día de hoxe. E cómpre sinalar que, tendo en conta os residuos orgánicos, xurros e esterco que poden xerar biogás e biometano, o Estado español é un dos países con meirande potencial de produción, só por detrás de países como Francia ou Alemaña. E, neste escenario, o papel que debe xogar Galiza ou o papel que está xogando Galiza é unha incógnita.

A pesar de que a Axenda enerxética de Galicia establece un obxectivo de crecemento desta tecnoloxía en máis do 200 por cento para o ano 2030, pois segue sendo unha incógnita, porque, ao contrario do que sucede noutras partes do Estado, en Galiza non temos nin planificación, nin regulamentación, nin unha folla de ruta que nos leve a pensar que hai alguén ao mando. Hoxe temos diante unha política pública que non busca o impulso deste tipo de tecnoloxía a través dunha planificación clara, senón que temos un baleiro legal cuberto con base en improvisacións, declaracións de proxectos estratéxicos e conflitos sociais que se multiplican.

Toda a referencia ou todo o recolleto desta tecnoloxía ou do seu uso vén a través do Plan de xestión de residuos industriais de Galicia, o Priga, no que si se detalla e se recolle o enorme potencial de produción de biogás no noso país, asentado sobre todo en xurros e residuos agrogandeiros. No Priga, fálase da media de produción. Por certo, cómpre repasar os datos, porque eu creo que hai un erro cun cero. Na última versión que está publicada na web fálase de que no ano 2020 se xeraron por volta de 44.000 toneladas. Eu creo que falta un 0, son 440.000 toneladas. Cómpre revisalo. Pero ben, fóra deste pequeno dato, a extrapolación anual que vai facendo este Plan de residuos dinos que, alá polo ano 2030, imos chegar arredor das 723.000 toneladas de residuos biometanizables. A isto habería que sumar 345.000 toneladas de lamas de depuradora, que tamén é un produto metanizable, e tampouco podemos deixar de lado a fracción biodegradable dos residuos sólidos urbanos, que sumaría algo máis de 50.000 toneladas máis. Evidentemente, nin por oportunidade nin por necesidade toda esta cantidade de produto metanizable vai acabar dentro do envío de xestor. Isto non sería nin lóxico nin desexable. Aínda así, queda patente que temos recursos tanto na parte da industria agroindustrial, como tamén na parte da fracción orgánica dos residuos sólidos urbanos ou nas lamas de depuradora.

O Priga tamén analiza cal é a situación actual das plantas de tratamento deste tipo de residuos, deste tipo de xurros e esterco, e fálanos de que, nas 24 plantas que temos repartidas en todo o país, hai unha capacidade de xestión de 1.176.240 toneladas. E, ese mesmo documento, ese mesmo Plan de xestión de residuos industriais, dános un dato rechamante. Desa capacidade de tratamento existente actualmente no noso país, unicamente se está a utilizar o 37 por cento; é dicir, unhas 430.527 toneladas. Este dato eu creo que evidencia que non temos unha ocupación real e que temos unha carencia clara dun ordenamento físico, dun ordenamento estratéxico, dun ordenamento lexislativo deste sector; unhas regras claras sobre como, onde e con que límites se poden implantar este tipo de plantas.



Nos dous últimos anos, véñense multiplicando os proxectos de plantas de biogás ao longo e ancho do noso país. Abonda facer un repaso polo *Diario Oficial de Galicia* e polos medios de comunicación —ás veces non sabemos quen é quen— para ver cal é a dimensión desta nova vaga de interese que hai por este tipo de proxectos no noso país. E voulle citar uns cantos dos que teño eu na lista, que seguramente haberá moitos máis.

Podemos empezar polo norte: Nortegas en Curtis; tamén en Curtis, a planta de Vertex Bioenergy; Arrate Biogás en Sarreaus; a planta en Coeses; Biofertilizantes Xunqueira de Ambía; CCC Energo Group, en Antas de Ulla; Agroamb, en Castro do Rei; CCC Energo Group, no Saviñao; unha que non ten nome aínda no Concello de Trazo; Planta Bio, en Agolada; Lugaz Enerxía, en Lugo, e Biometano de Galicia, en Mazaricos.

Respecto de toda esta lista destes doce proxectos que lle acabo de citar —algúns deles declarados proxectos industriais estratéxicos—, tamén chama a atención o dato da xestión da capacidade de tratamento, que suma máis dun millón e medio de toneladas anuais; unha proba máis de que non existe planificación que ordene este sector. Dá a impresión de que a Consellería prefire ir autorizando planta a planta, caso a caso, sen un plan sectorial do biogás nin criterios comúns.

E, mentres tanto, noutras partes do Estado, noutras partes de España, si que hai lexislación específica. De feito, Cataluña vén de renovar estes días a súa estratexia de biogás 2024-2030, e mesmo unha norma técnica que regula o dixestato, porque acaban de analizar que teñen un problema serio con isto; Castela e León traballa nunha lei que establece distancias e límites de capacidade; Euskadi incorpora o biogás e o biometano á súa lei de transición enerxética, e Andalucía está traballando nun borrador e nunha folla de ruta que regula o uso agronómico deste dixestato.

E aquí, ¿que temos? Nada. Seguimos aplicando a normativa estatal, o Real decreto 815/2013 e a Lei 9/2021, que o único que fai é simplificar os trámites administrativos deste tipo de plantas. Por certo, é unha lei que se vai modificar ou que pretenden modificar a través da Lei de acompañamento dos orzamentos do ano 2026. Non hai guía técnica, non hai normativa ambiental específica, non hai límites de capacidade nin distancias. Non se fixeron os deberes de momento e tampouco se lles ven moitas ganas de facelos.

Dende o BNG temos unha proposta moi clara. Non nos opoñemos a este tipo de tecnoloxía, non sería lóxico opoñernos á tecnoloxía de biogás. Pero si que temos unhas demandas moi específicas.

Demandamos establecer distancias mínimas entre as plantas e os núcleos de poboación, e tamén respecto dos bens patrimoniais ou bens culturais, así como fixar distancias máximas de transporte do material dixestato con criterios científicos e ambientais. Este é un criterio básico e crítico, porque debe haber unha avaliación do ciclo enerxético integral en cada planta, establecendo límites polos que se evite un rendemento negativo tanto no ciclo de CO₂ como no ciclo enerxético. Loxicamente, isto implica limitar a capacidade das plantas. Temos que traballar con plantas máis pequenas, e temos que limitar a distancia onde se poden recoller os xurros; non se pode andar a centos de quilómetros de distancia.



Temos que legislar o sector dun xeito global, establecendo parámetros sobre que materiais poden entrar a dixestar e que materiais van saír, e o control de emisións de cheiros e o control da odorización é un punto clave, así que se debe de condicionar os promotores para actualizar as mellores técnicas dispoñibles en cada momento para limitar a emisión de cheiros, e tamén levar a cabo unha medición continua en varios puntos localizados da contorna da localización das plantas, e que estes datos sexan públicos. É dicir, acceso público aos datos da odorización.

Un punto fundamental é regular a xestión do dixestato, definir o seu estatuto xurídico e agronómico e regular que se vai facer con todo o que se produce. Que non nos pase o que está pasando agora en Cataluña, onde tiveron que saír ao rescate da biodigestión.

E non hai só que controlar os niveis de nitratos e fosfatos, que é un dos puntos claves no tratamento de produtos agrogandeiros, senón que tamén, cando entran produtos SANDACH, é obrigado un control bacteriolóxico reforzado, analizar e detectar a presenza de antibióticos ou outros axentes bioquímicos no dixestato e darlles un tratamento axeitado.

Xa se falamos de lamas de depuradora, o control de metais pesados é outro dos deberes que ten que estar recollido dentro dunha lexislación específica.

Tamén pedimos restrinxir o tráfico asociado a estas plantas, limitando a circulación por cascos urbanos e aldeas, establecendo itinerarios alternativos.

E tamén lle propoñemos crear un sistema galego de garantías de orixe do biometano, igual que se creou un sistema galego de bonos de CO₂ para a plantación...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: ... —estou rematando, señora presidenta—, igual que o que está funcionando dende hai practicamente quince días.

Son medidas de sentido común que xa se están a aplicar noutros territorios estatais e europeos. E, señora conselleira, nós o que sabemos, o que temos moi claro, é que Galiza non pode seguir sendo un laboratorio dos proxectos onde non haxa unha lei que os regule. Por iso, cominámola hoxe a debater sobre este tema.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señora presidenta.



Señor Golpe, en primeiro lugar, e, ademais, creo que non dá lugar a ningún tipo de discusións, hai que dicir: máximo rigor técnico en todo tipo de avaliación ambiental. E, sobre todo, hoxe centrámonos no que a vostedes lles preocupa, que, neste caso, son as plantas de biometano e biogás.

Cando digo «máximo rigor técnico», falo das afeccións á poboación, falo da saúde e, por suposto, falo do medio ambiente. Todos os proxectos teñen que cumprir estritamente coa lexislación vixente, e creo que ademais está máis que demostrado. Eu síntome moi orgullosa dos técnicos, dos funcionarios da Xunta de Galicia e, en concreto, dos de Medio Ambiente, porque, a pesar das múltiples persecucións e das múltiples denuncias, por cuarta vez consecutiva, o Supremo dálles a razón (*Aplausos.*) e, por primeira vez, tamén llela dá o TXUE.

Partindo disto, señor Golpe, e escoitándoo a vostede, talvez a sociedade pode crer que aquí non existe ningún tipo de regulación, que isto é todo ao chou. Todo aquilo que vostede di está recollido nas avaliacións ambientais, que, por suposto, se teñen en conta. Os informes, por suposto, son públicos, e, cando se cumpre estritamente coa lei, son favorables e, cando non se cumpre, son desfavorables.

¿Cal é o cometido da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático? Avaliar, dende o punto de vista medioambiental, pero non só avaliar. Efectivamente —e vostede citouno—, existe o Priga, que deben de coñecer —ademais houbo participación pública—, e, nel, están reguladas, entre outros, por exemplo, as distancias en si.

Pero si que hai algo que debemos de ter claro, señores do BNG e tamén señores do PSOE, que é a ausencia dun marco común. A ausencia dun marco común que debería estar establecido polo Goberno central cunha ruta dende o ano 2022. E resulta que estamos no ano 2025 e non se fixo absolutamente nada. Non se fixo absolutamente nada, e tiña un fin esa ruta. Ese fin era establecer os obxectivos de cooperación entre as distintas comunidades autónomas, tanto de carácter administrativo como de control, para que os criterios fosen homoxéneos. E, cando digo de control, é enerxía; e, como é enerxía, hai que enchufarse a unha rede. E sabe vostede o que está ocorrendo coas redes.

Polo tanto, efectivamente, o Goberno central decidiu que cada comunidade autónoma lexisle, porque lle dá igual ao final o colapso, o non colapso ou o que fagamos cada comunidade autónoma. Pero Galicia créame que o ten claro. Teno claro e, ademais, apostamos polas plantas de biometano, polas plantas de biogás, fronte a outros. Porque, tan pronto se anuncia unha planta e empeza o procedemento ambiental, fíxese que xorde unha plataforma. E, ¿son os veciños? Pois, ás veces, son os veciños, e, outras veces, eses veciños están hostigados por certas persoas que teñen nomes e apelidos e que, por suposto, nin reciben o empresario, porque non lles interesa, nin tampouco o deixan participar nesas reunións. E cansan, cansan, señor Golpe; e non me estraña que cansen. Menos mal que seguen apostando por Galicia porque saben que hai seguridade xurídica e saben que hai un goberno que estritamente fai cumprir a lei. (*Aplausos.*)

A partir de aquí, tendo claro que vostedes optan polas plantas de biogás e biometano —porque ás veces eu dubidaba se iso era así ou non, independentemente de que falen do cambio



climático— tamén lles pido que impulsen, igual que facemos nós, para que o Goberno central cumpra cuns mínimos. Non lles dicimos que fagan o noso traballo en absoluto, pero a enerxía hai que controlala e hai que facer as distribucións, e as redes teñen que estar presentes. E resulta que non, e dareille datos.

Independentemente de todo isto, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático conta coa normativa sectorial vixente e os criterios establecidos no Plan de xestión de residuos industriais de Galicia —o Priga— para autorizar as novas instalacións de aproveitamento de biogás.

O biogás e o biometano constitúen fontes de enerxía 100 por cento renovables cun poder enerxético moi similar ao gas natural e contribúen á economía circular —aquela pola cal aposta Galicia— e tamén á transición enerxética, permitindo a substitución de combustibles fósiles —aí estamos continuamente empuxando— e dando saída aos residuos agrícolas —xurros, residuos alimentarios— e tamén ás augas residuais. Xoga, polo tanto, un papel esencial na redución da contaminación dos acuíferos por nitratos.

E aquí non estamos dicindo que, de repente, o gandeiro non poida utilizar o seu xurro, porque é imprescindible que así o faga. Máis ben son outros quen din que ten que haber ganderías canto máis pequenas mellor que non produzan xurros, e así que haxa menos contaminación. O único é que a xente necesita vivir dignamente e necesita vivir ben.

Temos un gran potencial e temos que aproveitar ese potencial. Neste momento, temos oito plantas que están autorizadas e en funcionamento, e hai outras oito plantas que están en avaliación ambiental. É público e transparente, non hai nada que ocultar. Distinto é que alguén presente unha planta nun lugar ou noutro tamén a expensas de como van correndo vostedes uns e outros a deostar ese proxecto empresarial. E empezan con uns e continúan con outros, porque iso parece que lles conduce a un camiño, que é ese camiño que di a UPG de «non» a todo, amparándonos uns e outros, Bloque e PSOE; e entón que non se faga nada en Galicia, porque así nos vai ir un pouquiño mellor a todos nós.

Pois miren, ¿que reclamamos dende Galicia? Reclamamos ese marco normativo de planificación enerxética, unha e mil veces. Reclamamos que o potencial que ten Galicia e o potencial que ten España, ao final, se vexa en postos de traballo verdes, en enerxía limpa, en chegar a esa neutralidade climática, non só en Galicia, senón tamén en España, no ano 2040. E temos contextos bens distintos. Comparemos España, efectivamente, con Alemaña ou comparémola con Francia. O potencial de produción de biometano podería cubrir o 45 por cento da demanda de gas natural en España, que vén ser o equivalente ao 100 por cento do consumo doméstico e o 62 por cento do consumo industrial. Pero parece que en Galicia non vale nada, e, se podemos montar plataformas e algaradas, moito mellor.

E —volvo insistir— en canto ás oito que están en avaliación ambiental, ¿vostedes van ir correndo para dicir que en Galicia non se cumpre a lei e para dicirlles aos veciños que contaminan moito, moitísimo, e que non vai haber ningún control, ata que os empresarios decidan desistir? Menos mal que os empresarios, ao final, teñen alma de construír país e continuarán



adiante cun obxectivo, e ese obxectivo é axudar a desenvolver economicamente Galicia, pero tamén coidar o medio ambiente. *(Aplausos.)*

Nos últimos anos, o número de proxectos asociados á produción destas enerxías, non deixou de medrar no conxunto do país —falo de España—, pasando de 59 no ano 2020 a 407 no ano 2024. Pero, *he aquí la cuestión*. De todas esas solicitudes, ao final, ¿saben o que ocorre? Que en setembro do ano 2024, só había 48 proxectos conectados á rede de gas. ¿De quen é a rede de gas, señor Golpe? ¿Tamén é das comunidades autónomas? ¿Ten algo que ver o Goberno central ou deixámoslos que sigan campando ás súas anchas e que non fagan absolutamente nada? Esta cifra contrasta, por exemplo, cos 704 puntos de inxección de biometano á rede gasística que, por exemplo, ten Francia. Esta é a realidade: España, Francia, como se está xestionando, e se se poden inxectar á rede ou non se poden inxectar.

A Xunta está garantindo unha implantación ordenada e medioambientalmente segura. Está a tomar como referencia — como dicía ao principio— o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia, o Priga —en vigor ata o ano 2030—, e, por suposto, a normativa sectorial de aplicación. Isto faise na avaliación dos diferentes proxectos, e tense en conta, señor Golpe, a localización e o impacto territorial, a racionalización da capacidade das plantas, a regulación dos materiais procesados, a regulación da xestión do dixestato despois do proceso de biometanización, a restrición da circulación do transporte pesado.

Polo miúdo —creo que xa non me dá tempo—, quero dicir que a localización, o impacto territorial, é fundamental, e avalíase. E, ademais, é un criterio que está por escrito, non é algo que diga eu aquí e que despois non estea reflectido nos distintos informes sectoriais. ¿A racionalización da capacidade das plantas? ¡Por suposto, é que ata aquí poderíamos chegar! ¿A regulación dos materiais procesados? É que non hai dúbida ningunha sobre esa regulación de materiais pesados. ¿A xestión do dixestato?...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...¡Ata aquí poderíamos chegar! ¿Como imos autorizar unha planta se non sabemos que é o que se vai facer co dixestato?

Polo tanto, seguiremos traballando na liña marcada pola lexislación vixente, centrándonos no Priga, que foi moi participado e que vostedes deberían de coñecer de primeira man. Pero si é certo que hai algo fundamental. Insten o Goberno central, como tamén o instamos nós, a facer os seus deberes e a ter un marco común nas distintas comunidades autónomas.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señor Golpe.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.



Señora conselleira, máximo rigor técnico; repetiuno tres veces: máximo rigor técnico na xestión das plantas de biogás. Pois eu voulle dicir dende aquí aos promotores destas plantas: teñen o máximo rigor técnico, equivalente ao da xestión dos proxectos de enerxía eólica, e hai 90 proxectos paralizados pola Xustiza, ¿iso é rigor técnico? (Aplausos.) ¡A ver! Eu creo que teñen vostedes unha teima con iso das algaradas e de que somos os primeiros en opoñernos aos proxectos. Eu acabo de dicir que o BNG non ten nada en contra da tecnoloxía do biogás; temos moito en contra de como se está aplicando esa tecnoloxía e de que proxectos están chegando ao noso territorio. E estaremos detrás de cada pancarta, de cada faixa que denuncie estes atropelos que se están cometendo por parte da industria, permitidos pola súa consellaría. E vai seguir sendo así.

E vostede falaba entre liñas —porque eu moi listo non son, pero voume apartando dos coches, como dixo aquel— dese afán dalgúns empresarios galegos en facer cousas, e de que nós estamos sempre detrás. Pois, mire, voulle dicir. Hai algunha empresaria galega que se dedica a sacar notas de prensa disparando uns e outros, igual que vostede acaba de disparar contra o BNG, porque parece que somos sempre o mono de feira. Cando algo non funciona, *la culpa es del BNG*. ¿Que os veciños se rebotan? *La culpa es del BNG*. ¿Que poñen camisetas amarelas? *La culpa es del BNG*. Pois mire, os problemas que teña esa empresaria coa Federación de Veciños de Lugo é problema dela, non é problema noso. E que non minta, porque, ao mellor, tamén acaba no tribunal. Porque saír na Cadena Ser dicindo que non se reciben os empresarios, cando hai unha foto na que está o tenente de alcalde, o señor Arroxo, a señora Valcárcel e esa empresaria, pois é mentir. (Aplausos.) Así que non utilicen o BNG como peza de []

De todos os xeitos, dez minutos da intervención da conselleira de Medio Ambiente do Goberno da Xunta de Galicia para falar do que non fai o Estado, outra oportunidade perdida. E houbo un momento en que eu crin que estaba vostede confundida, porque vostede falou da planificación enerxética que se acaba de aprobar. Por certo, a súa compañeira, a señora Lorenzana, saíu moderadamente satisfeita desa reunión; iso pon nos titulares que sacou a Consellería de Industria. Pero estamos falando de gas, e o gas ten unha particularidade que non ten a electricidade. E voulle explicar; permítanme ser pedante neste tema.

Hai seis plantas proxectadas, das que eu lle lin antes, que non están en zona de gas natural. Esas seis plantas teñen unha forma de sacar o gas que é a través de camións comprimindo gas. Non hai, por tanto, un problema de planificación da rede de gas, e, se o hai, será cuestión de analízalo e de metelo no que estamos demandando hoxe aquí: que haxa unha estratexia clara do Goberno galego sobre as plantas de biogás e que exerzan vostedes as competencias que teñen atribuídas e non se escuden en que o Estado non fai. Demandarémolles ao Estado o que teñamos que demandarlle na súa sede. Aquí temos que demandarlle a vostede, que para iso é vostede conselleira.

Seguindo coas algaradas e cos proxectos e co máximo rigor, voulle poñer un exemplo. Vostede di que calquera proxecto que se admite a trámite e calquera proxecto que se aproba ten o máximo rigor dos técnicos. Simplemente voulle dar un dato que pon de manifesto que tampouco existe un plan para o dixestato, que é unha das cousas máis graves que pasa con esta tecnoloxía. Non existe hoxe en día ningún plan de xestión do dixestato nin na súa forma



sólida nin na súa forma líquida. E iso é certo e non o pode negar, non o pode refutar. E voulle poñer ese exemplo. Hai unha planta proxectada en Xunqueira de Ambía —non sei se coñece vostede ese concello pero convídoa a que o vaia visitar— en que o lixiviado líquido —é dicir, o dixestato líquido— está proxectado en dúas balsas a ceo aberto nunha zona inundable. Vostede entenderá que os produtores da pataca desa zona están nerviosos, teñen medo. É dicir, o día que encha isto distribúe todo ese dixestato por toda a plantación. E non hai unha norma autonómica —nin unha soa— que regule nin como hai que usar ese dixestato nin como hai que protexer esta xente que ten as plantacións pegadas a estas balsas a ceo aberto do mal que poidan sufrir en caso dunha crecida, en caso dunha inundación.

Hai que entender algo básico: a produción de biogás non é só unha cuestión enerxética; é unha peza indispensable da economía circular. E a nosa proposta que hoxe traemos aquí non é só falar de plantas; é falar do que estas plantas xeran, do que estas plantas producen, e deste residuo que lle acabo de dicir, que é o dixestato, que aínda non se está a regular.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar.

JOSÉ MANUEL GOLPE ACUÑA: Remato xa, señora presidenta. Remato xa demandándolle, unha vez máis, señora conselleira, por favor, que dignifique o seu cargo, que nos diga que é o que van facer a respecto de todo isto; algo máis que titulares de prensa. Deixe de meterse co Estado, por favor, que está vostede no Parlamento galego, e díganos dunha vez que é o que van facer vostedes para regular as plantas de biogás no noso país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Grazas, señora presidenta.

Señor Golpe, titular: deixe, señora conselleira, de meterse co Estado. Pero, ¿que lles pasa a vostedes co Goberno de Sánchez?, (*Aplausos.*) ¿ata onde queren chegar con todo isto? É dicir, non queren que, dende esta tribuna, dende o Goberno galego, se lle exixa unha planificación que ten que estar feita dende o ano 2022. ¡Non, señores, déixenos en paz, que continúen nesta liña!; Galicia danos o mesmo, non nos empecen a facer cosquillas, que nos poñemos nerviosos. (*Aplausos.*)

Pois mire, eu quero denunciálo aquí, e vouno facer ademais publicamente, ao igual que quero defender os empresarios que queren ter conexión á rede para o seu gas. ¡É que llo queren facer máis complicado aos empresarios galegos para que non se instalen! ¿Cal é o problema para non ampliar a rede? Vostede viu a diferenza entre Alemaña, entre Francia e entre España. ¿Que é o que está ocorrendo? E vostedes seguen aplaudindo e seguen indo da man, día tras día, cos señores do Goberno central.



Dito isto, vou á seguinte parte. Que alguén poña en dúbida no día de hoxe os técnicos da Xunta de Galicia en relación cos eólicos, despois de ter catro sentenzas gañadas no Supremo e nunha sentenza do TXUE, manda truco con vostedes, ¡manda truco con vostedes! (Aplausos.) Pídanlles perdón. ¡Se son vostedes quen están facendo o posible para que todo isto se estanque, para que non se cumpra! Esa é a auténtica realidade. ¡Pero se eu vexo bandeiras con estreliñas continuamente por aí! Igual é que non os dan controlado, igual non dan controlado os seus colegas da UPG, que seguen algarada tras algarada!

Se a vostede mesmo lle dixen que hai oito plantas que están autorizadas e en funcionamento, e dígolle logo que hai outras oito que están en avaliación ambiental. E van ir correndo a liala. E xa me nomeou vostede dúas; unha delas é a de Lugo —eu non sei que é o que pasou, pero vexo que vostede está nervioso—, que é certo que hai unha empresaria que nun momento determinado dixo: «¡estes señores do BNG...!»». Vostedes saberán se queren disimular ou non. ¡Porque isto é un «quiero y no puedo»! Por un lado, di: estou preocupado polo medio ambiente; non quero que se utilice gas natural, pero si que apoio as plantas de biometano e biogás; e, por outro lado di ¡pero, fíxese, teño un problemón!, e é que non me serve ningunha; non me serve en ningún sitio; non se cumpre coa lei e isto é un auténtico desastre. ¡Que non, señor Golpe!, está moi equivocado. Ao final, a poboación vaise fartar de vostedes..., e non me estraña que se farte de vostedes. ¡Non me estraña! (Aplausos.) ¡Non me estraña!

Agora xa está con que Xunqueira de Ambía ten un problema. Vamos ver, ¿é que pasou a avaliación ambiental? Señor Golpe, ¿son vostedes xa os técnicos? ¿Hai algún técnico imputado por algunha avaliación ambiental? ¿Saben vostedes todas as que se fan anualmente? ¡É que isto é unha broma!

Eu só lles pido un pouco de rigor, un pouco de seriedade e que deixen de obstaculizar Galicia. Como non o dan feito dende o punto de vista xudicial, entón, queren facelo dende a rúa.

Dito isto co «quiero y no puedo», ¡alá saberán vostedes! ¿Leccións de cumprimento? Ningunha. O Priga está aí para ver e, dentro do Priga —sábeo vostede perfectamente—, hai distancias a poboacións; e, á parte, está o transporte. (Murmurios.) Pero, ¿como poden dicir que non? Léano e, a partir de aí, veñan discutilo aquí. Dedíquenlle un pouco de tempo porque, de verdade, hai algo máis que redactar unha interpelación ou unha pregunta. Hai que estudalo e hai que contribuír, e iso é moi san —estudar e contribuír—; así, faríanlle algún favor a Galicia; pero vexo que aí, indo da man uns e outros, BNG e PSOE, a vostedes non lles importa absolutamente nada. Nós pensamos nas persoas, no medio ambiente e na economía. Optamos polas plantas de biogás e polas de biometano, temos un Priga, seguimos demandándolle ao Goberno central unha folla de ruta, pero tamén lle seguimos demandando que haxa unha rede para poder conectar ese gas: distancias mínimas garantidas entre as plantas e os núcleos de poboación, proximidade á fonte de residuos para minimizar o transporte e reducir a pegada ambiental, avaliación de que se cumpra a normativa ambiental vixente —que, por certo, é lei básica estatal— e regulación, ademais, das materias primas que forman parte do proceso —que o dixestato e as plantas estean ben conectadas á rede viaria—. O fin, señor Golpe e señores do BNG, é garantir o equilibrio entre o desenvolvemento desta enerxía renovable e o medio ambiente e a saúde pública.



Nós non somos «os do non»; nós non estamos buscando a uns e a outros para convencer os veciños de que se van intoxicar ou de que se van envelenar. ¿Vostedes saben cal é a situación de Galicia dende o punto de vista medioambiental? Moi superior á do resto de España na calidade das súas augas —por algo será—; e moi superior na redución de emisións de CO₂. E por algo será tamén, e non porque —segundo vostede— deixemos que eses malos empresarios —¡non debe haber nin un só bo en Galicia!— fagan o que lles dea a gana e non pensemos na sociedade. Polo tanto, se queren contribuír...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...contribúan. Eu dígolles: deixen de obstaculizar e deixen de perseguir os funcionarios, porque xa o ven, será na rúa, porque, se non, no xulgado non son capaces de gañarlles.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Interpelación das deputadas Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a política de beneficios fiscais que aplica a Xunta de Galicia, singularmente no ámbito dos impostos de sucesións e doazóns e sobre grandes fortunas

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Señor Corgos, véxoo incómodo e nervioso ultimamente. (*Murmurios.*) Non é para menos; cando un conselleiro manda calar a quen fiscaliza, o que cala non é unha voz —que a miña non é importante, xa llo digo eu—, o importante é que cala a democracia, porque estamos aquí lexitimamente sentados facendo e tentando facer unha oposición útil. Dígollo dende o respecto, con toda a tranquilidade: hoxe vou falar de Galicia, vou falar da quitación da débeda pública e vou falar de xustiza fiscal e de responsabilidade política no sistema de financiamento, porque vostedes gobernan.

Comecemos falando da quitación da débeda. O Goberno progresista de España, presidido por Pedro Sánchez, puxo enriba da mesa unha medida histórica: a condonación de parte da débeda a todas as comunidades autónomas do réxime común, agás Navarra e País Vasco, do que Galicia xa era beneficiaria, cunha quitación de 4.000 millóns de euros. Isto non é un regalo, señor Corgos; é xustiza territorial e solidariedade entre territorios. En Galicia —aínda que moitas veces o di nas súas comparecencias— si temos un problema de débeda pública —¡claro que temos!—; temos 12.000 millóns de euros de débeda pública, triplicada polo Goberno do PP dende o 2009. Pagamos polos xuros da débeda —acumulada ao gasto da terceira



consellaría da Xunta de Galicia— arredor de 1.800 millóns de euros. Aceptar a quitación dos 4.000 permitiría aforrar un terzo desa débeda, arredor de 620 millóns de euros anuais.

Señor conselleiro, a realidade é teimuda: págaselles máis aos bancos do que se incrementa o gasto en atención primaria no Proxecto de orzamentos de 2026. Esa é a realidade. Sabe ben, señor Corgos —como o técnico que sempre di que é—, que a condonación da débeda permitirá reducir débeda pública, rebaixar xuros, amortizacións e mellorar, en definitiva, a capacidade financeira de Galicia —supoño que estará de acordo—. E vostedes, señor Corgos, din «non», e non porque non conveña a Galicia —que é evidente que lle convén—, senón porque non lle convén a Feijóo. Esa é a realidade. Mentres Galicia rexeita o que lle corresponde de xustiza, as comunidades gobernadas polo PP —véxanse Andalucía, Madrid, Valencia...— serán as máis beneficiadas pola proposta que pon enriba da mesa o Goberno progresista de Pedro Sánchez.

Xa o dixen máis veces: forte «marexada» lle virá a Feijóo cando se poña enriba da mesa e teña que solicitar ou non a débeda destas comunidades autónomas gobernadas polo PP. Xa o dicía hoxe José Ramón Gómez Besteiro, o noso voceiro, que é así: «Polas ordes de Feijóo...» —miren que paradoxo vai pasar— «...a única comunidade autónoma que vai aceptar a quitación será Cataluña». E non será polos «independentistas de Puigdemont», ¡eh!; será porque Feijóo dá ordes de que as comunidades autónomas do PP non o aproben. ¡Imaxinen!, o mundo ao revés, señor Corgos... Así que xa non hai escusa. Isto non é un traxe á medida para Cataluña; isto son feitos, datos obxectivos e unha proposta histórica, equitativa e solidaria entre territorios para todo o país. O Goberno ten que dicir «si», sen matices, porque é bo para Galicia e punto; non lle podemos dar máis voltas.

Aceptar a quitación de 4.000 millóns de euros, ademais —sempre o digo—, é o punto de partida, a casilla de saída para logo negociar un sistema de financiamento autonómico xusto para Galicia. Non son incompatibles; son medidas complementarias ou incluso eu diría que sucesivas. ¿Galicia necesita un novo sistema de financiamento autonómico? Claramente si, porque está caducado, pero ten que recoñecer as súas singularidades, como a dispersión e o avellentamento, pois o custo dos servizos públicos vale máis aquí, na nosa comunidade autónoma, por existir esa dispersión xeográfica. Teñen que aplicarse criterios ou incluso un reaxuste no criterio de poboación axustada. Pero vostedes gobernan, elaboren unha proposta rigorosa, seria e solvente sobre o sistema de financiamento autonómico para Galicia que atenda as nosas particularidades. Poñan Galicia —sempre llo digo— na cabeza e no corazón, aínda que estean pendentes aínda de elaborar as conclusións da Comisión de estudos —pola que pasaron expertos e expertas de distinta cor política, diría— ou as propostas dos distintos partidos políticos. Aínda non se redactaron esas conclusións.

Se é así —díggollo sinceramente, señor Corgos—, nesa negociación dun sistema de financiamento autonómico xusto para Galicia, vai atopar as socialistas de Galicia. Sabe ben que nós non defendemos un concerto económico, porque é un concerto que é insolidario e prexudicial para o noso país, senón que defendemos as singularidades galegas. Defendemos a Galicia real: a dos servizos públicos, a da igualdade de oportunidades e a da solidariedade; díggollo, é a esencia da socialdemocracia. Pero tamén temos en conta que as socialistas de



Galicia temos raíz galega, porque somos unha nacionalidade histórica, como Cataluña e como o País Vasco, señor Corgos.

Vostedes son pura incoherencia. Mentres cunha man choran, lle piden máis financiamento ao Goberno de España e rexeitan a quitación da débeda de 4.000 millóns de débeda pública, coa outra man manteñen un modelo fiscal profundamente inxusto e absolutamente insostible.

Vostedes presumen de rebaixas fiscais sociais, pero cando se analiza quen gaña, temos os seguintes datos, señor Corgo: o 8 por cento máis rico de Galicia acumula o 76 por cento do patrimonio total, e vostedes seguen a bonificar o imposto de patrimonio. A Atriga dixo na Memoria —compareceu a súa directora na Comisión 3ª— que o impacto —ese aforro do que falan— nas familias é de 331 millóns de euros anuais. Non favorecen a maioría social, señor Corgos, non... Eses 331 millóns que deixan de entrar nas arcas públicas no 2025, traducido ás cousas de comer —para que o entendan todos os galegos e as galegas—, implicaría poder contratar máis profesorado para os centros públicos e para nenos e nenas con necesidades educativas especiais; abrir novas residencias públicas e centros de día nas zonas rurais e nas comarcas máis envellecidas —sobre todo nas provincias de Lugo e de Ourense—; reforzar as urxencias, a atención primaria e pediatras —¡pediatras!— en todos os centros de saúde; financiar un sistema de dependencia, que está en absoluto *shock*, con 349 días de espera pola primeira resolución —¡case un ano!—; ou financiar dignamente un sistema de financiamento autonómico que non asfixie os concellos, que o que fan é mendigar á Xunta de Galicia.

Por esa irresponsabilidade fiscal —non o digo eu nin o di só a Atriga, tamén o di o Airef, un organismo que creo que respecta bastante— deulle un bo tirón de orellas a Airef no último informe —se quere, ensínolle as conclusións—, no que advirte que Galicia pode incumprir a regra de gasto, e non polo lado dos gastos, senón polo lado dos ingresos; é dicir, recada menos do que debería e perdoa impostos aos que máis teñen. Dígollo literalmente, nas conclusións: «*Dado el impacto negativo de las medidas permanentes de rebaja fiscal, se acentúa el riesgo de incumplimiento de la regla de gasto en 2026 y años subsiguientes*». Iso é literalmente o que di a Airef no último informe, e iso, señor Corgos, é o resultado dunha política fiscal que beneficia os que máis teñen e deixa atrás a maioría social.

Sempre o lembro, pero seguirei dicíndoo —¡non me van calar!—: pagan o imposto de patrimonio os que case acumulan preto dun millón de euros de patrimonio neto. E dígolle eu —xa llo dixen máis veces— que coñezo pouca xente que declare e que pague o imposto de patrimonio —non sei se vostede ou a bancada do PP o fan—, que saque esa bonificación do imposto de patrimonio.

Xa vou rematar cunhas pinceladas sobre o Proxecto de orzamentos de 2026. Mentres o Goberno de España —que lle gustan moito os datos— incrementou un 6,2 por cento as transferencias ao sistema de financiamento autonómico —cifra récord nos últimos sete anos do Goberno de Pedro Sánchez, máis dun 40 por cento que os gobernos de M. Rajoy—, os orzamentos do 2026 incrementáanse un 2,1 por cento, e nin sequera está moi lonxe dese IPC, que se sitúa nun 2,8 ou nun 2,9. É dicir, isto está moi lonxe do que encareceu a vida, do que vale a cesta da compra ou de poder acceder á vivenda, que é un auténtico drama en Galicia. Iso si, o que vostedes chaman «orzamentos para un novo escenario» son orzamentos raquíuticos e



regresivos para un país en ralentí. Mentres —¡claro!—, manteñen as 120 rebaixas fiscais e anunciaron 5 máis nos orzamentos de 2026. Por este *dumping* fiscal que practican —dicía—, poden deixar de ingresar 793 millóns, e dixo vostede, en rolda de prensa, que —literalmente— «beneficia 115.000 galegos e galegas», o que supón, facendo unha simple regra de tres, o 4,2 por cento da poboación. Dito doutro modo, señor Corgos, para beneficiar o 4,2 por cento máis rico de Galicia, déixase de investir en educación, sanidade e dependencia para máis de 2,6 millóns de galegos e galegas. Esa é a realidade.

Xa remato coas interpelacións. ¿Van aceptar a quitación da débeda de 4.000 millóns de euros? A ver se me pode contestar «si», «non» ou «depende», como lle contestou a Silvia Intxaurreondo na entrevista que lle fixo na Televisión Española, logo do plantón á ministra de Facenda no Consello de Política Fiscal e Financeira. Xa estamos acostumados aos seus plantóns, como tamén na Comisión de Emerxencia, na repartición dos nenos e nenas que chegan ao noso país sen nais e pais, no Cumio do clima para loitar contra o cambio climático... Se consideran que iso é lealdade institucional, eu dígolles que iso é malo para Galicia.

Señor Corgos, preguntolle: ¿comprométese a aplicar unha política fiscal responsable para a maioría social e non para un 4,2 por cento dos galegos e das galegas?

En definitiva, esta pregunta aglutina toda a interpelación: ¿vai deixar, señor Corgos, de ser asesor fiscal de Génova 13 e vai poñer, por fin —vai poñer, por fin— o gorro de conselleiro de todos os galegos e as galegas?

Nada máis polo de agora. Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Un deputado ou deputada segue aplaudindo.) (O presidente ri.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non, non... Si, ben... Está ben, está ben.

Agora ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado): Grazas, señor presidente.

Señoría, o primeiro que quereda deixar claro é que o Goberno galego exerce o seu autogoberno con responsabilidade en todos os eidos e tamén, por suposto, no eido fiscal, como tentarei explicar deseguido.

O noso modelo aposta por unha evolución sostible das finanzas públicas autonómicas e baséase nunha mestura de crecemento estable do gasto e do ingreso público. Impulsamos beneficios fiscais para a cidadanía, sempre que se pode, e consolidámoslos para manter un sistema tributario competitivo e progresivo. Este modelo ten tres características: é un modelo propio, é un modelo responsable e é un modelo sostible. É propio porque cremos na nosa autonomía fiscal e exercémola; é responsable porque fai compatible a rebaixa da pre-



sión fiscal co reforzo continuo dos servizos públicos; e é un modelo sostible, porque o consolidamos no tempo con medidas axeitadas á conxuntura económica.

A consecuencia desta aposta continuada no tempo é que hoxe Galicia é un territorio fiscalmente competitivo, cuns colectivos prioritarios á hora de tomar as nosas decisións en política fiscal. Estes colectivos prioritarios son: as rendas medias e baixas, os menores de 36 anos, as familias numerosas e os colectivos vulnerables, aos que o vindeiro ano engadiremos as familias monoparentais. Complementamos estas medidas fiscais con outras que buscan favorecer os sectores estratéxicos da nosa economía para xerar máis emprego. Señoría, é un modelo claramente diferente ao que está a desenvolver o Goberno central, por iso entendo a súa contrariedade.

Mentres que o Goberno central leva sete anos subíndolles os impostos ás rendas medias —velaí o último exemplo do último colectivo damnificado, os autónomos, do que xa están a recuar antes de aprobar a norma—, desde o Goberno galego tentamos aliviar a carga fiscal dos galegos e das galegas dentro das nosas posibilidades. Ademais, reitero, a fortaleza de Galicia foi ser capaces de compatibilizar un sistema fiscal competitivo cuns servizos públicos de calidade. Como proba, cada ano adicamos máis cartos ao gasto social: o vindeiro ano adicaranse case mil seiscentos millóns de euros, fronte a tres anos cos orzamentos de política social conxelados nos orzamentos xerais do Estado.

Con este modelo, cada ano uns 115.000 galegos —a cifra á que se refería antes— e galegas beneficiáanse das rebaixas selectivas de impostos aprobadas pola Xunta de Galicia no ano 2016. A estes 116.000 galegos habería que engadir todos os contribuíntes que fan a declaración do IRPF que se benefician polas catro baixadas do tramo autonómico, dende o ano 2014, e pola deflactación dos tres primeiros tramos do ano 2022. En total, na última campaña do ano 2024, 1.480.315 contribuíntes galegos beneficiáronse destas rebaixas. (*Aplausos.*) Esta é a minoría de ricos á que as medidas fiscais da Xunta de Galicia beneficia.

Por iso, hoxe Galicia está entre as comunidades autónomas con maior tratamento fiscal para as rendas medias e baixas e, por iso, de media, un contribuínte galego pagou no IRPF correspondente ao ano 2024 case cincocentos euros menos que no ano 2009. Ademais, como sabe, equiparamos as familias de dous fillos ás familias numerosas, cunha dedución da cota de douscentos euros e douscentos cincuenta euros adicionais por cada fillo engadido ao segundo. Co gallo de incrementar a oferta en vivenda, temos: unha dedución de cincocentos euros por arrendamento de vivendas baleiras, coa intención de situar máis vivendas en alugueiro no mercado; e outra do quince por cento de gastos de reparación e de conservación para decorar un inmovble baleiro e destinalo a arrendamento.

En sucesións, saben que as herdanzas de pais a fillos, herdeiros directos, non tributan ata un millón de euros —para patrimonios superiores, si— e, desde este ano, tampouco se fará nos primeiros 25.000 euros para herdanzas entre irmáns, tíos, sobriños, sogros, cuñados, xenros e noras. Baixamos 2 puntos o tipo xeral de transmisións patrimoniais a pasada lexislatura —do 10 por cento ao 8 por cento— e mantemos tipos reducidos para os colectivos preferentes, entre o 7 por cento e o 0 por cento para residentes en zonas pouco poboadas. Tamén o fixemos para os que merquen locais comerciais adicados á vivenda e para a adqui-



sición de vivendas para rehabilitar, que baixan un 6 por cento polo xeral, chegando ao 4 por cento en zonas pouco poboadas. Seguindo coas rebaixas en vigor, tamén temos o programa Impostos cero no rural, que, como sabe, beneficiou 126.000 operacións xa materializadas e tenta rebaixar a tributación na taxacións de inmobles, terreos e explotacións agrogandeiras no rural. Hai un financiamento público de servizos tan importantes como as escolas infantís e as universidades, que tamén se benefician dunha importante subvención fiscal nos seus prezos ata chegar a ser cero.

Señoría, se o Goberno galego pode manter e consolidar cada ano este modelo fiscal competitivo é, en boa medida, porque tamén mantemos un endebedamento responsable. Nos últimos quince anos, Galicia converteuse na referencia de España no control do déficit público e do endebedamento responsable, blindando o Estado do benestar. De feito, Galicia é a comunidade que menos incrementou porcentualmente a súa débeda dende o ano 2009. Isto permitiu que pasase neste período de estar entre as comunidades autónomas máis endebedadas, por enriba da media, ás menos endebedadas. Isto está medido coa *ratio* débeda-PIB, que é como se compara o nivel de débeda entre territorios económicos de diferente tamaño, como as comunidades autónomas.

Se temos en conta o período pospandemia, temos que dicir que a *ratio* débeda-PIB de Galicia tamén baixou máis que a media das comunidades autónomas. Dende o ano 2019 ata finais do ano 2024 —último exercicio pechado—, a *ratio* de débeda-PIB de Galicia pasou de 17,5 a 14,5. Esta é unha caída de máis de 3 puntos, 6 décimas maior que a media das comunidades autónomas, que foi de 2,4 puntos. Pola súa banda, a débeda do Estado da Seguridade Social neste mesmo período seguiu incrementando: do 72,2 por cento ao 79,1 por cento, cun aumento de 7 puntos. Nós baixamos 3 puntos e o Estado central e a Seguridade Social soben 7 puntos.

No Goberno galego somos conscientes de que calquera uso de recurso ao endebedamento debe ser controlado e limitado. Por iso, Galicia hoxe non ten un problema de endebedamento. Repito: Galicia hoxe non ten un problema de endebedamento. Galicia fixo os deberes, blindou a solvencia e a sustentabilidade das contas públicas e, por iso, seguimos unha senda descendente de *ratio* débeda-PIB que chegará a preto do 13 por cento a finais do ano 2026, catro anos antes do obxectivo previsto inicialmente para o ano 2030.

Para o ano 2026 tamén presentamos uns orzamentos sen novo endebedamento por terceiro ano consecutivo. Cos datos do último ano pechado, o ano 2024, onde se observa de forma clara esta boa posición de Galicia, temos unha *ratio* débeda-PIB 6,4 puntos inferior á media e unha débeda por habitante de 2.200 euros menor que a media. Por iso, insisto en que Galicia non ten un problema de débeda, ten un problema de financiamento, e nós, o Goberno de Galicia, o que debemos defender e priorizar son os problemas prioritarios da Comunidade Autónoma, non os doutros, señoría. (*Aplausos.*)

Neste senso, como volta referirse á mal chamada condonación, quero reiterarlle que, en realidade, é unha mutualización de débeda entre todas as comunidades autónomas. A débeda non se condona, non desaparece, redistribúese. O propio anteproxecto do Goberno central así o recoñece, pois recolle que a débeda global do Reino de España seguirá a ser exactamente



a mesma. Parece mentira que a estas alturas os socialistas cheguen a dicir que esta medida é boa para os galegos e as galegas, cando non o é. Significa mutualizar 4.000 millóns de euros, pero tamén significa facerse cargo de 4.600 millóns de euros doutras comunidades autónomas máis endebedadas. É un negocio ruinoso, señoría. Esta proposta tan só ten un obxectivo, que non é o que dixo vostede. O Goberno de España non está pensando na maioría nin no benestar dos galegos e das galegas, o Goberno de España tampouco está pensando en mellorar a solvencia das finanzas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; está pensando unicamente en cumprir —obrigado— o acordo previo con Esquerra Republicana de Cataluña, que é previo a esta proposta de mutualización da débeda.

Pese a que prexudica Galicia, aumentando a débeda total dos galegos e das galegas en seiscentos millóns de euros, os socialistas seguen defendendo e antepoñendo, unha vez máis, os intereses do señor Sánchez aos dos galegos e das galegas, porque esta mutualización non xera máis capacidade de gasto ás comunidades autónomas. Agora xa non o din, ¡menos mal!, voltamos un pouquiño ao rigor. O artigo 10 do Anteproxecto do Goberno central así o recolle expresamente: non mudará o principio de neutralidade para os efectos de estabilidade, débeda e regra de gasto, ou o que é o mesmo, que os recursos liberados, incluído o aforro en xuros, non poderán adicarse ao financiamento das políticas públicas, perpetuando o déficit de financiamento que temos todas as comunidades autónomas para asumir o custo duns servizos públicos cada vez máis oneroso, en especial o dos servizos sociais dende a pandemia.

É máis, este acordo vulnera os principios constitucionais de igualdade, de solidariedade interterritorial e de responsabilidade. Vulnera estes principios porque concede vantaxes económicas a uns territorios sobre outros, asunto totalmente prohibido polo artigo 2 da LOFCA, como debería saber. Por se fose pouco, a falta de condicionalidade na medida proposta incentiva o incumprimento das regras fiscais e a imprudencia na xestión dos recursos públicos. Non o digo eu, dío a propia Airef —á que tanto caso lle fai, e eu, tamén—. A propia Airef ten denunciado que incentiva a irresponsabilidade fiscal ao non exixir reformas estruturais que garantan a estabilidade do sistema. Tamén alerta de que non soluciona o principal problema, que é a reforma do sistema de financiamento autonómico —isto si que o di a Airef—; e tamén alerta de que non se pode empregar para financiar novo gasto. Estes tres asuntos si que os di a Airef.

Por último, ademais de non resolver o problema do financiamento das comunidades autónomas, tampouco garante que poidan voltar ao mercado de débeda as comunidades máis endebedadas.

Señores do Partido Socialista de Galicia, deberían alegrarse de que Galicia non teña hoxe un problema de débeda e apoiar o Goberno galego na súa demanda dun mellor financiamento, que é a auténtica prioridade da Comunidade Autónoma.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Iglesias.



PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

Non sei se leu a miña interpelación, señor Corgos. Xa vexo que non, porque fixo unha rolda de prensa *bis* do proxecto dos orzamentos de 2026. Eu faláballe da quitación da débeda, falaba dun sistema de financiamento autonómico e faláballe de responsabilidade fiscal. Non me contestou ás interpelacións finais que lle fixen na miña primeira intervención. Espero que no seu seguinte turno de réplica me poida contestar.

Señor Corgos, vostede fala de estabilidade e de rigor, pero eu digo que Galicia non é un *powerpoint* de cifras. Aquí fago un pequeniño *kit-kat*, se me permite, que vén a colación: o mesmo *Powerpoint* de 24 páxinas que se elaborou polo equipo económico —non sei se sabe que era o despacho do señor Montoro, investigado por organización criminal e tráfico de influencias— funo ver eu á Consellería de Facenda. Este fíxose sobre a fusión das caixas galegas, e pagouse por el máis de 20.000 euros —¡por un *powerpoint* de 24 páxinas!—. Sigo, señor conselleiro, como deputada, a esperar a que se me dea a copia —¡a copia!— de todos os expedientes de contratación dos contratos menores adxudicados entre 2009 e 2011 por máis de 172.000 euros. Sigo esperando por eses expedientes, señor Corgos. Aproveito para dicirlllo. (*Aplausos.*) Por certo, creo que xa estaba vostede como director xeral de Orzamentos, do 2009 ao 2011, ¿non si? Por tanto, xa estaba por alí.

Pero imos ao que nos ocupa e xa me adianto ao que, seguramente, fará no seguinte turno de réplica. Falan sempre de «sentidiño» nas súas roldas de prensa e de ter orzamentos en tempo e forma —¡só faltaría, coa maioría absoluta que ten o PP!—, fronte ao Goberno de España. Pero é curioso que fagan esa comparativa, porque o señor Montoro, no Goberno de M. Rajoy, cando era ministro de Facenda —ese Montoro investigado por tráfico de influencias e organización criminal—, prorrogou os orzamentos de 2018 en tres exercicios, e, señor conselleiro, creo que Castela e León, Aragón, Baleares e Extremadura están con orzamentos prorrogados. ¿Ou non é así, señor Corgos?

Tamén lle digo outra cousa respecto dos orzamentos de 2026: publicitaron esta fin de semana con bombo e platillo —dous conselleiros recorreron toda Galicia por todos os recunchos galegos— o Proxecto de orzamentos antes de que entrase este luns no Parlamento. Iso é unha falta de respecto institucional a este Parlamento, que é un acólito do Executivo autonómico. Presumen de que se incrementaron un 2,1 por cento, pero eu digo: ¿que máis dá a subida se logo sodes uns nefastos xestores na execución orzamentaria?

Falan dun cinco por cento nas políticas de vivenda. Son datos do último semestre, do 30 de xuño, que nos remiten aquí ao Parlamento. ¡A sanidade está infrafinanciada! O último dato é de seiscientos millóns de euros de infrafinanciamento, recoñecido polo Consello de Contas. ¿Iso é facer bos presupostos, señor Corgos, que é a súa responsabilidade? ¿Seiscientos millóns de infrafinanciamento do Sergas?, pregunto. Despois, claro, son xestores e executan moi ben os fondos Next. Voulle dicir, cos fondos Next chegaron máis de 1.700 millóns de euros. Non sei, supoño que estará de acordo. (*A deputada Patricia Iglesias Rey mostra un gráfico.*) Mire, a ferramenta ELISA. Non sei se a coñece —supoño que si—; é da que se nutre os datos a Consellería de Facenda. Chegaron 1.746 millóns en 1.088 convocatorias; 814 resolucións e a



execución, o 46,6 por cento, señor Corgos, jo 46,6 por cento! Ben, penso que bos xestores non son.

Son uns orzamentos raquíuticos para Galicia; unha Galicia a ralentí, que crece menos que a media de España, e ten un 6,6 por cento menos de peso industrial, segundo os datos do INE —supoño que tamén respectará o INE—, no último dato de agosto do 2025. E 18.500 autónomos menos —que sacou ese dato— en Galicia dende a crise; 18.500 autónomos menos en Galicia.

Señor Corgos, cando rexeitan 4.000 millóns de euros de condonación da débeda pública sen motivo, están dicíndolles ás familias que prefiren pagar máis aos bancos —que prefiren pagar máis aos bancos— que aumentar o orzamento en sanidade, en dependencia ou en educación.

E xa lle advirte tamén a Airef desa política fiscal irresponsable —que leu coma min tamén —sabe ben—, desas conclusións. Eu tamén sei ler o artigo 12 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria, o tema do xuros. ¿E sabe que di tamén o artigo 4 dese artigo 12, verdade? Que as comunidades autónomas que exerzan unha responsabilidade fiscal que implique maior recadación poderán, para cumprir a regra de gasto, aumentar a cantidade equivalente proporcional, señor Corgos. Iso é facer unha responsabilidade fiscal responsable.

Xa conclúo.

Señor Corgos, dígollo con todo o respecto, con vehemencia; con vehemencia, evidentemente, e con contundencia: menos obediencia a Feijóo e máis autogoberno fiscal responsable, porque xa se lles ve o plumero. E xa o dicía —e volvo repetilo, porque creo que pode ser certo— o noso voceiro José Ramón Gómez Besteiro: seguindo as ordes de Feijóo e reeditando a débeda de todas as comunidades autónomas do PP o que van facer é que a única que se vai beneficiar é Cataluña; non polos independentistas de Puigdemont, senón polas ordes de Feijóo, señor Corgos, ipolas ordes de Feijóo! Porque Galicia non precisa —e xa llo digo— un contable da calle Génova; precisa un conselleiro de Facenda que defenda Galicia, a todos os galegos e as galegas, e non ao 4,2 por cento da poboación galega, que é o que beneficia a política fiscal. Por iso lle digo, ¿van aceptar a quitación da débeda de 4.000 millóns de euros? ¿Van presentar unha proposta seria do sistema de financiamento autonómico para Galicia —que gobernan vostedes—? ¿E van aplicar unha política fiscal que non favoreza o 4 por cento dos galegos e das galegas?

Máis nada pola miña parte.

Grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Facenda e Administración Pública.



O CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Miguel Corgos López-Prado): Grazas, señoría.

Eu si que intentei cinguirme ao teor da súa pregunta, señoría. A que non fixo alusión apenas á situación fiscal da Comunidade Autónoma foi vostede na súa resposta, que falou de todo —de *powerpoints*, do que acontecía co señor Montoro e doutras cousas que me escapan...—, pero nada que dicir sobre Galicia. Ben, espero que se estea reservando para o debate orzamentario, non sei... (*Risos do orador.*)

Ao que si que non me resisto é a sacar dúas conclusións: a primeira é que ten un lío fiscal montado, un lío que indica á vez que o orzamento medra pouco, por unha banda, e, por outra, que non cumprimos a regra de gasto. É dicir, o *yin* e o *yang* na mesma peza. (*Risos do orador.*) Está claro que vostede aposta por unha subida de impostos para unha forte suba dos orzamentos consolidados da Comunidade Autónoma.

E o que dixo de que preferimos pagar aos bancos antes que aceptar a débeda é totalmente falso, porque, como ben sabe, a débeda non desaparece, como dicía antes. Os bancos van cobrar igual, a banca sempre gaña. E se non paga a Comunidade Autónoma, van pagar os orzamentos xerais do Estado, e vanse detraer partidas igual de investimentos para Galicia que deberían estar agora consignados nos orzamentos xerais do Estado para pagar intereses da débeda das comunidades autónomas máis endebedadas. Entón, deámoslle un pouco ao raciocinio financeiro antes de dicir todas estas cousas, salvo que o único que pretendamos aquí é vir soltar slogans.

Señoría, volta outra vez co mesmo discurso de rebaixas para ricos que non se sostén. Cada ano, o mesmo, e cada orzamento, tamén.

No ano 2026 aprobamos de novo alivios fiscais selectivos que favorecen uns colectivos prioritarios —xa llo dixen—. E dígolle máis, somos seres tan previsibles que, logo de reunirme cos axentes económicos e sociais para abordar os orzamentos para o ano 2026 e dicir que xa estabamos a valorar novas rebaixas fiscais, vostedes, sen saber cales eran aínda, xa tiñan ditaminado que iamos favorecer de novo os ricos.

Señoría, a inmensa maioría das rebaixas fiscais que leva impulsando este goberno dende o ano 2009 —que son moitas, máis de cen— benefician as rendas medias e baixas; en concreto, como dixo esta mañá o presidente, o 98,5 por cento dos beneficios fiscais.

Señoría, imos agora coas novidades para o ano 2026, xa que lle interesaban tanto. ¿Parécelles para ricos consolidar que o colectivo prioritario para o acceso á vivenda sexan tamén as familias monoparentais cun límite de patrimonio? ¿Parécelles para ricos elevar de 200.000 a 240.000 euros o límite de prezo dunha vivenda para poder beneficiarse dun tipo reducido? ¿Parécelles para ricos eliminar a tributación para as axudas aos enfermos de ELA e aos afectados pola talidomida, coa que agora vostedes, tamén dende o Goberno central e de forma tardía, comezan a axudar? ¿Parécelles... —espero que non se esquezan de recoller esta dedución tamén do IRPF e que non fagan a chapuza que fixeron cos enfermos da talidomida— que é de ricos aliviar os tributos para que unha persoa maior e dependente ceda



algúns dos seus bens a cambio de coidados? ¿Parécelles para ricos que as rendas familiares de ata 30.000 euros per cápita poidan deducir un 15 por cento dos seus gastos por libros e material escolar?

Penso que deberían ser máis prudentes e non dicir o que din antes de coñecer as medidas concretas que van nos orzamentos.

E se podemos manter e consolidar este modelo fiscal é porque a nosa responsabilidade, rigor e sentidiño en materia de endebedamento nos permitiu —pese a problemas de insuficiencias de financiamento do actual sistema, que non nos cansaremos de denunciar— estar en mellor situación comparativa para poder exercer con responsabilidade o noso autogoberno.

Tamén lle pido que non atribúa á Airef algo que non di. Porque en ningún momento sinala —e nese parágrafo que vostede mesma leu aquí non o di— que deberíamos eliminar beneficios fiscais; e moito menos fala de ningunha figura fiscal en concreto. Xa sei que pola súa banda recuperaríase integramente a tributación no imposto de sucesións e doazóns, pero iso non é o que di a Airef.

Quédanos claro que o Partido Socialista recuperaríase integramente a tributación por sucesións e faría tributar a todos os galegos dende o primeiro euro que herdasen, pero iso non é o que di a Airef. *(Aplausos.)* O que si que deixa moi claro a Airef é que a mal chamada condonación non xera maior marxe de gasto para os galegos e para as galegas. Por iso volto reclamar, neste caso ao Grupo Socialista, que por unha vez se poña do lado dos galegos e deixe de ser cómplice da aceptación das chantaxes dos seus socios, dos socios que o manteñen no Goberno central, na Moncloa, un día máis.

Reitero, só hai que ler o anteproxecto para ver que a mal chamada condonación é un negocio ruinoso para Galicia: 600 millóns de euros máis que a débeda global e 226 euros máis de débeda en particular para cada galego e galega. E isto non é igual para todos os residentes de todos os territorios do Reino de España, porque algúns dos promotores desta medida si que se benefician. Nós, cada galego, asumimos 226 euros máis de débeda, pero os promotores desta medida vanse liberar de 404 euros per cápita grazas a esta medida que vostedes defenden con tanto ahínco. Isto si que é o que defenden os socialistas galegos: aumentar o endebedamento por cada galego para que poida reducirse o endebedamento polos promotores reais desta medida. *(Aplausos.)*

Remato xa salientando que en materia orzamentaria cumprimos de novo entregando en prazo o proxecto de contas, como vostede mesma ten acreditado, cun modelo propio e consolidado que nos permite cada ano máis servizos públicos, máis investimento, menos déficit, menos endebedamento e menos impostos, mal que lles pese.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.



Interpelación da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a expansión do eucalipto e o modelo da Xunta de Galicia para a ordenación do monte galego

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Valcárcel.

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, presidente.

Conselleira, señorías, galegas e galegos que hoxe nos seguen, hoxe abordamos unha cuestión de máxima transcendencia para o futuro de Galiza: a denominada moratoria flexíbel que o Goberno da Xunta pretende aprobar e que supón na práctica a apertura á plantación masiva de eucalipto en amplas zonas da provincia de Lugo e noutras comarcas do país tradicionalmente alleas a este monocultivo.

O eixo do gran negocio forestal vai desprazarse cara ao *Eucaliptus nitens*, especialmente en áreas como as terras de Ordes e o centro e o sur de Lugo, que reúnen as condicións óptimas de rendibilidade e aproveitamento.

Cómpre subliñar que en 2024 as cortas de *nitens* xa superaron as de *Eucaliptus glóbulos* e que, por exemplo, no distrito Santiago-meseta interior, superan a Ortegal e á Mariña en volume de corta.

A pseudomoratoria, lonxe de responder ao interese xeral, favorece mecanismos de permuta que posibilitan a substitución de plantacións pouco rendíbles, por exemplo, no sur de Pontevedra; zonas que, polo avance do cambio climático, deixarán de ser aptas por novas masas de eucalipto nas terras de Lugo.

A xestión deste proceso está na práctica nas mans das grandes pasteiras, que actúan como auténticos operadores do territorio, ofrecendo solucións chave en man que supoñen unha mudanza estrutural do modelo forestal galego.

O marco que se propón abre a porta a unha expansión sen precedentes do monocultivo do eucalipto en zonas que ata o de agora se mantiveran protexidas ou pouco explotadas baixo esta dinámica. Sen control público efectivo, Galiza encamiñárase a unha especialización forestal orientada unicamente á satisfacción de necesidades industriais das grandes compañías, en detrimento da multifuncionalidade produtiva, da biodiversidade e do desenvolvemento rural sostible.

En Galiza cortamos cada ano 5,5 millóns de toneladas métricas de eucalipto, pero menos da metade desta madeira fica aquí, e ata un 17 por cento da produción é exportada directamente á industria pasteira portuguesa. Empresas como Navigator ou Altri extraeron só entre xaneiro e outubro de 2024 máis de 673.000 toneladas métricas dos nosos montes; un modelo produtivo que expulsa o valor fóra do noso territorio, debilita a nosa economía e entrega a soberanía forestal aos intereses externos.

E aquí a denuncia debe ser especialmente clara no que atinxe ao sector do piñeiro en Galiza. Os piñeirais quedan orfos, sen apoio real do Goberno da Xunta. No canto de protexelos fronte



ás pragas ou a competencia desleal, a Xunta non só permite, está incentivando a súa substitución por eucalipto.

Esta é a realidade: ningún plan de protección, prevención, nin reforestación dos piñeiros, ningún plan para garantir que o sector medre nin xere valor no longo prazo. E preguntolles: ¿cren algo na cadea forestal madeira galega? O desmantelamento do piñeiro é o desmantelamento dun sector clave para a economía, para o emprego no rural, para a industria e para o equilibrio ambiental do noso país.

Moitas zonas xa agora mesmo están a legalizar as plantacións ilegais con instrumentos a medida: modificacións urbanísticas, catálogos parciais... Segundo Apenfoga, a Asociación de Enxeñeiros, moitas veces sae máis barato pagar a multa que arrincar os eucaliptos. E se a anterior moratoria tivo problemas de verificación e cumprimento, pois esta versión flexíbel é imposible de controlar cos medios que ten a Xunta.

¿Que sistema de control real se vai implantar para avaliar as terras afectadas pola banda marrón? ¿Quen verifica as permutas declaradas entre zonas de baixa rendibilidade e novas plantacións, por exemplo, na Terra Cha? ¿Quen garante que non se estea plantando eucalipto nas dúas ao tempo? Na práctica quen decide e planifica o monte galego non é a Administración, senón as grandes pasteiras, ao abrigo de portas xiratorias e intereses electorais. (*Aplausos.*) ¿Por que a Xunta oculta os datos do *Inventario forestal continuo de 2024* —que demostrarían o incremento da superficie ocupada polo eucalipto até 430.000 hectáreas, segundo algúns cálculos—? Iso como resultado das plantacións ilegais e do incumprimento da moratoria actual. Sen un inventario transparente, sen unha base de datos útil para valorar os piñeiros afectados, falla o control efectivo, e a credibilidade institucional esborrállase completamente.

¿Que fai a Xunta? Pretende usar como moeda de cambio as superficies de eucalipto en Rede Natura 2000, en faixas secundarias, en terras agrarias ou en zonas de protección de cursos de auga, cando esas plantacións por lei deben ser eliminadas, non compensadas. ¡Un auténtico xogo de trileiros! (*Aplausos.*) E, por riba, a Consellería segue facendo oídos xordos á ciencia e aos expertos. Os estudos universitarios galegos alertan desde hai anos dos perigos ambientais, sociais e económicos do avance do eucalipto, do incremento do risco de incendios, da perda de biodiversidade, da degradación do solo e do impacto, ao final, das actividades agrarias e gandeiras. Non obstante, prefírese ceder ante as pasteiras e perpetuar un modelo forestal insostible. ¿Cal é o resultado que pretenden? Avalanchas de *nitens*, especialmente nas zonas de Lugo, con piñeiro *radiata* afectado pola banda marrón, e outras aínda non forestadas; e tamén en toda a franxa norte do Ulla, onde a rendibilidade para a industria é superior. Ence, Altri e Navigator aseguran así a materia prima galega para as súas fábricas. E o sector gandeiro tamén lle advirte do perigo desta pseudomoratoria: destrución de pastos e pradarias, dificultade para o futuro da gandería galega, debilitamento do sector lácteo, desertificación do rural produtivo... A solución, entón, pasa por unha ordenación territorial real, planificada polo interese público, non pola lóxica do monocultivo industrial. Cómpre combinar produción forestal —lexítima, iso si—, actividade agrogandeira, recuperar especies autóctonas e protexer a multifuncionalidade e a biodiversidade de Galiza.



Querida conselleira, señorías, galegos e galegas, resulta evidente que esta moratoria flexible é a porta aberta para unha avalancha de plantacións de eucalipto *nitens* en zonas da provincia de Lugo e no norte do Ulla, en áreas até o de agora libres disto. Pero o importante é entender quen dita esta política e con que finalidade; non é Galiza quen decide o seu futuro forestal. Esta operación está pilotada por Ence, Altri e Navigator, (*Aplausos.*) a Santísima Trindade pasteira; (*Aplausos.*) e en convivencia co PP galego, con portavocías municipais súas e con algunha parte das patronais.

¿O obxectivo? Garantir, custe o que custe, as necesidades de materia prima das factorías, aínda que iso implique sacrificar o equilibrio, a biodiversidade, o rural produtivo, a gandaría e a viabilidade das áreas naturais. Vemos legalización encuberta de miles de hectáreas, compravenda de dereitos e permutas xestionadas por actores privados nun sistema imposible de controlar, cos escasos medios públicos existentes. E mentres, a Xunta oculta os datos reais do *Inventario forestal continuo de 2024*, que confirmarían que a superficie ocupada polo eucalipto medra sen freo, superando as 430.000 hectáreas, impulsada polas plantacións ilegais e polos incumprimentos reiterados. Pregunto: ¿como poden valorar as hectáreas de piñeiro afectadas se nin sequera son quen de crear unha base de datos útil para a súa protección? ¿Como poden falar de legalidade se se legalizan plantacións ilegais e se ignoran zonas que por lei deben ser restauradas? ¿E de que serve falar de progreso se se ignoran os avisos da comunidade científica sobre os riscos dunha Galicia sometida ao monocultivo de eucalipto?

Por iso, Galiza non pode resignarse a ser un territorio ao servizo das pasteiras —é maquillaxe forestal— nin á ocultación da evidencia científica institucional. Exiximos acción real, vixilancia efectiva, transparencia e respecto polo coñecemento, e que se publiquen xa os datos do *Inventario forestal continuo 2024*. Porque, se cae o monte, cae Galiza, e a historia saberá quen foi responsable.

De momento, nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez Rodríguez.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Bo día, presidente. Grazas.

Señorías, a política forestal galega está hoxe marcada por un obxectivo claro: garantir un monte ordenado, produtivo e sostible, que combine aproveitamento económico, equilibrio ambiental e seguridade fronte aos incendios.

Cando falamos de eucalipto, estamos a falar dunha especie presente no noso territorio que xera emprego, pero tamén desafíos de xestión e equilibrio ecolóxico. Precisamente por iso, a Xunta de Galicia decidiu abordar esta cuestión con rigor técnico, planificación e sentido común, e escoitando a todos. Mantivéronse reunións con propietarios forestais,



con comunidades de montes, coa industria, con colectivos de todo tipo, coas administracións locais..., porque unha decisión deste calado só se pode tomar falando con todos os sectores implicados.

E unha vez dito isto, quero deixar claro que non se vai ampliar esa superficie de eucalipto —como di a señora Valcárcel—; a moratoria non só segue vixente, senón que se amplía ata o ano 2030, (*Aplausos.*) sempre con control e con medidas que incluso permitirán reducir progresivamente a súa extensión.

Antes da moratoria actual, a Lei de montes de 2012 xa limitaba e limita esas plantacións: non se poden facer en solos agrícolas nin en terreos con frondosas caducifolias; e para plantar máis de cinco hectáreas de eucaliptos necesítase tamén unha autorización. Ademais, dende o ano 2013 están prohibidas as plantacións en Rede Natura 2000, e a Lei de incendios tamén limita esas plantacións nas faixas. Quero subliñar isto porque xa vexo a súa intención, señorías, que é a de suxerir que as novas medidas —xa o dixeron— dan liberdade para plantar onde e cando un queira, cousa que é totalmente falsa. Ningunha das flexibilizacións previstas anula estas restricións, senón que todas seguen estando vixentes.

A nova proposta incluída na Lei de medidas de acompañamento á Lei dos orzamentos de 2026 simplemente flexibiliza a moratoria actual. A primeira flexibilización permitirá substituír plantacións existentes de eucalipto por especies de coníferas e frondosas, a cambio de poder plantar unha parte menor de eucalipto noutras zonas e sempre con autorización. Isto poderá facelo o mesmo titular, como xa se viña facendo ata o de agora, ou dous propietarios de común acordo. E o resultado é claro: non se aumenta a superficie de eucalipto; e é unha cousa entre propietarios, non entre empresas, como di vostede, señora Valcárcel. (*Aplausos.*) Porque por cada parcela que tivera o cen por cento de eucalipto só se poderá repoboar con carácter xeral o 75 por cento noutra. E é unha medida que impulsa a diversidade e mellora a produtividade do monte, que é un dos obxectivos do Plan forestal.

A segunda flexibilización responde a unha situación excepcional: a crise sanitaria que afecta o piñeiro *radiata*, afectado pola banda marrón. Este problema está a afectar —como ben dixo vostede— con especial intensidade o norte de Galicia e pon en risco unha das principais fontes de madeira para a nosa industria. Por iso, permitírase que nunha única quenda de corta o propietario poida plantar o 50 por cento da superficie afectada e o outro 50 por cento deberá ser repoboado con coníferas ou con frondosas. É unha medida temporal e puntual pensada para ofrecerlles alternativas aos propietarios e que non tiren a toalla, para dar resposta a unha emerxencia sanitaria e económica e para frear o abandono deses terreos que os propietarios non están a plantar. Falamos dunha praga que afecta unhas 30.000 hectáreas de piñeiro *radiata*. É dicir, trátase dunha proposta de equilibrio que busca dar solución a un problema real, sen desviarnos dos obxectivos do Plan forestal. E é importante lembrar o que di o Plan forestal. Di que no primeiro quinquenio, do 2021 ao 2025, se permitirá un axuste nas superficies de eucalipto non superior ao 3 por cento de incremento; e para o cuarto quinquenio —estamos a falar do 2040—, o obxectivo é reducir un 5 por cento a superficie forestal a eucalipto. O que fai agora o Goberno é poñer os medios para que ese obxectivo sexa alcanzable, continuar a regular as plantacións, fomentar outras especies e actuar con rigor sobre as plantacións ilegais.



Quero tamén falar desa parte do control, que di vostede que non se fai. A Xunta leva anos actuando contra as plantacións irregulares e sancionando, cando procede. Dende o ano 2022 ata o 2024 tramitáronse 1.100 expedientes sancionadores. Son cifras que demostran que non hai nin permisividade nin inacción, senón que hai vixilancia, que hai control e que hai sancións. Esta medida favorece a eliminación de eucaliptos en zonas de Rede Natura e, por suposto, nas faixas secundarias de protección, ademais de noutras áreas nas que os propietarios desexen mudar as especies. Por outra parte, a Xunta reforzará os convenios —como xa anunciamos— coa Fegamp e con Seaga, encargados da supervisión da biomasa e da xestión forestal preventiva.

Tamén se está impulsando a planificación forestal —pese ao que digan— con distintos instrumentos de ordenación tales como son os catálogos de usos agroforestais. Sirva, por exemplo, o do Val de Lemos, que xa iniciamos neste 2025, poñendo de acordo a varios concellos e incluso alcaldes de distintas cores; ou os chamados proxectos de ordenación forestal, que iniciaremos neste ano 2026, como marca o Plan forestal de Galicia. Estas ferramentas permitirán coordinar mellor a ordenación do territorio e os usos forestais. Estamos a falar dunha planificación clave para avanzar cara a un modelo de monte multifuncional, equilibrado e con maior valor ambiental.

Falando de axudas, o compromiso económico é firme. Nos últimos anos puxéronse en marcha liñas específicas para fomentar a plantación de frondosas e coníferas, así como para recuperar soutos tradicionais e promover a silvicultura produtiva. ¿Como di que só se potencia o monocultivo cando a Xunta de Galicia está a investir os cartos públicos en promover todas as plantacións? En 2025, destínanse 15 millóns de euros para impulsar prácticas de silvicultura produtiva en coníferas. (*Aplausos.*) Tamén se convocaron axudas para novas reforestacións con especies autóctonas, para apoiar a rexeneración de soutos e para a plantación de castiñeiros de froito. Estas medidas demostran que o obxectivo non é apostar por ningún monocultivo, senón por diversificar e fortalecer o monte galego.

E no ámbito fitosanitario dixo vostede que non facemos nada, ¡mentira! A Xunta tamén está a investir xa este ano 1,4 millóns de euros na serra da Capelada para combater as enfermidades do piñeiro cun plan de acción baseado en tratamentos preventivos, podas, selección xenética e control continuo; investimentos que seguiremos reforzando no ano 2026, non lles caiba ningunha dúbida. E todo isto axuda a manter o equilibrio entre produción e conservación. Queremos un monte que siga sendo fonte de riqueza, pero tamén de biodiversidade, de vida e de protección ambiental. Por iso falamos de producir máis e mellor, pero en menos superficie, e loitando, por suposto, contra o abandono, que é o principal inimigo do monte galego. (*Aplausos.*) Ese é o sentido das medidas que propoñemos.

Señorías, en Galicia non partimos de cero, temos un plan forestal que marca o camiño, temos unha lexislación clara e temos unha moratoria que seguirá vixente ata o 2030, pero con flexibilizacións. O que facemos é actualizala con sensatez, adaptándoa á realidade do sector, ás necesidades dos propietarios e aos retos ambientais que temos por diante. Non se trata de dar marcha atrás, senón de dar pasos firmes nunha mesma dirección: a da ordenación, a da diversificación e a da sustentabilidade.



Sabemos que o eucalipto non é o único reto do noso monte. Enfrontámonos con datos e con control e medidas reais, non con discursos alarmistas. O futuro do monte galego non pasa por prohibir sen máis, nin por permitir sen límites, pasa por xestionar con equilibrio, rigor e intelixencia. Ese é o camiño que marca esta nova etapa: unha moratoria ampliada e mellorada, con máis axudas para especies autóctonas, con máis loita contra pragas e máis planificación forestal.

En resumo, Galicia avanza cara a un monte máis ordenado, máis diverso e máis sostible, cara a un monte que dea traballo, que protexa o medio e que asegure futuro para as próximas xeracións. (*Aplausos.*) Ese é o compromiso da Xunta de Galicia, e nesa dirección seguiremos traballando.

Máis nada e moitas grazas por agora. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Valcárcel.

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, presidente.

Benquerida conselleira, señorías, despois do que aquí expuxo, pois debemos insistir en que o que se está perpetrando co modelo de moratoria flexible é a entrega do territorio galego aos intereses das grandes pasteiras, poñendo en grave risco o futuro ambiental e rural do país.

Non estamos a falar só de cifras enormes. Continúolle a dicir que, especulando, do que falan é de 430.000 hectáreas de eucalipto nos datos do *Inventario forestal continuo*, que a Xunta oculta. (*Aplausos.*)

Vostede fálame de que están falando de ordenar, de que isto non vai a unha prohibición sen máis. A prohibición estana saltando vostedes da propia norma e da propia lei, do Plan forestal galego, que para o 2032 poñía como tope 245.000 hectáreas. Estamos falando de 419.000 oficiais, que van ser 430.000. Estamos falando de que o eucalipto aumentou só entre o 2022 e o 2023 —que é onde podemos ter os datos— en 6.000 hectáreas. Se falamos agora de que temos 430.000, é que foron 11.000 hectáreas soamente nun ano. E vostede fálame de 1.100 ridículas denuncias. Sinceramente, con todo o ilegal que hai, é absolutamente increíble que siga defendendo iso. (*Aplausos.*)

Do que estamos a falar é dun cambio radical que vai inundar de eucaliptos zonas da montaña de Lugo, da Terra Chá ou de todo o norte do Ulla, antes practicamente alleas a esta especie. E, repítolle, todo isto pilotado por Ence, Altri e Navigator, en alianza, loxicamente, co Partido Popular e con parte do sector forestal, a través de permutas, legalización encuberta e xestión interesada.

Supoño que vostedes o que pretenden é capitalizar esta barra libre de eucalipto con fins políticos. Agardo que isto de non poñer normas lle traia algunha rendibilidade. Pero esa é a realidade para o país. Mentres tanto, este goberno é incapaz de contar cunha base de datos



útil para coñecer e protexer as hectáreas de piñeiro afectadas polas pragas, condenando o sector do piñeiro a un abandono total.

A moratoria anterior xa foi un fracaso por esa falta de control e pola legalización das plantacións ilegais posteriores. Pero agora esta versión á carta é directamente imposible de controlar cos medios actuais da Xunta. ¿Quen vai certificar as superficies afectadas pola banda marrón, señora conselleira? ¿Quen vai controlar que as permutas non acaben multiplicando o eucalipto tanto nas zonas cedidas como nas zonas recibidas?

O problema xa dicimos que non é só económico e produtivo, senón que é un gravísimo risco ambiental e social. E repítolle: os estudos das universidades galegas e dos expertos alertan de que o avance do eucalipto multiplica a intensidade e a velocidade da propagación dos incendios forestais, degrada o solo, reduce a biodiversidade e dificulta a recuperación dos ecosistemas tras o lume.

Este ano Galiza viviu unha das campañas de incendios máis duras da historia. O aumento de monocultivo de eucalipto impulsado pola Xunta e polas pasteiras só vai agravar o perigo. A Xunta —volvo repetirille— ten retidos os datos do *Inventario forestal continuo de 2024*, amosando unha preocupante falta de transparencia. ¿Por que se ocultan os datos reais? ¿Canto máis vai medrar a superficie eucaliptizada antes de que recoñezan o problema?

O desmantelamento do piñeiro representa moito máis que a perda dun cultivo tradicional; é o abandono dun sector estratéxico para a economía e para o rural galego. Renunciar ao piñeiro significa renunciar á diversidade tamén produtiva e ecolóxica que fai forte e sostible o noso monte, porque indirectamente é así. Só apostando pola multifuncionalidade forestal, defendendo e ampliando masas diversas, piñeirais, frondosas e todas as especies autóctonas, podemos garantir un verdadeiro equilibrio ambiental, unha maior resiliencia fronte ás pragas, aos lumes e á propia incerteza do clima e crear oportunidades reais de emprego e futuro no rural.

O monocultivo do eucalipto limita o potencial dunha Galiza forestal viva, plural e sostible. E isto non é só unha cuestión produtiva, é unha cuestión de país, de modelo e de responsabilidade ante a nosa historia e ante as xeracións que veñen.

Por iso reclamamos: transparencia plena, publicación urxente dos datos do *Inventario forestal continuo de 2024*, políticas reais de protección do monte galego fronte ao avance do lume...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Valcárcel.

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: ...e respecto polos estudos científicos e polo sector rural. Porque hai outra Galiza posible, a que defenden as comunidades de montes, por exemplo de Pontevedra, que están a poñer freo ao eucalipto e denuncian con firmeza que onde crece o eucalipto non hai herba, non hai nada. Esa é a verdade no territorio e esa é a experiencia directa dos que traballan e viven do monte.

Por iso, señorías, defender o monte galego é defender a vida, porque, cando desaparecen os montes, desaparece Galiza...



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO: ...e non se poderá agochar quen foi responsable.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda de peche para a señora conselleira do Medio Rural, a señora Gómez.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidenta.

Señorías, ¡que fácil é criticar cando non se goberna! Vén vostede aquí facerlle propaganda a varias empresas con nomes e apelidos, e eu non as mencionei para nada nin as tiña na miña cabeza, señora Valcárcel. (*Aplausos.*) Veñen vostedes aquí falar alegremente do monte galego, porque, claro, é moi doado dar á lingua cando non hai que gobernar. E ese descoñecemento tamén lles permite, sobre todo, practicar a hipocrisía.

Voulles recordar unha cousa. Vostedes votaron en contra da moratoria do eucalipto no ano 2021, cando se trouxo aquí a Lei de recuperación da terra agraria. Bueno, é verdade que non estaba nin esta conselleira nin tampouco vostede, señora Valcárcel. Resulta que eu non o acabo de entender, porque vostedes son os que máis defenden a moratoria e resulta que votaron en contra. Non entendo ben. ¿Que pretendían?, ¿ir máis aló? (*Aplausos.*)

Vostede é de Lugo coma min. Igual pode ir á Mariña lucense e dicirlles a todos os veciños e veciñas que lles pagaron os estudos dos seus fillos coas plantacións de eucalipto que teñen alí que os retiren todos, ¡eh! Ou, ou... (*Murmurios.*) ¡Claro!, ¡claro!, que os arrinquen, pero vostede non vai á Mariña lucense dicir iso. Agora veñen aquí dicir que a prórroga é un fracaso, que é maquillaxe política, que é poñer nas mans das pasteiras... ¡Que cousas, de verdade!

Galicia é a primeira potencia madeireira de España. Miles e miles de familias viven da riqueza do noso monte, algo que dende a Xunta de Galicia imos preservar sempre. ¡Non imos acabar co monte galego nunca, ¡nunca! (*Aplausos.*)

Pero para vostedes, coa superioridade moral que os caracteriza desde unha cómoda butaca urbana, é moi doado dicirlle á xente o que ten que plantar e o que non ten que plantar. (*Murmurios.*) Si, si... O verdadeiro problema do monte é o abandono, ¡o abandono! De feito, son moitos os propietarios que, ante a falta de alternativas rendibles, optan por deixar as súas terras improdutivas a xestas, a carqueixas, e iso si que non dá nada; iso si que é un problema para o rural galego. Pero vostedes, en vez de apoiar a planificación e a rendibilidade, ao que se dedican é a alarmar e a falar de monocultivo.

Ademais, son vostedes os reis do rumor. Tentan confundir a xente con datos inventados e cifras sen contrastar. E, falando de oído, montan unha teoría do caos, da conspiración..., co único obxectivo —entendo— de facer ruído político.



Mire, os datos do *Inventario forestal continuo* están aí. Temos 1,5 millóns de hectáreas arboradas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, claro que están aí. Os datos que hai publicados son os do 2023, públicos e transparentes. (*Murmurios.*) Estean tranquilos, que habemos publicar os do 2024, ¡estean tranquilos! E, mentres tanto, o demais son especulacións.

E, se falamos dos investigadores e dos que están a traballar, hai algúns compañeiros seus que non dan os datos que deu vostede aquí. Habería tamén que falar con eles. Aínda que a súa credibilidade é máis que cuestionable.

Vou recordar aquí que cando viñeron falar-me do eucalipto na anterior pregunta ou interpe-lación, afirmaba, señora Valcárcel, que na China había 48.000 hectáreas de eucalipto. Bueno, só no sur hai máis de 5,4 millóns —¡millóns!—. A diferenza entre vostedes e nós é que nós falamos cos datos reais. Falan vostedes de monocultivo do eucalipto. Do total da superficie plantada e arborada, o 27 por cento é de eucalipto, ¡o 27 por cento! Case a metade do 1,5 mi-llóns de hectáreas é de frondosas. ¿Por que non dá vostede ese dato? Porque non lle interesa. ¡Claro!, ¡aí está!, (*Aplausos.*) porque o que interesa é terxiversar, falar de monocultivo. ¡Entón, fale de monocultivo de frondosas, se queremos falar de monocultivo!

E xa que falamos de feitos, vólvolles repetir o do aspecto fitosanitario. Este ano puxemos 1,4 millóns de euros para tratar as enfermidades do piñeiro, e poñeremos máis. Dende a Consellería do Medio Ambiente están comprando parcelas nas Fragas do Eume, por exemplo, para plantar con frondosas e retirar o eucalipto, e nas faixas secundarias tamén estamos re-tirando ese eucalipto. Duplicaremos o orzamento para actuar nesas zonas. Pero iso a voste-des, claro, non lles importa. O que lles importa é relacionar unha especie cos incendios. Os culpables dos incendios non son nin os eucaliptos nin os piñeiros nin ningunha frondosa, son aqueles que prenden lume para que arda.

E, ademais, dicía vostede... —xa me perdín aquí— que...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

MARÍA JOSÉ GÓMEZ RODRÍGUEZ: ...Mire, o BNG vén aquí meter medo, meter medo coas plantacións. Non imos abandonar o monte galego. E mire, hai que ser realistas. Veñen aquí demonizar o eucalipto, as empresas, as pasteiras. E despois non se pode ser hipócrita. Uti-lizamos todos unha cousa tan sinxela como é un pano de papel. (*A conselleira mostra un pa-quete de panos de papel.*) (*Murmurios.*) Gustaríame saber a min —si, si, si— de onde sae o pano de papel, porque de momento non nos soamos con follas de castiñeiro. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

MARÍA JOSÉ GÓMEZ RODRÍGUEZ: Vostedes pensan que canto peor lles vaia aos galegos me-llor lles vai ir a vostedes, pero este goberno non está por ese labor.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pregunta das deputadas Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a sostibilidade económica das entidades sen ánimo de lucro que están prestando servizos no campo da discapacidade intelectual

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para facer a pregunta, ten a palabra a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Boa tarde. Bo día, conselleira.

Como o outro día case non puiden acabar a pregunta porque se acabou o tempo, comezo agora exactamente co enunciado da pregunta, e é: ¿como ten previsto a Xunta de Galicia garantir a sustentabilidade económica das entidades sen ánimo de lucro que están prestando o servizo ás persoas con discapacidade intelectual e desenvolvemento a través do concerto social?

O que vimos preguntar aquí é por un problema que atinxe a estas entidades sen ánimo de lucro que están prestando ese servizo a estas persoas e que teñen firmado coa Xunta de Galicia o que se coñece polo concerto social, e que non é un concurso de licitación gañado por concorrencia competitiva e teñen que facer fronte ás subidas do convenio colectivo do persoal.

En total, son 88 entidades, 5.188 prazas concertadas, cun orzamento actual de máis de 114 millóns, cunha subida que vai supoñer 11.400.000 euros e que fai que as entidades da discapacidade se estean vendo obrigadas a subscribir liñas de crédito. O custo por praza é de 21.980 euros, tendo en conta que hai diferentes módulos para estas prazas. Traballan con persoal de atención directa, pero tamén con outro tipo de persoal, sen o cal non poderían levar a cabo o seu traballo, como é lóxico. Son persoal de limpeza, de administración, de coíña, e aí é onde radica o problema con estas ONG, que, evidentemente, son indispensables estas profesións, estes oficios, estes traballos, para o coidado de terapias, aínda que desde a Xunta hai algúns meses fixeron unhas estimacións que foron ofrecidas polo Imsero e entendemos que se fixeron de xeito opacado, porque querían poñer en marcha sen preguntar a estas ONG pola realidade dese persoal que traballa nesas ONG.

Desde a Consellería estiman que o convenio colectivo, en caso de recoñecer a subida do mesmo, que por lei terían que facelo, só estimaría esa subida para o persoal de atención directa; é dicir, quedaría excluída por parte da Consellería a subida correspondente do convenio para outro tipo de persoal que acabamos de mencionar, como administración, cociña e demais.

Falan dunha subida do 9,5 por cento, que nunca sabemos exactamente cal vai ser a oferta final, e saben que, ademais, hai, como dicía ao inicio, diferentes módulos dos centros de referencia.

Vou citar aquí os catro básicos: hai un centro de atención diúrno, ocupacional, que é un pouco máis barato, con xente para maior autonomía; a praza está en 850 euros a través dese con-



certo. Hai centro de día, con máis necesidades de apoio, con máis *ratio* de persoal e máis actividades terapéuticas; o prezo está en 1.300 euros.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: E despois está o servizo residencial, con máis contía.

Podemos seguir no segundo turno. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Longueira, moi bos días.

Mire, teña por seguro que o Goberno galego é plenamente consciente da importancia que teñen as entidades sociais de atención ás persoas con discapacidade, e así o demostramos nos últimos anos, incrementando o número de prazas públicas coas que contan estes centros, prazas concertadas, ata chegar ás 5.500 cada ano. Investimos máis en programas e actividades que desenvolven todas estas entidades sociais e, por suposto, tamén seguimos mellorando a rede de atención.

Pero, ademais, quero lembrarlle, señora deputada, que puxemos en marcha recentemente, como vostede ben di, o concerto social da discapacidade, dando precisamente resposta a unha demanda histórica do sector e que supuxo un 30 por cento de incremento no prezo de todas estas prazas concertadas. Unha aposta da Xunta de Galicia na que investimos máis de 100 millóns de euros ao ano, precisamente para a tranquilidade das familias e a estabilidade de todas as entidades que lles prestan a mellor atención a todos os usuarios, é dicir, a todas as persoas con discapacidade.

Mire, á diferenza da súa política, señora Longueira, a Xunta non vai dar o mesmo exemplo que vostede ben coñece da Deputación da Coruña. O Goberno galego non vai interromper en ningún momento os pagos e en ningún momento vai deixar varado a quen máis o necesita. Mire, ¿por que non lle pregunta vostede, xa que é tan afín, á Deputación da Coruña, por que, despois de comprometerse durante anos a financiar prazas de moitos usuarios da entidade social Aspronaga, decide, a metade de ano, abandonalos? A Deputación da Coruña acaba de abandonar usuarios que financiaba nesa entidade Aspronaga.

Mire, esa non é a política da Xunta de Galicia. Nós imos seguir traballando sempre ao lado do sector, imos seguir traballando sempre ao lado das entidades sociais, como o fixemos ata agora, apostando sempre polo consenso, apostando sempre polo diálogo permanente con todas estas entidades, e, por suposto, nesta liña de colaboración que nos permitiu nos últimos anos chegar a máis usuarios, a todas as entidades, e, por suposto, garantir máis e mellores servizos en toda Galicia.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, señora conselleira.

Eu agradézolle a alta estima que me ten. Eu traballo aquí no Parlamento, fago as preguntas aquí no Parlamento, a vostede, que é a que ten o poder porque llo deron os cidadáns. Entón, eu preguntarei onde teña que preguntar, falarei con quen teña que falar, pero hoxe toca aquí, porque me pagan para preguntar e para facer o control neste Parlamento, (*Aplausos.*) e a vostede páganlle por facer o traballo que ten que facer.

Xa o outro día a súa compañeira de Vivenda tamén me quería tirar a min o traballo que ten que facer ela. Entón, eu pregúntolle, desde a bonhomía, 5.188 prazas, que son da Xunta, é dicir, fixeron un concerto con estas entidades. Vostedes teñen catro centros da Xunta de Galicia cunha xestión directa, ou polo menos dous deles cunha xestión directa. Nunca sabemos o que custan esas prazas. Nós estamos dicindo que custan estas prazas, que vostedes teñen nun concerto social e que son da Xunta, son responsabilidades da Xunta de Galicia. Estas entidades non foron a un sistema de concorrência competitiva. Vostedes puxeron o prezo e as entidades fanlle o traballo que tiñan que facer vostedes como Xunta de Galicia, e ben feito está, un concerto social ben feito está.

Non é unha crítica, é simplemente que as entidades están asumindo liñas de crédito. Hai tempo que llo veñen avisando, firmaron en último extremo coas promesas que non se cumpriron.

Pero eu non veño aquí falar de se o meu compañeiro Valentín fai ben o seu traballo ou non, que por suposto que o fai ben, como o señor Tomé, dona Raquel, na Deputación de Lugo, por suposto que o fai ben. Só lle digo, neste traballo que é o seu, polo que lle pagan, polo que lles pagan aquí tamén aos seus compañeiros para falar do que se fai aquí: ¿van facer a subida que están precisando? ¿Si ou non?, porque os están afogando.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Longueira, equivócase nunha cousa: as promesas que non se cumpriron, non, porque a Xunta de Galicia cando promete algo cumpre, cumpre sempre, sempre cumpre; (*Aplausos.*) se damos a palabra, cumprimos, señora Longueira.

O que están pedindo as entidades de atención á discapacidade é unha subida nese concerto social, e solicitan, lexitimamente, esa subida tras o incremento do convenio colectivo de



todas as persoas que forman parte destas entidades e que lle prestan a atención á discapacidade. E, por suposto, a Xunta de Galicia está negociando con estas entidades sociais ese incremento no concerto social e por suposto que a Xunta de Galicia vai cumprir unha vez máis con todas as entidades de atención á discapacidade.

Porque mire, fixémoslo no ano 2019 e no ano 2022, con esas axudas extraordinarias para facer fronte ás anteriores subidas dos convenios colectivos de atención á discapacidade. E xa lle anuncio que tamén o imos facer agora, asumindo ese incremento no convenio colectivo, que supón e suporá un importante incremento no financiamento deste concerto social, e ímolo seguir facendo. ¿Sabe como, señora Longueira? Asumindo novamente o custo en solitario, porque por parte do Goberno de España recibimos cero euros para financiar este novo convenio colectivo.

O señor Sánchez non está nin se lle espera, xa estamos moi acostumados. Vostede di iso. Eu o que digo é que achegue ese 50 por cento do financiamento da Lei de dependencia, e que nos achegue a Galicia eses máis de 2.500 millóns de euros que lles debe a todas as persoas dependentes, persoas maiores e persoas tamén con discapacidade.

Porque mire, o único que fai o Executivo do señor Sánchez é poñer cada vez máis trabas. Dámoslle o 100 por cento do grao de discapacidade a todas as persoas que teñen dereito e facémolo de forma automático e ¿que fai o Goberno central? Recórrenolo ao Tribunal Constitucional. Quere poñerlles trabas tamén a todas as persoas con discapacidade.

Pero mire, mentres vostedes seguen criticando a Xunta de Galicia, nós imos seguir na nosa liña, poñendo en marcha cada vez máis e mellores recursos da atención ás persoas con discapacidade, como esas 300 prazas que creamos nun só ano para atender a máis persoas e, por suposto, darlles tamén ese soporte, ese coidado e esa atención a todas as familias, colaborando con máis entidades sociais e poñendo en marcha novos recursos como ese novo centro de atención ás persoas con TEA no concello de Friol, como ese novo centro que estamos financiando no concello das Pontes para atender a persoas que padecen en saúde mental ou a través desa liña de axudas nos últimos tres anos de 13 millóns de euros para construír ou mellorar os centros de atención ás persoas con discapacidade.

A Xunta nunca, nunca, vai deixar de lado nin as entidades sociais nin as persoas con discapacidade.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pregunta da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a materialización da dotación orzamentaria para o desenvolvemento da Lei ELA

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Arias.



RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Benvida, conselleira.

Unha das noticias máis destacadas no día de onte, que aínda aparece na prensa de hoxe, tamén nas tertulias desta mañá, é a aprobación do proxecto de real decreto lei polo que se establecen medidas para cumprir coa Lei ELA. Trátase dun novo paso no camiño, complicado onde os haxa, para que os enfermos cobren, efectivamente, as axudas e teñan acceso aos servizos propostos na lei. A presidenta de Agaela, Susi Seoane, en declaracións aos medios de comunicación, dicía onte: *«El cumplimiento de una obligación que vincula al Estado no debería ser noticia ni sorprendernos, sino formar parte del normal desarrollo del ejercicio político legislativo. Pero vivimos en una situación tan precaria y compleja, el camino ha sido tan largo y los enfermos de ELA tenemos tan poco tiempo, que siento esta consignación prácticamente al límite del tiempo previsto por la ley casi como algo en lo que emocionalmente apenas podía ya confiar pero que racionalmente sabía que debía cumplirse»*, aínda que a propia Susi Seoane, a renglón seguido, dicía que ninguén pode relaxarse, porque aínda queda moito por facer.

E é que, efectivamente, señora conselleira, o de onte foi unha boa nova, pero os antecedentes fannos estar expectantes, porque desgraciadamente Sánchez tennos moi acostumados a aprobar cousas que nunca, nunca, cumpre. E ben o saben os propios enfermos de ELA, porque hai xa varios meses o Goberno central lles consignara un pírrico adianto de 10 millóns de euros pero que nunca chegaron a cobrar. Fannos estar expectantes porque o propio Goberno vinculaba a aplicación do real decreto aprobado onte aos orzamentos, uns orzamentos dos que non sabemos nada. E fannos estar expectantes, porque ata o de agora —oxalá cambie— se amosou cero empático cos enfermos de ELA o Goberno do señor Sánchez, prorrogando ata en 40 ocasións a tramitación desta lei e facendo que, dende que se aprobou ata o de agora, mil enfermos quedasen xa no camiño sen recibir unha soa axuda. Fainos tamén estar expectantes porque a aprobación do Real decreto de onte se fixo á última hora, co Goberno acurralado polas presións dos enfermos e sen ningún tipo de consenso, nin sequera conversas coas comunidades autónomas, que van ser unha parte fundamental no seu desenvolvemento. Finalmente, fainos estar expectantes porque estamos demasiado acostumados a que Sánchez convida ao grande e logo fai un *simpa*.

Señora conselleira, ¿poderíanos facilitar a nós e tamén a todos os enfermos e familiares da ELA algunha información máis sobre este tema que coñeciamos onte? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Arias, como ben sabe, hai máis dun ano, o Congreso dos Deputados aprobou case por unanimidade a Lei ELA despois de dous anos bloqueada. Eu creo que todos somos conscientes neste hemiciclo da crueza e da dureza desta enfermidade, do sufrimento que padecen



cada día todos os doentes, pero tamén todas as persoas que os rodean; é dicir, as súas familias. Todos menos o señor Pedro Sánchez.

E mire —como vostede ben dicía—, onte, a piques de rematar o prazo establecido na Lei, o Goberno central di que aproba unha partida de 500 millóns de euros, que, por certo, aínda deberá convalidar o Congreso. E preguntámonos, despois de 365 días de impotencia e de desgaste de todos estes doentes, ¿canto terán que esperar os doentes para recibir as axudas? Ou, ¿como será finalmente esa partida fantasma de 10 millóns de euros aprobada este mesmo verán e da que nunca máis se soubo nada? Miren, pasou un ano para concretar a creación do grao 3 plus para as persoas con ELA, cando en Galicia xa teñen dende hai anos unha vía preferente. E grazas tamén a ese plan de choque aprobado pola Xunta de Galicia xa se lles concede o grao máximo de dependencia, e concédeselles de forma automática.

Mire, señora deputada, agardamos que, dunha vez por todas, as persoas con ELA poidan contar con esa axuda que lles corresponde por parte do Goberno central. Porque hai unha cousa que está moi clara: as persoas con ELA non necesitan, non merecen máis anuncios baleiros do Goberno central e do señor Pedro Sánchez; o que queren son feitos e financiamento, e son dereitos reais. Por iso, xa lles adianto que a Xunta de Galicia nunca vai mirar para outro lado e seguirá apoiando de forma incondicional todas as persoas con ELA. Así o fixemos ata agora con esas axudas aprobadas dende hai tres anos de 12.000 euros anuais, e ímolo facer tamén agora coa aprobación desa exención fiscal: impostos cero para todas as persoas con ELA que reciban a axuda. *(Aplausos.)*

Mentres o Goberno central continúa optando por ese abandono institucional, poden estar ben seguros, señorías, de que as achegas da Xunta viñeron para quedar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica. Señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Conselleira, deixouno vostede ben claro. O xeito de afrontar as axudas aos enfermos da ELA en Galicia e no Goberno central amosa unha vez máis dous modelos e dúas sensibilidades absolutamente contrapostas. A Xunta de Galicia foi a primeira comunidade en dar esas axudas directas aos enfermos da ELA, e agora —como moi ben dicía—, nos orzamentos —que aquí si se fan—, exímese de pagar fiscalmente esas axudas, e acompañado todo iso doutras medidas sociosanitarias.

Fronte a esta empatía da Xunta de Galicia, ¿que temos no Goberno central? Pois temos unha crueldade absoluta, noqueado como está o propio Sánchez cos problemas que o rodean a el e o seu entorno máis próximo, tanto persoal como político, e absolutamente distante dos problemas que lle preocupan á sociedade. Demóstrao no atraso da Lei ELA, demóstrao na débeda da dependencia e tamén na inseguridade na que deixa ás mulleres vítimas de vio-



lencia de xénero. E nós podemos entender —que nunca compartir— que dende o socialismo galego se lle faga seguidismo a Sánchez destas medidas, pero custa moito máis ver un BNG dicir «si, *bwana*» a todo o que Sánchez propón, antepoñendo sempre, sempre, os intereses de Sánchez aos dos galegos, tamén no caso da ELA; un BNG cada vez menos social e máis machista.

Por certo, conselleira, quero aproveitar esta miña última intervención para amosar a solidariedade do Grupo Popular —estou convencida de que a da inmensa maioría das galegas e dos galegos— polos ataques machistas e sexistas que vostede vén sufrindo por parte da CIG, que é quen está mandando no BNG xunto á UPG. Son uns ataques machistas e sexistas, (*Aplausos.*) sen que nin Ana Pontón nin ninguén do BNG digan absolutamente nada. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Mentres non o fagan...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: ...todo o que digan de feminismo, non terá ningunha credibilidade. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Arias. Rematou o seu tempo.

Réplica do Goberno. Señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Arias, o único certo é que esta partida económica, se é real, tiña que chegar un ano antes; e, aínda así, non sabemos nada de cando se vai materializar esta axuda. Porque, mire, eu lémbrolle que xa pasou coa última medida de emerxencia aprobada polo Goberno central para todos os doentes con ELA: un crédito de 10 millóns de euros —témonos que acordar— para todas as persoas afectadas e do que, meses e meses despois, non sabemos absolutamente nada. Non saben nada as asociacións, non saben nada os pacientes, nin teñen ningún tipo de noticia de cando van a recibir esas axudas prometidas.

Por iso, entenderá, señora deputada, que é lóxico que todos nos preguntemos se vai pasar o mesmo con estes 500 millóns de euros. Se finalmente chegan, ¿como os vai repartir o Goberno central?, ¿habrá doentes de primeira e doentes de segunda? Mire, por desgraza, señora Arias, temos os antecedentes suficientes para desconfiar unha vez máis do Goberno central e tamén dos seus anuncios *express*, porque sabemos que a súa política consiste en aprobar medidas á custa de sobrecargar unha e outra vez todas as comunidades autónomas e, por suposto, sen contar con nós para chegar a ningún tipo de consenso.

Mire, vémolos cada día na atención á dependencia. Por iso tememos que o Executivo do señor Pedro Sánchez faga o mesmo coa Lei ELA. Agora promete esta prestación mensual financiada



a partes iguais entre o Goberno e as comunidades autónomas, pero, ¿como imos confiar no que di este Goberno que cada ano reduce a aportación á atención das persoas dependentes, incumprindo cada ano o que marca a lei, que obriga a chegar ao 50 por cento do financiamento? ¿Ou vaille financiar ao País Vasco e a outras comunidades autónomas o que lle nega a Galicia, creando —como xa fixo— galegos de primeira e galegos de segunda?

Mire, o que temos moi claro, señora Arias, é que as persoas con ELA necesitan un goberno que actúe. O que non queren é un goberno de anuncio e un goberno de foto. Precisan feitos e, ademais, precísanos xa, porque todos estes doentes non teñen tempo que perder. Por iso, reafirmo hoxe nesta Cámara o compromiso da Xunta; un compromiso inquebrantable con todas as persoas con ELA. Teñan por seguro que o Goberno galego sempre, sempre vai estar ao seu carón e sempre lles vai tender a man.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta da deputada Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre os avances na tramitación do plan estruturante de ordenación de solo empresarial relativo á ampliación do parque empresarial da Sionlla, en Santiago de Compostela

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, por tempo de tres minutos —como sabe—, ten a palabra a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, vimos hoxe falar dun proxecto que simboliza —cremos nós— á perfección a maneira de gobernar do Partido Popular en Galicia: propaganda cando hai cámaras, maquillaxe e medias verdades, cando realmente o que temos que facer e rendición de contas aquí no Parlamento.

Falamos da ampliación do polígono da Sionlla en Santiago de Compostela, un proxecto estratéxico —como sabe— para o desenvolvemento industrial da nosa capital galega e para diversificar a actividade económica, ante esa forte dependencia que ten Santiago do turismo e do Camiño de Santiago.

Voulle poñer en antecedentes. Na última comisión de Enerxía e Industria, que foi o 3 de outubro pasado, a súa directora xeral de Estratexia e Solo Industrial afirmou, con toda tranquilidade ante unha pregunta desta deputada, que a ampliación da Sionlla non podía avanzar porque o Ministerio de Transportes non emitira o informe sectorial da autoestrada —existe afección á AP-9, como sabe—. Esa afirmación, señora Lorenzana, é rotundamente falsa. (*Aplausos.*)

O que realmente pasou —voullo dicir e explicarme porque teño aquí a documentación e, se quere, despois, pásolla— (*Aplausos.*) foi que o Ministerio emitiu o 23 de maio de 2025 un



informe técnico no que lle solicitaba a documentación complementaria á Xunta de Galicia —á conselleira de Medio Ambiente— para complementar a avaliación ambiental, porque no mesmo había numerosas deficiencias, e a documentación, señora conselleira, non se enviou ata o 2 de outubro de 2025, reiterando —iso si— a petición de informe.

¡Que curioso!, ¿non, señora conselleira? Enviouse xusto un día antes de que comparecese a directora xeral de Solo Industrial na Comisión de Enerxía e Industria. De repente, chegaron as présas, ou, máis ben, tiran balóns fóra, como fan sempre, amosando nula colaboración institucional nun proxecto que é nuclear para Santiago, onde debería haber —claro que debería haber— colaboración institucional entre todas as administracións públicas implicadas. Colaborar; non pelexar, señora conselleira. Foron meses perdidos pola ineficiencia, pola descoordinación de Xestur, ao mellor, coa conselleira de Medio Ambiente —non sei esa coordinación interna—. Meses en branco e, mentres tanto, as empresas que queren investir en Santiago non poden porque o solo está esgotado desde o 2023.

Pero o problema da Sionlla é un exemplo do fracaso da política industrial da Xunta. As cifras de Xestur amosan ese fracaso: as vendas de solo industrial caeron en 2024 a récords históricos na última década. Temos que remontarnos á época da pandemia, no 2020, cando non había actividade económica, señora conselleira. A ocupación dos polígonos segue estancada, Xestur acumula perdas e proxectos parados en toda Galicia. Non é cuestión do prezo do solo, señora Lorenzana; é unha cuestión de falta de xestión eficiente e falta de planificación do solo industrial en Galicia. Por iso, preguntolle xa directamente: ¿vai recoñecer que a súa directora xeral faltou á verdade...?

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...Ou podémolo dicir máis finamente...:

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Iglesias. Ten un segundo turno despois.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...¿omitiu algún dato relevante...?

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo.

(A deputada Patricia Iglesias Rey pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): O tempo das preguntas —como saben— é o que.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Señora Iglesias, benvida ao apoio á empresa; á empresa de Santiago de Compostela, supoño, pero benvida, de verdade. *(Aplausos.)* É un pracer que, por primeira vez, teña interese no



desenvolvemento industrial dunha cidade, pero, bueno, está ben, comezamos por algún sitio. De feito, Xestur leva moito tempo apoiando o desenvolvemento industrial de Santiago de Compostela, porque a primeira parte deste polígono onde están asentadas 140 parcelas —1,4 millóns de euros—, que eu saiba, o promocionou Xestur, que tan mal —ao parecer— xestiona.

Cando a Xunta de Galicia —dános igual a consellaría que fose— fai o anuncio de que, efectivamente, a finais deste ano, ían comezarse as obras de urbanización da ampliación deste polígono da Sionlla, era tendo en conta uns prazos administrativos de desenvolvemento previo do PEOSE. Non necesito que me dea o expediente administrativo, porque, de momento, os expedientes administrativos os ten a Administración autonómica, non os deputados. Entón, non se preocupe, que o expediente xa o teño eu.

A realidade é que —e vostede creo que o sabe de sobra— para poder licitar as obras de urbanización ten que estar aprobado o PEOSE, o plan estruturante. E supoño que vostede é consciente de que para poder aprobar o PEOSE temos que ter todos os informes. Voulle dar a volta á pregunta: ¿temos o informe de Carreteras? (*Murmurios.*) Non. ¿Cando se solicitou o informe de Carreteras? (*Murmurios.*) Eu non vou entrar nesa cerimonia de confusión que está vostede facendo aquí. ¿Cando se solicitou o informe de Carreteras? En outubro de 2024. E vostedes din que se deron conta aló polo ano 25, non sei cantos meses despois, de que non estaba completa a documentación... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Isto é o que acaba de dicir! ¿Cantos meses lle leva a Carreteras darse conta de que non estaba completo? E entón resulta que Xestur enviou para completar... ¡Hai un ano que se solicitou o informe a Carreteras! É o único informe que falta. E o PEOSE non pode avanzar porque Carreteras non emitiu o informe. (*Aplausos.*) ¡E iso é o que dixo a miña directora xeral! ¿Está o informe de Carreteras? Pregúntolle a vostede. Desde logo, no expediente de Xestur non está. E supoño que vostede non virá a este Parlamento dicirlle a Xestur que continúe o expediente sen un informe, porque xa é o que me faltaría por ver.

Por outro lado, como se incorpora hoxe ao acompañamento industrial, o descoñecemento é de tal calibre que acaba de dicir que o prezo do solo non afecta. Acábao de dicir: o prezo do solo non afecta. Debe ser que na Xunta de Galicia non falamos con empresarios; por iso levamos medidas na Lei de acompañamento, que explicarei o venres, para abaratar o solo. Supoño que vostede estará en contra porque iso non afecta. A cousa é vender solo aínda que sexa 30 veces máis caro que noutros sitios competitivos con Galicia, ¿non?

Non fala vostede cunha soa empresa. Interésalle isto por unha cuestión moi particular, que é Santiago de Compostela, e por iso vén aquí..., (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): ...¡é evidente, é evidente! (*A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana Somoza, pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten un segundo turno. Moitas grazas.



Turno de réplica, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Ben, señora conselleira, interésame Santiago e toda Galicia. Por certo, tamén o polígono industrial de Carballo. (*Murmurios.*) Interésame Santiago e toda Galicia, señora conselleira. (*Aplausos.*)

E vostede pode seguir tirando balóns fóra, que é ao que nos ten acostumado o Goberno do PP. Todo é culpa de España e do Goberno de Pedro Sánchez; ao mellor cada vez se parece máis á bancada radical dos seus compañeiros do Partido Popular. Pero, usando as súas propias palabras dun pleno no que dicía que había que ter respecto a este Parlamento, estoulle facendo unha pregunta, como membro do Goberno, de fiscalización específica de ampliación do polígono da Sionlla, señora conselleira. Ten que respectar este Parlamento. Creo eu que a promoción de solo industrial e Xestur son da súa competencia, da Consellería; competencia exclusiva da Xunta de Galicia como unha das principais sociedades públicas promotoras de solo público.

Voulle dicir: sabían desde o 2022 que ía esgotarse o chan industrial no polígono da Sionlla, señora conselleira. De feito, en outubro do 2023 xa se vendeu, xa non había absolutamente nada no polígono da Sionlla. E voulle dicir tamén: Galicia ten as peores cifras de ocupación de solo industrial en termos comparativos con España, e o organismo de Xestur é un organismo fracasado, burocratizado, lento e ineficaz. É o peor dato de venda de solo industrial pese ás bonificacións neste ano 2024, segundo os datos da memoria de Xestur.

O Ministerio fixo o seu traballo. Emitiu o informe en maio de 2025, maio de 2025, pero a Xunta tardou máis de cinco meses en enviar a documentación que se lle requiriu. Por certo, moitas deficiencias había no PEOSE, do que supoño que terá un informe, pero senón doulle unha copia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque, iso si, a expedientes e a copias moito temos que esperar aquí os deputados para os requirimentos do artigo 9 de que envíen os expedientes administrativos.

Claro que hai que axilizar a petición dos informes sectoriais nos proxectos, estamos totalmente de acordo. Pero dígallo tamén á súa consellaría, que é personificación xurídica única, a Xunta. ¿Canto tardan os informes de Patrimonio para remitirllle aos concellos?

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, moitas grazas.

PATRICIA IGLESIAS REY: ¡Máis dun ano, señora conselleira! Por tanto...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

(*A deputada Patricia Iglesias Rey pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): Grazas, señora presidenta.



Mire, segundo o que vostede di, ao parecer, en maio, había un informe e xa poderíamos ter continuado a tramitación do PEOSE. Está dicindo iso, ¿non? É para sabelo, e chegar a Xestur e dicir que, de acordo cun informe que consta en maio...

En fin, como pode comprender, teño os datos da media que tardan os informes da Xunta de Galicia respecto doutros órganos doutras administracións, e pódolle garantir que é manifestamente superior aos informes dos organismos do Estado. Por certo, a Administración xeral da Xunta ten personalidade xurídica diferente de Xestur que eu saiba, pero ben... Imos deixalo aí. *(Aplausos.)*

O que acaba de dicir vostede é que non hai empresarios que poidan iniciar os seus proxectos empresariais na zona de Santiago de Compostela, que é o que estaba dicindo ao finalizar a outra intervención. Vólvolle dicir: benvida ao acompañamento empresarial. Como se incorpora hoxe para Santiago de Compostela, non sabe vostede, porque non o seguiu, que se crearon hai dous anos figuras de aceleración empresarial que permiten eses proxectos instalarse. Por esa razón, na zona da Lavacolla, está agora mesmo un grupo de empresarios tramitando un proxecto de interese autonómico; é dicir, estase tramitando solo empresarial. ¿Para que cre que puxemos en marcha no ano 2024 todas as medidas de aceleración de proxectos industriais? Por esta razón que vostede descubriu hai unha semana. ¡E como a descubriu hai unha semana vén toda contenta dicir todo isto! *(Aplausos.)*

Claro que si, claro que hai que tramitar os proxectos en Xestur. Claro que son longos, claro que tardan moito os informes. E, como tardan moito os informes, Xestur, que, respecto da Administración Xeral do Estado, ten personalidade xurídica igual de diferenciada que respecto da Administración Xeral da Xunta, deuse conta disto e paralelamente tramitamos unhas figuras de promoción privada do solo, que son compatibles coa promoción pública e que permiten aos empresarios que queren instalarse nunha determinada zona poder facelo de xeito inmediato. Para iso están previstas.

E repítolle, hoxe acaba de descubrir vostede para que valen. A ver se a partir de agora deixa de criticar tanto os proxectos industriais estratéxicos, as zonas de aceleración de proxectos empresariais e solo ou as zonas industriais rurais. Volva ler os requisitos, porque eu creo que non os coñece.

En calquera caso, voulle dicir que, nesta nova política que parece que vai facer a señora Iglesias de apoio ás empresas, a ver se é capaz de darse conta de que, ademais do solo, tamén necesitan enerxía, conexión eléctrica. O seu xefe de filas acaba de cargarse dun plumazo o desenvolvemento industrial de Lugo nos próximos dez anos; a ver se é capaz de trasladarullo. *(Aplausos.)* Tamén necesitan enerxía barata. O seu xefe de filas en Madrid acaba de presentar un recurso de inconstitucionalidade contra o abaratamento da enerxía en Galicia. ¿Que vai facer o Partido Socialista de Galicia? ¿Apoiar un recurso de inconstitucionalidade para abaratar a enerxía dos fogares e das industrias galegas? ¿Que é o que van facer? *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora conselleira. Rematou o seu tempo.



Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta da deputada María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance do Programa galego de detección precoz do cancro de mama desde a súa posta en marcha hai máis de trinta anos

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, o Programa galego de detección precoz de cancro de mama é sen dúbida unha das historias de éxito máis importantes da sanidade pública galega. Hai máis de trinta anos que Galicia puxo en marcha este programa pioneiro que combina prevención, tecnoloxía e equidade para coidar a saúde das mulleres. Desde 1992, realizáronse máis de 3,5 millóns de exploracións e enviáronse máis de 4,5 millóns de invitacións, cunha participación media do 80 por cento, que, no ano 2024, chegou ao 84,6 por cento.

Grazas a este esforzo continuado, detectáronse moitos cancros de mama. Hai un dato que é moi significativo, que é que máis do 70 por cento ou preto do 70 por cento se diagnostican nas fases iniciais, cando a posibilidade de curación é moito maior, e isto tradúcese nunha cifra moi esperanzadora, que é a supervivencia. A supervivencia aos cinco anos nas mulleres diagnosticadas a través do cribado é moi alta. E, detrás destes números, hai vidas salvadas, hai familias tranquilas e hai profesionais que fan un traballo exemplar.

O programa non só mantén a súa eficacia, senón que segue evolucionando e segue mellorando. Así, vimos que se ampliou a idade do cribado ata os 74 anos, incorporándose tamén novos mamógrafos dixitais, incorporándose intelixencia artificial e reforzando a coordinación coa atención hospitalaria. Recentemente, este cribado estendeuse aos centros penitenciarios para garantir que tamén as mulleres privadas de liberdade teñan acceso á detección precoz. Estamos, polo tanto, diante dun programa que simboliza o compromiso da Xunta de Galicia coa prevención, coa igualdade e coa excelencia asistencial.

E, por iso, hoxe, señor conselleiro, gustaríanos que nos explicase cal é a valoración global que fai o Goberno galego dos resultados deste programa tras máis de tres décadas de funcionamento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora deputada, sen lugar a dúbidas a miña valoración non pode ser outra máis que de satisfacción. O cribado do cancro de mama posto en marcha pola Xunta é unha referencia a nivel nacional, e a realidade dos datos así o certifica.



Permíteme salientar que somos as comunidades autónomas quen temos a competencia exclusiva no que se refire a programas de cribado poboacional; un labor que, pese ao que algunhas responsables políticas din, se leva realizando con plena autonomía, profesionalidade e éxito contrastado.

O programa comezou cunha unidade de exploración mamográfica no ano 1992, e na actualidade conta con 24 unidades de exploración mamográfica, 3 unidades da avaliación diagnóstica e 14 unidades de diagnóstico e tratamento.

Pero sen lugar a dúbidas, estes medios de nada servirían sen a responsabilidade das mulleres galegas coa participación nestes programas. Desde o inicio dos cribados, no ano 1992, ata decembro do ano 2024, cursáronse máis de 4,4 millóns de invitacións ás mulleres galegas e realizáronse máis de 3,5 millóns de exploracións. Isto reflicte —como xa se dixo— unha participación global do 80 por cento. Pero se nos fixamos no último ano dispoñible, esta participación acadou cotas de 84,6 por cento, situándonos por riba dos estándares nacionais e internacionais marcados pola propia Unión Europea.

Señora Amigo, esta boa participación vai ligada a que Galicia conta cunha rede propia de cribados, con indicadores de calidade asistencial e sistemas de información actualizados; todo isto coordinado e monitorizado desde a Dirección Xeral de Saúde Pública, o que garante un tratamento homoxéneo a todas as galegas e un seguimento constante dos resultados.

En Galicia, realizamos, ademais, unha análise dos resultados en saúde obtidos a través do Rexistro Galego de Tumores. Esta análise deixa de manifesto que a supervivencia das mulleres varía considerablemente se participan ou non nese cribado. A supervivencia por cancro de mama aos cinco anos das mulleres que non participan no cribado é do 88,6 por cento, mentres que a supervivencia a cinco anos nas mulleres que participan no cribado ascende ao 97,8 por cento, moi por enriba do que é a media española.

Eses datos, que están ao alcance de calquera, xa que se publican na páxina web da Consellería de Sanidade e no Observatorio de Saúde Pública, acreditan o éxito deste programa, porque é a supervivencia acadada o que nos demostra a eficacia dos cribados.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Grazas, presidenta.

Grazas, señor conselleiro, pola súa resposta e, sobre todo, por ese compromiso demostrado coa saúde das mulleres galegas.

Mentres tanto, señor conselleiro —vostede tamén o nomeou—, temos un Partido Socialista queixándose dunha suposta falta de transparencia, cando os datos aquí están, publicados



todos na web da Consellería desde o ano 1992 e abertos a quen queira consultalos. Resulta curioso que quen fala de opacidade sexa quen nin sequera sabe usar un buscador institucional. Iso non é falta de transparencia; iso é falta de información ou de interese. Como se di moitas veces, descoñecemento ou mala fe.

A realidade é que Galicia é un referente en prevención, en equidade e en calidade asistencial. Non só mantemos programas consolidados, senón que ampliamos e incorporamos novas tecnoloxías, tecnoloxías punteiras. E iso non é froito da casualidade, senón do traballo coordinado de profesionais, da tecnoloxía e dunha xestión eficiente.

Mentres outros buscan titulares, Galicia avanza con feitos, innovando e garantindo que todas as mulleres, vivan onde vivan, teñan a mesma atención de calidade. Este programa demostra que a sanidade galega planifica, mellora e cumpre; o mellor aval do compromiso da Xunta coa saúde pública.

E por iso, señor conselleiro, permítame rematar cunha pregunta que vai ao fondo do que de verdade importa, do que lle importa ás mulleres galegas: ¿cales son as principais liñas de mellora e de innovación que se están a impulsar para seguir avanzando na detección precoz do cancro de mama?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora Amigo, como lle dixen na miña primeira intervención, a detección precoz incide na cantidade e na calidade de vida das mulleres diagnosticadas cun cancro de mama. Os bos datos obtidos polo Programa de cribado de cancro de mama fan que sexamos máis ambiciosos e que fixemos novos obxectivos.

Na Consellería de Sanidade traballamos na mellora continua do programa, implementando medidas como a dixitalización da citación mediante SMS, que permite programar citas de forma automatizada, garantindo desta maneira a periodicidade de dous anos do cribado, a incorporación da intelixencia artificial para a axuda diagnóstica e a avaliación dos resultados en saúde e a ampliación do rango de idade das mulleres participantes do cribado dos 70 aos 74 anos. Esta medida posta en marcha a finais do ano 2023 permitiunos cribar máis de 64.000 mulleres ata finais do ano 2024, detectando 456 cancros neste grupo de idade.

Señora Amigo, estes datos que lle comentei falan por si sós, pero temos que ser quen de seguir incrementando os recursos para mellorar a detección precoz. Por iso, avánzolle que, nos orzamentos do ano 2026, a partida destinada aos programas de cribado se incrementará un 11,39 por cento, ata acadar os 3,17 millóns de euros; unha aposta decidida pola prevención de enfermidades que nos fixo e fai ser referentes a nivel mundial.



O Goberno galego está plenamente comprometido cos cribados e con todas as iniciativas encamiñadas á detección e prevención do cancro. Fronte a unha ministra que alarma e comete a irresponsabilidade de poñer baixo sospeita procedementos sanitarios acreditados, en Galicia actuamos con rigor e transparencia. Continuaremos traballando así, publicando eses informes anuais sobre os procedementos e resultados dos cribados.

Non entendemos que pretende agora o Ministerio de Sanidade solicitando datos de cribado polos que nunca, absolutamente nunca, se preocupou e que mesmo abandonou durante anos en Ceuta e Melilla, onde ostenta as competencias sanitarias. O Ministerio non dispón dunha rede propia de cribados, nin de sistemas de información actualizados, nin de indicadores aprobados de calidade asistencial, nin dun modelo de avaliación; polo que non imos aceptar unha fiscalización partidista de quen non sabe xestionar as súas competencias nin garantir un modelo de información homoxéneo para o tratamento de datos.

Somos moi conscientes de que a detección temperá é a mellor maneira de abordar as enfermidades. Por iso, a Xunta non escatima nin esforzos nin investimentos nesta materia, porque unha boa prevención é garantía de saúde futura. En Galicia promovemos e fomentamos os cribados porque salvan vidas. Lamentamos que á ministra de Sanidade os cribados só lle importen para o seu futuro político.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Alteración da orde do día

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coas seguintes preguntas, que van ter un debate acumulado, as que están referenciadas na orde do día no punto 7.6 e 7.7.

Pregunta das deputadas María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as actuacións que prevé desenvolver o Goberno galego ante os datos relativos ás listaxes de agarda das distintas áreas sanitarias de Galicia

Pregunta da deputada Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego ante os últimos datos publicados en relación coas listas de espera no sistema público de saúde, singularmente no referido á contratación de persoal

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, en primeiro lugar, intervén a voceira do Partido Socialista.

Ten a palabra a señora Espinosa.

MARIA ELENA ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidenta.

Bos días, conselleiro.



As esperas para unha intervención cirúrxica, unha proba diagnóstica ou unha consulta cun especialista hospitalario levan sendo dende hai anos unha das principais queixas da cidadanía galega respecto do sistema sanitario.

Unha macroenquisa realizada polo INE e o Ministerio de Sanidade mostra que case un terzo dos galegos e das galegas, un 31,76 por cento, se queixa da demora excesiva ou mesmo da inaccesibilidade á asistencia médica polas listas de espera. Este dato coloca os galegos e as galegas no podio dos que máis se queixan desta situación, só superados polos rioxanos. E estas queixas son fundamentadas, dada a situación crecente dun sistema que durante os últimos anos viu recortada a súa capacidade asistencial.

Pero o Goberno galego vén presumindo de maneira sistemática de que as listas de espera melloran e sabe que non é certo. Cando publicaron as últimas hai uns días, non foron capaces de facer unha nota de prensa conxunta para Galicia; foron contando en función das áreas sanitarias e do que lles conviña falar: nun sitios de consulta, noutros de cirurxía, e así foron tratando de enganarnos, de despistarnos...; en definitiva, de manipular a realidade.

Pero, señor conselleiro, poden dicir o que queiran, pero na calle é fácil saber o que pensa a xente, porque non é tan difícil recoñecer que os tempos da sanidade son importantes. Detrás de cada atraso hai unha persoa que ten problemas de saúde. Hoxe mesmo, unha persoa que traballa aquí, no Parlamento, dicíame que acababan de citala para un especialista. O tempo que tivo de espera foi dun ano e un mes, e a súa saúde seguramente se agravou —como a da demais xente— mentres está pendente de ser atendida. E isto tamén xera malestar, angustia e inseguridade para os familiares. Por iso lle preguntamos: ¿que pensa facer o Goberno galego para rebaixar as listas de espera en Galicia?

Señor conselleiro, non son tres persoas; son máis de 360.000 persoas as que están en lista de espera, e non son números, teñen nome e apelido. Por iso, pídolle que, cando responda, non o faga ao noso grupo, non o faga aos e ás socialistas, senón que o faga a todas e cada unha desas 360.000 persoas que esperan. Déalles unha resposta satisfactoria; se non, preguntaranse que está facendo a Xunta coas súas competencias ano tras ano, día tras día, que non facemos nada máis que empeorar. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para formular a pregunta, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra dona Iria Carreira.

IRIA CARREIRA PAZOS: Moi bo día.

Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, hai un mes, cando desde o BNG lle formulamos unha interpelación sobre a atención sanitaria que se prestou neste país durante o verán, vostede respondeulle á nosa compañeira Montse Prado, entre outras cuestións, enumerando cantas cousas máis se fixe-



ron durante o verán: máis cirurxías programadas, máis cirurxías prioridade 1, máis probas diagnósticas, máis consultas, máis consultas nas vías rápidas e un longo etcétera.

En marzo, nunha interpelación que eu mesmo lle formulei sobre a situación das listas de espera, vostede falaba do incremento nas cirurxías. Daquela daba o dato do 5,6 por cento de incremento; nas consultas, un 2,7 por cento; e nas probas diagnósticas, un 4 por cento.

Cada vez que ten ocasión, vostede fala dos incrementos que se fan na actividade asistencial —inciso—, sen comentar como é esa actividade asistencial, porque vostede non fala das peonadas, das prolongacións de xornada, da sobrecarga asistencial que supón para o persoal traballador e da precarización do emprego público. Mais, señor conselleiro, ¿este incremento na actividade asistencial mellora as listas de espera? O certo é que non. As listas de espera están nunha situación grave e con cifras alarmantes, con mínimas variacións semestre tras semestre. Ás veces melloran un pouco, ás veces empeoran un chisquiño, pero o que mostran a todas luces é que este é un problema gravemente enquistado na Consellería de Sanidade e que, pese a toda a propaganda que levan vertido, está moi lonxe de superar a pandemia da covid.

Segundo os datos que o Sergas fixo públicos, en xuño de 2025 eran 49.223 persoas as que estaban agardando por unha cirurxía —13.500 máis que no 2019; a espera media é de 69,3 días, case 15 días máis que no 2019— e eran 193.336 as persoas que estaban agardando por unha primeira consulta hospitalaria —26.500 máis que no 2019—. A espera media para esa primeira consulta era de 53,3 días, case 16 días máis que no 2019.

Da espera de segundas e sucesivas visitas, nada se sabe. Eran 117.891 as persoas que estaban agardando por algún tipo de proba complementaria, 32.900 máis que no ano 2019. E vostede sabe que estes datos que lle estou dando non son completos, porque vostedes —porque o Partido Popular— se negan de xeito reiterado —si, outra vez, señor conselleiro, néganse de xeito reiterado— a publicar os datos das listas de espera non estruturais. Vostedes rasgan as vestiduras falando de transparencia e despois non son quen de facer públicos os datos, como se lles require tamén a través do Regulamento deste Parlamento. *(Aplausos.)*

Por iso, señor conselleiro, preguntámoslle: ¿que é o que van facer?, ¿que medidas van tomar para desenquistar a situación das listas de espera?, ¿canto persoal máis van contratar para realizar todas estas cirurxías, todas estas consultas hospitalarias e todas estas probas complementarias que teñan acumuladas? *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta de xeito acumulado, o señor conselleiro dispón de seis minutos.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta; grazas, señora Espinosa, e grazas, señora Carreira.

Grazas por traer esta iniciativa ao Pleno, que me así me dan a oportunidade de poñer en valor o traballo extraordinario que realizan os profesionais do Servizo Galego de Saúde; un traballo que permite realizar cada vez máis actividade asistencial, ao tempo que se reducen



os tempos de espera e que fai posible que os galegos e as galegas estean entre os españois que menos agardan por unha intervención cirúrxica, por unha consulta co especialista ou por unha proba diagnóstica.

O certo é que, cada vez que na Consellería de Sanidade publicamos os datos de listas de espera, aí están vostedes para anunciar a fin do mundo na sanidade pública galega. Sexan cales sexan os datos, sempre, todo mal. Vostedes teñen esa teima obsesiva de tratar de vender unha imaxe irreal e catastrófica das listas de espera en Galicia, pero, nada máis lonxe da realidade. Os datos son bos, progresan e melloran.

Mire, para empezar, Galicia é un exemplo de transparencia no ámbito das listas de espera hospitalarias, publicando máis información da establecida na lexislación e presentando os datos de maneira anticipada. A día de hoxe o Ministerio de Sanidade non fixo públicos os datos das listas de espera en España correspondentes ao primeiro semestre do ano. Os datos de Galicia e de cada unha das súas áreas sanitarias están publicados desde o pasado día 9 de outubro.

Voulle explicar eses datos porque coido que non os miraron ben. Con data de 30 de xuño de 2025, o tempo medio de espera para unha intervención cirúrxica en Galicia é de 79,5 días, o que supón 1,8 días menos que no mesmo período do ano anterior, e moi por debaixo da media estatal, que no último informe publicado polo Ministerio de Sanidade se sitúa en 126 días. É dicir, os galegos agardan para operarse 56,7 días menos que a media española. (Aplausos.) Ademais, só o 4,2 por cento dos pacientes galegos teñen que esperar máis de 180 días para unha operación, fronte ao 20,5 por cento no conxunto de España. Pero non só reducimos os tempos de agarda; facémolo ao tempo que aumentamos a actividade, facendo case 1.700 cirurxías máis que no primeiro semestre do ano pasado e reducindo en máis de 1.000 o número de pacientes que agardan por unha operación.

Dígolle, ademais, que, onde vostedes ven números dos que sacar algún réditto político, nós vemos pacientes con patoloxías diferentes e, en consecuencia, con necesidades asistenciais diferentes; e, tendo en conta iso, atendemos antes que nada o máis urxente, e facémolo moi rápido. Cirurxías prioridade 1: en Galicia realízanse de media en 17,7 días, moi por debaixo do límite legal establecido en 30 días e mellorando os rexistros do ano anterior. Outro dato: cirurxías complexas. Este semestre rexistráronse 2.024 operacións cun robot cirúrxico, un 8 por cento máis que no mesmo período do ano pasado. Pero no eido das consultas externas o tempo medio de espera no primeiro semestre do ano foi de 57,3 días, 14,3 días menos que en xuño de 2024, e o número pendente de pacientes reduciuse nun 12 por cento, nada menos que 26.000. Todo isto á vez que se incrementaba a actividade nas consultas cun 2 por cento máis que no ano anterior. De novo Galicia é hoxe unha das comunidades con menor demora para acceder a unha primeira consulta de especialista, situándose 18,2 puntos por debaixo da media do Sistema nacional de saúde.

E tamén se incrementou a actividade asistencial cun 2,8 por cento máis de probas diagnósticas no mesmo período do ano anterior, sen aumentar os tempos de espera: vías rápidas de diagnóstico de cancro, media de 6,6 días de espera, moi por debaixo do obxectivo de 15 días e cun incremento do 7,5 por cento na actividade respecto ao ano anterior. No que atinxe ao



decreto de garantías, máis de 31.000 pacientes se beneficiaron del no primeiro semestre do ano, un 3,9 por cento máis que no mesmo período de 2024.

Señoría, estes resultados amosan que o sistema sanitario galego segue a ser referente en accesibilidade e equidade, cun modelo baseado na planificación, na eficiencia e na aposta pola última tecnoloxía sanitaria. A realidade é que Galicia ten uns dos tempos de espera máis baixos de España, tanto en cirurxías como en consultas, e que todas as áreas sanitarias se manteñen en cifras positivas, incluídas as comarcais, que seguen ofrecendo tempos de resposta inferiores á media autonómica. Sabemos que hai marxe de mellora, pero os datos son claros: Galicia reduce tempos, atende máis pacientes e mellora o cumprimento dos tempos máximos de garantías establecidos. E iso débese ao esforzo dos profesionais e á estabilidade dun modelo de xestión sanitaria que pon por diante os intereses dos pacientes. O Goberno galego vai seguir traballando con rigor, con planificación e con responsabilidade, consolidando un sistema sanitario público que acada un dos mellores resultados no referido ás esperas e aos servizos hospitalarios.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica. Señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Señor conselleiro, con todo o respecto, deixe de facer de disco raiado. Nós somos realistas; sabemos ler, sumar e comparar os datos que vostedes publican. E mire, soamente lle vou dicir unha cousa: que eu saiba, o Ministerio de Sanidade non ten listas de espera; suma e publica as que vostedes mandan. *(Aplausos.)* Se unha comunidade autónoma non as mandou, non as poden publicar. *(Aplausos.)* Pero mire, as listas de espera seguen pulverizando rexistros negativos na sanidade galega.

Por certo, falando de datos oficiais, como socialista e como muller, pídolle que envíen os datos de cribados que lles solicita o Ministerio. *(Aplausos.)* ¡Non xoguen coas mulleres! Non creen inseguridade coas mulleres, *(Aplausos.)* e non o fagan por pura confrontación e deslealdade co Goberno de España. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, coa saúde non se xoga e coas listas de espera, tampouco. E, se non poden cumprir coas promesas que fixo o seu presidente, o señor Rueda, cando dixo que no ano 2023 se ían rebaixar as listas de antes da pandemia, rectifiquen. Mire, nós somos tan realistas que ata lles damos de prazo non o 2023 —que xa pasou—, senón o 2026. Porque hoxe son 73.000 persoas máis que antes da pandemia as que están nas listas de espera, e máis días de espera que os que prometeron. E isto é moi grave, porque en decembro tamén se incrementan os días de espera para a prioridade 1.

Ou responde claramente, ou rectifican as promesas, que imos entender que teñen que facelo. Pero, se non rectifican, imos entender claramente por que xa case o 20 por cento da poboación de Galicia ten seguros privados. ¡Si que o imos entender rapidamente! *(Aplausos.)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Espinosa.

Turno de réplica. Señora Carreira.

IRIA CARREIRA PAZOS: Señor conselleiro, que lonxe queda aquel Consello da Xunta de xaneiro de 2023, cando o señor Rueda saía todo optimista anunciar que ían acadar os resultados das listas de espera do ano 2019 e incluso superalos. ¡Que pena que o señor Rueda non marcara ningún límite temporal!, porque, a este ritmo, imos tardar moito en chegar aos niveis de 2019. *(Aplausos.)* Porque o certo é que desde que o presidente da Xunta anunciaba este programa de intensificación asistencial, as listas de espera en probas diagnósticas incrementáronse, e temos 3.000 persoas máis en lista de espera cirúrxica.

E permítame a pregunta, conselleiro: ¿a vostede non lle preocupa?, ¿a vostede non lle preocupa saber por que cada vez temos máis persoas agardando por unha cirurxía?, ¿a vostede non lle preocupa que, a pesar de todos eses incrementos da actividade asistencial que vostede acaba de enumerar, as listas de espera estean como están? Porque os incrementos e as mellorías que vostede remarca e salienta como positivas son mínimas, son total e absolutamente mínimas.

Mirar cara a outro lado mentres seguen afundindo a sanidade pública non é unha opción. Vostedes son os responsables da situación porque teñen as competencias en sanidade. Poden seguir botándolle a culpa a quen denuncia a situación, poden seguir tachádonos de alarmistas e catastrofistas ou poden seguir dicindo que as miles de persoas que están nesta situación son simples casos puntuais. O que máis lles preste. O certo é que vostedes teñen as competencias en sanidade. Vostedes son quen deseñan ou quen deixan de deseñar os plans de ordenación de recursos humanos. Vostedes son quen determinan a política de contratacións e deciden que as peonadas, que as prolongacións de xornadas, son moito mellor sistema que aumentar os cadros de persoal, que incrementar as contratacións. Vostedes son quen planifican esa actividade asistencial, e prefiren seguir sacando peito duns datos que —como digo— están incompletos porque faltan todas as persoas que están en lista de espera non estrutural, e que, ademais, distan moito de ser aceptables.

É tristísimo que vostede veña sacar aquí peito duns datos que son dramáticos.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

IRIA CARREIRA PAZOS: É tristísimo e, ademais, é unha mostra de empatía tremenda. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

(A deputada Iria Carreira Pazos pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Réplica do Goberno. Señor conselleiro.



O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Señora Espinosa, ¿sabe vostede navegar en Internet? ¿Si? Pois aí ten toda a información que solicita. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, aí a ten; se a quere saber, aí a ten. Hai que saber navegar, nada máis. Menos mal que as mulleres galegas si que saben navegar na rede. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Ben, o Goberno galego trata de mellorar continuamente, (*Aplausos.*) e recoméndolle á oposición que faga o mesmo e tamén traten de mellorar na súa interpretación dos datos para non caer sempre nos mesmos erros. Poden retorcer as cifras, poden comparar períodos distintos non equivalentes, poden dramatizar, poden facer todo o que queiran. Pero os datos din que o Servizo Galego de Saúde, no primeiro semestre do ano 2025, aumentou a súa actividade e reduciu as esperas. Así que sexan honestos e recoñezan o que é incuestionable: que os galegos agardan case 57 días menos para operarse do que fan de media o resto dos españois.

Poñan en valor o esforzo de xestión e o traballo dos profesionais, que fixo posible reducir nada menos que 14,3 días o tempo de espera para consulta co especialista no primeiro semestre do ano. Significa que en Galicia os cidadáns agardan menos de 60 días —concretamente, 57,3 días— para unha consulta, mentres que no resto de España a media é de 105 días.

O noso deber é seguir traballando para mellorar, e sabemos que temos que facelo. Por iso, os orzamentos da Xunta para o próximo ano medran especialmente no tocante á sanidade pública, con máis recursos para infraestruturas, máis equipamento e, sobre todo, con máis dotación de persoal sanitario. Queremos mellorar, pero iso non nos impide ver como unha boa nova que a sanidade pública galega fose capaz de realizar no primeiro semestre do ano máis cirurxías, máis consultas e máis probas diagnósticas, reducindo os tempos e o número de pacientes en espera.

Ademais, reparen no detalle de que ningún hospital público de Galicia presenta tempos de espera que se acheguen nin sequera remotamente aos da media estatal. E non deixen de fixarse na notable evolución con respecto ao ano pasado en dúas áreas: Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, diminución de 20 días; Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, diminución de 10 días.

Tamén quero destacar especialmente o papel dos hospitais comarcais. O tempo para operarse está por debaixo da media galega, en 69,3 días, e, polo tanto, entre os mellores rexistros de España. Iso é froito da dedicación dos profesionais que, malia as dificultades en determinadas especialidades, manteñen un nivel de rendemento realmente exemplar. E, se queren, comparámolo con sistemas sanitarios xestionados polos socialistas: Asturias, 90 días; Castela-A Mancha, 113 días; Navarra, 94 días; Cataluña, 145 días. Persoalmente, non entendo como teñen vostedes agallas de vir aquí criticar as listas de espera galegas vendo o que fan alí onde gobernan os seus homólogos.



En relación coas consultas, todas as áreas sanitarias galegas están por debaixo da media nacional en canto a esperas, cunha media de 57,3 días, fronte aos 105 días da media nacional, segundo os últimos datos publicados. E imos reparar outra vez na xestión socialista da sanidade pública: Asturias, 97 días; Castela-A Mancha, 60 días —bueno, non está mal—; Navarra, 154 días; Cataluña, 110 días.

Vostedes sempre sacan as mesmas escusas: listas de espera non estruturais, datos manipulados. A Consellería de Sanidade cumpre escrupulosamente co seu deber de facilitar información sobre as listas de espera, segundo o establecido na normativa básica estatal e na propia normativa autonómica. Non só iso, senón que ademais facemos un exercicio de transparencia e adiantámonos á publicación dos datos enviados ao Ministerio de Sanidade sobre o peche de 2024.

A espera estrutural é aquela atribuíble a nós, á organización dos recursos dispoñibles. Polo tanto, é a relevante para analizar as capacidades do Servizo de Saúde de dar respostas ás necesidades reais. A espera non estrutural é aquela non atribuíble á organización dos recursos; por exemplo, se os pacientes non son operables por motivos médicos ou porque elixen voluntariamente non ser operados no momento en que son citados. Estes motivos non son algo que a Administración poida xestionar.

O que pasa é que a vostedes non lles interesa en absoluto analizar se a Xunta fai o seu traballo ben ou mal; o que lles interesa é enlamar e enganar, porque é a súa maneira de facer política. Sen embargo, a nosa política non é a da lameira, senón a de xestionar de maneira efectiva os recursos para posibilitar que as galegas e galegos agarden o mínimo posible polas súas cirurxías, polas súas consultas e polas súas probas diagnósticas.

E isto demostrámolo, un ano máis, cuns orzamentos centrados na saúde, incrementándoos ata superar os 5.500 millóns de euros o gasto en sanidade, un 3,3 por cento máis que o ano anterior e un 50 por cento máis do que gastaban vostedes cando gobernaban na Xunta de Galicia.

O que lles dicía: xestión *versus* lameira. Nós estamos do lado de protexer a saúde dos galegos; vostedes, no lado do negacionismo sanitario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte pregunta, para a que imos chamar a conselleira de Medio Rural.

Pregunta do deputado Miguel Ángel Viso Diéguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre a proposta da nova PAC que prevé entrar en vigor a partir do ano 2027

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para facer a pregunta —como sabe—, dispón vostede de tres minutos. Ten a palabra o señor Viso.



MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Moitas grazas, presidenta.

Señora conselleira, hoxe falamos da PAC, que —como sabe— é un tema que me toca profundamente de cerca. No ano 2002, tiven a oportunidade de incorporarme ao servizo do Fogga, o Fondo Galego de Garantía Agraria, o cal é o servizo que xestiona os pagos do FEAGA, o Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria. Alí comprendín desde dentro o valor real da política agraria común nun territorio como Galicia; vin o impacto directo que ten cada normativa, cada axuda e cada decisión europea sobre miles de familias que viven do campo, e aprendín tamén que a PAC non é unha teoría nin un papel en Bruxelas; é futuro, é renda, é relevo xeracional e é a vida para o noso rural. Por iso, este non é un tema menor.

O sector agrario e gandeiro galego é unha das columnas vertebrais do noso medio rural, non só dende o punto de vista económico, senón tamén dende o punto de vista social e ambiental. Falamos dun sector que mantén vivos os nosos pobos, que coida o territorio e que garante un alimento de calidade e de proximidade. Galicia, señorías, conta con profesionais altamente cualificados que demostraron a súa capacidade para innovar, adaptarse e liderar transformacións cara a un modelo máis sustentable e resiliente.

Porén, nos últimos anos o sector viuse sometido a grandes desafíos: o relevo xeracional, a adaptación ás novas exigencias ambientais, a dixitalización, o incremento dos custos e a competencia global. E todo iso require dunha política agraria común forte, estable e ben financiada.

Por iso, señorías, señora conselleira, preocupan profundamente as noticias que apuntan a un posible recorte do 20 por cento nos fondos destinados da PAC no próximo Marco financeiro plurianual 2028-2034, aprobado pola Comisión Europea no pasado mes de xullo. Señorías, un recorte destas características suporía un golpe moi duro para o noso rural, cun impacto estimado de arredor de 80 millóns anuais, de 80 millóns de euros menos cada ano; é dicir, preto de 480 millóns no conxunto do período.

Ademais, a proposta de diluír a PAC nun fondo único xunto coa pesca e coa cohesión territorial e eliminar os dous piares tradicionais, as axudas directas e o desenvolvemento rural, debilitaría un dos instrumentos máis eficaces que temos para apoiar os agricultores e gandeiros. E, nese contexto, señora conselleira, Galicia, que sempre fixo un uso responsable e eficiente destes fondos, non pode quedar atrás. Por todo iso, gustaríanos coñecer que valoración fai o Goberno galego da proposta da nova PAC, que prevé entrar en vigor a partir do ano 2027.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Moi bo día de novo.



Grazas, presidenta.

O modelo para a nova política agraria común, no novo Marco financeiro plurianual 2028-2034 supón unha transformación radical da política agraria europea. Este cambio altera a arquitectura tradicional deses dous piares dos que vostede falou, cos fondos FEAGA, por un lado, e os Feader, por outro, que, ata agora, garantían ingresos aos agricultores, pero tamén fomentaban un rural vivo e sostible, capaz de fixar poboación e de promover o relevo xeracional efectivo.

A Comisión Europea propón integrar ese segundo pilar da PAC nun fondo único conxunto con outras políticas, con outros fondos de cohesión, mantendo as axudas directas á renda pero diluíndo a maioría das achegas dese segundo pilar, as orientadas ao desenvolvemento rural; algo co que non estamos de acordo dende Galicia.

Os efectos negativos desa nova PAC son múltiples e profundos. Por unha parte —como ben dicía—, ese recorte do 20 por cento no financiamento limita moito a capacidade para manter políticas agrarias que funcionan. En Galicia, isto é especialmente grave, porque non se pode facer máis con menos, e necesitamos financiamento suficiente para todas as medidas. A desaparición do segundo pilar da PAC pon en perigo todas as políticas de desenvolvemento rural, tales como as infraestruturas, a mobilidade de terras ou, entre outras, as axudas LEADER. Isto fai que vivir e traballar no campo sexa menos atractivo, dificultando que a xente quede nos pobos e estes se manteñan vivos, con servizos e con infraestruturas.

A nova PAC tamén representa un risco para a garantía da produción de alimentos en Europa. Ao reducir a protección aos agricultores europeos, aumentarán as importacións, o que causará a subida de prezos aos consumidores e dificultará un abastecemento estable e, sobre todo, de calidade.

Ademais, o modelo proposto xera desigualdades entre países e rexións dentro dun mesmo Estado, porque permite que cada territorio poida decidir os seus sectores prioritarios e o financiamento que destina. Xera desigualdades entre as comunidades autónomas, pois as que dispoñen de máis recursos poden cofinanciar en maior medida.

E, por último, a exclusión do sobre específico para a PAC aos investimentos no rural non vinculados directamente aos agricultores, reducirá a capacidade de desenvolver iniciativas locais, xa sexa por parte de empresas privadas, ou das administracións públicas locais, o que ameaza a creación de postos de traballo.

Como ven, señorías, temos motivos suficientes para pedir ao Goberno de España, a través do Ministerio de Agricultura, que vete ese novo marco financeiro se non se manteñen esas partidas específicas para o medio rural.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señor Viso.



MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: Moitas grazas, presidenta.

Grazas, conselleira.

Grazas pola súa resposta e, sobre todo, polo traballo que o seu departamento está a desenvolver en defensa dos intereses do noso rural.

Quero empezar recoñecendo o esforzo da Xunta de Galicia por manter unha posición firme e coordinada con outras comunidades e cos nosos representantes en Bruxelas, poñendo o foco na defensa dunha PAC sólida e diferenciada que continúe sendo o principal instrumento de apoio ao sector primario. Hoxe máis ca nunca é imprescindible —vostede o comentaba— contar cunha posición firme ante unha proposta da PAC que nace profundamente equivocada e que supón un risco real para Galicia e para o conxunto de Europa.

O novo modelo que se está poñendo enriba da mesa rompe ese equilibrio da PAC; o equilibrio do que tanto presumiamos e do que falabamos durante estes últimos anos. Recórtanse os orzamentos —vostede dicíao tamén— nun 20 por cento, dilúense as políticas de desenvolvemento rural e desaparece na práctica —tamén o comentaba vostede aquí, e é importante recalcalo— o segundo pilar, que era clave para apoiar investimentos, servizos no territorio e, sobre todo, a incorporación de mozos ao campo, ferramenta indispensable. Todos sabemos —vostede mesma o comentaba— que sen relevo xeracional, señorías, non hai futuro no rural.

E, mentres se recorta o que funciona, ábrense portas a modelos que incrementarán as desigualdades entre territorios, poñendo en desvantaxe comunidades como Galicia, cunha realidade agraria e forestal marcada por minifundio e a dispersión na orografía. Non se pode defender unha PAC que trate igual o desigual.

Pero a preocupación vai máis aló. Unha PAC feble tamén significa —vostede o comentaba— menor produción europea, máis dependencia do exterior, prezos inestables e menos seguridade alimentaria.

Señorías, o futuro decídese agora, e Galicia, con solvencia e con argumentos...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

MIGUEL ÁNGEL VISO DIÉGUEZ: ...terá que seguir traballando.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica do Goberno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas, presidenta, de novo.

Remataba a miña intervención anterior dicindo que o Goberno de España debe de ser firme na defensa do modelo da PAC existente. Estamos un pouco desconcertados coa súa postura



porque, aínda que expresa rexeitamento ao recorte e busca esa estrutura similar á xa existente, segundo acordamos todas as comunidades autónomas por unanimidade, o Ministerio debe actuar dun xeito máis firme. A falta de concreción e de mecanismos de compensación específicos debilita a capacidade negociadora e non garante a protección efectiva para Galicia. Actualmente, o Goberno español está negociando contido do articulado dos futuros regulamentos comunitarios do novo modelo do fondo único a través do Ministerio de Hacienda, e a nova PAC a través do Ministerio de Agricultura, pero non está informando as comunidades autónomas dos resultados desas negociacións parciais nin das seguintes medidas. Hai escurantismo e poucas certezas sobre esas conversas.

Necesítase un compromiso máis firme, con cifras claras, salvagardas para a nosa rexión e políticas que aseguren o relevo xeracional e a cohesión rural.

O Goberno de Galicia exige ao Estado español adoptar unha oposición contundente e coordinada. Galicia rexeita con firmeza o novo modelo da política agraria común porque desprotexe —como digo— os agricultores e gandeiros, ao exixir un cofinanciamento maior; debilita o desenvolvemento rural e o relevo xeracional, e pon en risco a nosa soberanía alimentaria. Esta proposta elimina a estrutura deses dous piares e recorta os fondos, o cal é especialmente grave para Galicia, onde o minifundio, a dispersión da poboación e a dependencia do sector primario requiren esa atención específica e diferenciada.

Desde Galicia, trabállase con unidade e decisión para defender os intereses do noso campo. A Xunta xa expresou a súa fonda preocupación, e nós seguiremos a insistir. Onte mesmo, na Conferencia Sectorial trasladeille ao ministro Planas que precisamos financiamento suficiente e fondos diferenciados para o medio rural galego, antes de seguir avanzando nunhas negociacións que non sabemos moi ben como están a transcorrer.

Ademais, queremos impulsar unha fronte común co sector primario, sumando agricultores, gandeiros, cooperativas para presentar unha posición conxunta ante Madrid e Bruxelas. E volveremos a Bruxelas reclamar esa PAC con dous piares, con fondos suficientes, que necesita Galicia. Exiximos manter as axudas dos actuais dous piares da PAC, garantir —como digo— ese financiamento suficiente cun sobre específico para todas esas axudas e mecanismos de compensación que respecten as particularidades galegas.

Non podemos aceptar unha PAC que ignore a realidade de Galicia nin que poña en perigo o futuro do noso rural.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas. Rematou o seu tempo. *(Aplausos.)*

Vamos coa última pregunta da orde do día.

Pregunta da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación en que están as concentracións parcelarias no concello de Agolada

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta e, por tempo de tres minutos, ten a palabra a señora Ariadna Fernández.



ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Bos días, señorías.

Conselleira, eu imaxino que vostede nos últimos vinte anos fixo unha chea de cousas no eido laboral —tamén lle digo que agardamos que con máis sorte que o está facendo agora—. Fálolle dos últimos vinte anos porque hai exactamente dúas décadas que as persoas que hoxe están na tribuna e na sala Domingo Fontán están agardando por unhas concentracións parcelarias en Agolada.

E veñen para avanzar no proceso, despois de reunirse cunha chea de xente, unha chea da súa xente; como foi, por exemplo, o director xeral de Agader, a seguinte directora xeral de Agader, a seguinte á seguinte directora xeral de Agader, o conselleiro de Medio Rural —ben, o conselleiro anterior polo menos foi ata alí—, o señor Luis López ou o presidente da Xunta, ao que lle solicitaron unha reunión e non foi ata alí tampouco. E a última á que lle escribiron foi a vostede, de quen tampouco teñen resposta dende hai un ano ata agora; imaxino que porque vostede terá moita correspondencia. E non lles respondeu nin foi ata alí —como xa digo— a pesar de que a semana pasada estivo a dez quilómetros escasos.

E, mire, hai un refrán que di que o que agarda polo que vén de fóra, agarda polo que vén tarde e chega sen hora. É precisamente así cando se agarda no rural polo Partido Popular, e iso sábeno moi ben os veciños de Agolada, especialmente uns deles, que son os veciños do Sexo, tamén afectados polo atraso das concentracións parcelarias. Tamén están hoxe aí na tribuna, e este pasado verán, agardando por vostede e polos medios de extinción, case arden dentro das súas casas. E non arderon porque saíron eles mesmos loitar contra o lume. *(Aplausos.)*

Eu non sei, señora conselleira, se coñece a axenda das parcelarias de Agolada; voulle facer unha pequena escolma. Mire, hai 23 anos iniciouse o procedemento, e promoveuse o estudo de impacto ambiental. Declarouse a avaliación de impacto ambiental favorable no 2009, e, dende aquela, dende hai 15 anos, levan agardando todos e todas os interesados. Despois de prometerlles volver e non aparecer, de adiar reunións, de ir alá só cando saen na prensa, de prometer axilizalo, de que o anterior conselleiro fose pasear por Agolada, de facerllas recoller sinaturas por enésima vez; ¡despois de todo iso!, pasaron 20 anos, estamos a finais de 2025, e as concentracións parcelarias de Agolada están sen facer.

E a pregunta xa non é se cre vostede que trata de xeito xusto os veciños e as veciñas, que é que non. A pregunta é: ¿comprométese vostede a decretar as parcelarias de Agolada hoxe aquí neste pleno, si ou non? Se non, reúnase con eles e dígalles por que. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten novamente a palabra a señora conselleira do Medio Rural.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidenta.

A Consellería do Medio Rural entende perfectamente que as veciñas e veciños de Agolada esperen con interese a declaración definitiva das súas concentracións parcelarias, e por iso se foron mantendo informados.



Señora Fernández, eu agardo que vostede defenda coa mesma vehemencia coa que o fai agora aquí eses fondos de cohesión que están correndo perigo e cos que se pagan, por exemplo, as reestruturacións parcelarias. Eses fondos están perigando. Eu agardo que vostede en Madrid tamén lle exixa ao Goberno central que defenda que os fondos da Unión Europea sexan suficientes para seguir traballando no desenvolvemento rural de Galicia. *(Aplausos.)*

Durante os anos 2023 e 2024, a Xunta impulsou un importante avance neses expedientes abertos dese concello, coa licitación e execución dos estudos previos de iniciación de tres zonas de concentración parcelaria en Agolada: Agra, o Sexo e Val de Sangorza; a Vaíña, Berredo e Hórrea; e Basadre, Eidian e Ramil. Infórmoos de que estes estudos superaron satisfactoriamente os procesos de avaliación e foron sometidos a información pública no *Diario Oficial de Galicia* sen recibir ningunha alegación, o que confirma que os interesados están informados e que o proceso se desenvolve con normalidade e aceptación social.

Cómpre lembrar as reunións informativas —como vostede mencionou— mantidas con veciños, ás que asistiron —á última delas, no 30 de outubro de 2024— a directora xeral de Desenvolvemento Rural, o director territorial e o equipo técnico de Pontevedra. Nela, expuxéronse os traballos realizados ata a data, explicáronse os perímetros das zonas e resolvéronse as dúbidas dos asistentes. Foi unha xornada de diálogo, de transparencia e participación, que reflicte o compromiso deste Goberno coa veciñanza e co territorio.

Na actualidade a situación é de total normalidade administrativa e técnica, como non podía ser doutro xeito. E, unha vez concluídos os estudos previos de iniciación e superado o trámite de información pública, esas tres zonas de Agolada atópanse xa á espera da declaración oficial de utilidade pública mediante decreto, que é o paso seguinte previsto na Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Non existe ningún impedimento nin técnico nin oposición dos organismos consultados, polo que si podo afirmar que eses procesos avanza con paso firme de cara a decretar esas tres concentracións parcelarias. *(Aplausos.)* A Xunta de Galicia segue comprometida co cumprimento dese obxectivo, coa vontade de que Agolada continúe a ser un concello pioneiro na modernización do seu territorio rural.

Máis nada polo de agora. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Fernández.

ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Tan, tan comprometido, señora conselleira, que os teñen esperando 25 anos, 25 anos. *(Aplausos.)* E o único impedimento que teñen é que non decretan as parcelarias, porque o poden facer.

Mire, ¿sabe que lle dixo un dos seus directores xerais a estes veciños destas parroquias cando foi alí? Que tiñan un problema de minifundismo, e que o desenvolvemento agrogandeiro da zona non era acorde coa calidade do terreo. Nesas parroquias, señora conselleira, hai 17.400



parcelas, 9 parcelas por hectárea. Son parroquias ribeiregas do Ulla —eu entendo que para o Ulla vostedes teñan outros plans— e son altamente produtivas. Hai proxectos de plantacións de castiñeiros, de maceiras, de oliveiras; hai explotacións de vacún, de leite, de carne porcina, de avicultura. E vostede tenos esperando 25 anos. Hai vida nesas parroquias de Agolada, pero non é grazas á Consellería do Medio Rural, mal que lles pese. E, ¿sabe que lles dixo tamén ese director xeral? Díxolles, palabras textuais: «Eu vou cobrar igual, fáganse as parcelarias ou non». Eses son vostedes, señora conselleira; cobran igual, *(Aplausos.)* fáganse as parcelarias ou non.

Ese, señora conselleira, é o rural que vostede fomenta. Ese é o seu apoio ás explotacións, ese é o seu apoio ao relevo xeracional de Agolada e ese é o seu apoio a concellos pequenos que queren dispoñer das súas terras para os seus gandeiros, para as súas gandeiras e para os seus labregos. Así que, mire, non queira evitar a súa responsabilidade, cando o único que fan falta son 11 millóns de euros, dos cales nin sequera ten que poñer vostede a metade. E as persoas merecen sinceridade, que deixen de marear e de enganalos, que lles digan a verdade e que non lles vaian con promesas resesas, porque, aí arriba, hai xente que empezou este proceso con 55 anos e ten 75, ¡75 anos ten! Así que, ¿quen vai confiar en vostedes, señora conselleira?

¿Vai decretar ou non? *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidenta.

Señorías, din vostedes que hai desleixo da Administración, que se está a impedir o desenvolvemento do territorio. Pois teño que dicirlles unha vez máis que a realidade desmente esa afirmacións.

Agolada é un dos concellos máis avanzados en Galicia en materia de concentración parcelaria, e iso é un feito contrastable, por moito teatro que veña facer vostede aquí. Conta xa con 13 zonas concentradas que abranguen máis de 5.300 hectáreas, o que representa ao redor do 36 por cento da superficie total do municipio. De feito, sitúase no posto número 18 dos concellos galegos con maior número de zonas de concentración decretadas, e no posto 22 en canto á superficie concentrada, dun total de 157 concellos en toda Galicia. Iso demostra que Agolada leva décadas sendo un referente na modernización da súa estrutura agraria e que hoxe, lonxe de estar esquecido, é un dos lugares de Galicia onde máis se actuou neste ámbito. E isto non é casualidade; é o resultado dunha política constante e eficaz impulsada pola Xunta de Galicia que dotou a concentración parcelaria dun novo impulso, reducindo trámites burocráticos, dixitalizando procesos e incorporando ferramentas tan útiles como o Banco de Terras de Galicia, que facilita o uso produtivo das fincas. Grazas a esas melloras, acurtáronse os prazos, incrementouse a seguridade xurídica e avanzouse cara a un modelo máis profesional e eficiente.



Ademais, o incremento orzamentario constante permitiu finalizar decenas de zonas de concentración en toda Galicia, reorganizando milleiros de hectáreas e beneficiando milleiros de propietarios, o que se reflicte nun compromiso firme co rural. Hoxe, hai máis de 800 zonas concentradas rematadas que ocupan preto de 400.000 hectáreas en 157 concellos. É certo que, ás veces, xorden dificultades técnicas que poden atrasar os procesos; son cuestións complexas derivadas da propia natureza dos traballos de concentración que implican revisións, informes e garantías, pero tamén é certo que traballamos arreo para que se solventen do mellor xeito posible.

Por todo isto, señorías, é falso falar de abandono de Agolada. O Goberno galego está a actuar con responsabilidade e planificación, acompañando os veciños e veciñas paso a paso no proceso ata a súa declaración definitiva por decreto. En resumo, o Goberno galego está a actuar con responsabilidade para que os procesos se desenvolvan con todas as garantías legais e técnicas e, a respecto das concentracións de Agolada, hai o firme compromiso de decretalas en canto estea a tramitación lista; non porque veña vostede aquí montar esta algarabía, senón porque o Goberno galego está a traballar niso. *(Aplausos.)*

O obxectivo é que as concentracións parcelarias se decreten e que cheguen a bo porto, converténdose nun verdadeiro motor de desenvolvemento económico e fixación da poboación no medio rural.

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas

Esta —como dixen— era a última pregunta que figuraba na orde do día, e, por conseguinte, damos por rematado o pleno.

Bo proveito a todos e todas.


Remata a sesión ás tres e sete minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Amigo Díaz, María Encarnación	P	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Arias Rodríguez, Raquel	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Barreiro Sánchez, Enrique	P	43. Pérez López, Noelia	P
6. Bouza Manso, Aitor	S	44. Pérez Millares, María Magdalena	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado del Río, Paula	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Queixas Zas, Mercedes	BNG
13. Chao Rivas, Saleta	BNG	51. Ríos Santomé, Paulo	BNG
14. Castro Rey, Paloma	S	52. Rodil Fernández, Olalla	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Conde, Ángel	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez González, Román	P
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez Martínez, Roberto	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Pérez, Moisés	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereja Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

